



# CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

## RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día trinta e un de xaneiro de dous mil oito, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRINTA E UN DE XANEIRO DE DOUS MIL OITO.

José Luís Maceda Vilariño  
Manuel González Moreira  
José Luís Rodríguez Franco  
Adoración Fernández González  
María Montserrat Macía Quiroga  
Javier González González  
José Antonio García Pérez  
Javier Castro Camino  
Marisol Vázquez Salgado

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte horas e trinta minutos do día trinta e un de xaneiro de dous mil oito, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia nove, para celebrar sesión extraordinaria do pleno do Concello.

Non comparecen os Concelleiros José Antonio Álvarez Sánchez e Oliva Eva López González.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

### ORDE DO DÍA:

#### **1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

O Alcalde explica ós concelleiros o motivo da urxencia por mor de que rematan os prazos para solicitar as achegas que se inclúen no punto segundo e que retira o punto terceiro.

Por unanimidade se acorda ratifica-la urxencia a a orde do día.

#### **2º.- SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vistas as necesidades de prestación de servizos do Concello, e a liña de subvención establecida pola Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, propoño a adopción do seguinte acordo:

1.- *Aproba-lo proxecto de servizos a incluír no Programa de Cooperación para dous mil oito co resume que se indica:*

<i>Servicio</i>	<i>Nº.</i>	<i>Subvención Xunta</i>	<i>Achega Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
<i>Brigada Municipal de obras</i>	<i>5</i>	<i>87.568,92</i>	<i>3.830,28</i>	<i>91.399,20</i>
<i>Axuda no fogar 2008</i>	<i>2</i>	<i>26.639,28</i>	<i>2.373,60</i>	<i>29.012,88</i>
<i>Animador sociocultural</i>	<i>1</i>	<i>19.340,28</i>	<i>457,80</i>	<i>19.798,08</i>
<i>Técnico medioambiental 2008</i>	<i>1</i>	<i>26.639,28</i>	<i>1.100,04</i>	<i>27.739,32</i>
<i>Total</i>	<i>9</i>	<i>160.187,76</i>	<i>7.761,72</i>	<i>167.949,48</i>

2.- Solicitar da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia ó abeiro da orde de 17 de decembro de 2007 (D.O.G. número 33/2004 de 17 de febreiro) unha achega por un total de cento sesenta mil cento oitenta e sete euros con setenta e seis céntimos (160.187,76 €) aceptando integramente as condicións que se indican na expresada orde e as que no seu caso se sinalen na resolución pola que se conceda a subvención.

3.- Comprometerse a financiar os custos dos servizos non subvencionados pola Consellería e que se expresan no proxecto de servizos aprobado.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

O concello ten previsto o acondicionamento e recuperación do casco antigo da capitalidade. A primeira actuación deste campo debe ser na praza da Condesa, entorno que compre recuperar. A tal fin, e vista a liña de subvención establecida pola Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, propoño a adopción do seguinte acordo:

1.- Aproba-lo anteproxecto de Rehabilitación da praza da Condesa e o seu entorno elaborado polo arquitecto municipal e as obras a realizar.

2.- Aproba-la financiación das obras de acordo co detalle que sigue:

<i>Obra</i>	<i>Achega Xunta</i>	<i>Achega Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
<i>Rehabilitación da praza da Condesa e o seu entorno</i>	<i>72.885,12</i>	<i>18.221,28</i>	<i>91.106,40</i>

3.- Solicitar da Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia ó abeiro da orde de 28 de decembro de 2007 unha achega por un total de setenta e dous mil oitocentos oitenta e cinco euros con doce céntimos (72.885,12 €) aceptando integramente as condicións que se indican na expresada orde e as que no seu caso se sinalen na resolución pola que se conceda a subvención.

4.- Comprometerse a financiar os custos das obras non subvencionados pola Consellería e que se expresan no proxecto de servizos aprobado.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte horas e corenta e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a tres de marzo de dous mil oito.

v. e pr.

O Alcalde,



# CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

## RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día once de febreiro de dous mil oito, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA ONCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL OITO.

José Luís Maceda Vilaríño  
Manuel González Moreira  
José Luís Rodríguez Franco  
Adoración Fernández González  
María Montserrat Macía Quiroga  
Javier González González  
José Antonio García Pérez  
Marisol Vázquez Salgado  
José Antonio Álvarez Sánchez

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día once de febreiro de dous mil oito, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilaríño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia nove, para celebrar sesión extraordinaria do pleno do Concello.

Non comparecen os Concelleiros Javier Castro Camino e Oliva Eva López González .

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

### ORDE DO DÍA:

#### 1.- SORTEO DAS MESAS ELECTORAIS.

Convocadas eleccións Xerais a celebrar o vindeiro día 9 de marzo, e consonte ó disposto a lexislación electoral, procédese polo Concello ó sorteo, entre os electores que para cada caso reúnen as condicións esixidas, daqueles que formarán parte das mesas electorais do Concello como Presidentes ou Vocais, e dos seus suplentes. Utilízase un sistema informático que realiza a selección dos electores segundo niveis de estudos sobre unha copia en soporte magnético do Censo Electoral facilitada polo I.N.E., realizando un sorteo aleatorio entre os electores seleccionados.

O resultado do sorteo é o seguinte:

	Cargo	1º. Apelido	2º. Apelido	Nome	D.N.I.
1	Presidente/a	Gomez	Rodríguez	José	34248343D
1	1º. Vocal	Canay	Rúa	Susana	76720171Z
A	2º. Vocal	Prieto	Lorenzo	Natalia	76913218E
	Presidente/a 1º. suplente	Hiebra	Somoza	Ramón	33804846K
	Presidente/a 2º. suplente	Martín	Fernández	Eva María	13981703A
	1º. Vocal 1º. suplente	Díaz	Casanova	Breogán	34272982S

	<b>Cargo</b>	<b>1º. Apellido</b>	<b>2º. Apellido</b>	<b>Nome</b>	<b>D.N.I.</b>
	1º. Vocal 2º. suplente	Pol	Pardo	Jaime	76622588C
	2º. Vocal 1º. suplente	Álvarez	Pérez	Concepción	34249550C
	2º. Vocal 2º. suplente	Díaz	Franco	Francisco	34267162Z
	Presidente/a	González	González	Alberte	34257720W
	1º. Vocal	Enríquez	Fontal	Raúl	34252185X
	2º. Vocal	Rivera	López	Óscar	34254751T
1	Presidente/a 1º. suplente	Macía	Roman	María Carmen	36104143P
1	Presidente/a 2º. suplente	García	Castro De	Luís Ángel	34265861R
B	1º. Vocal 1º. suplente	Rodríguez	Ferreiros	Isabel	34268857F
	1º. Vocal 2º. suplente	López	Macía	Paz	34258325D
	2º. Vocal 1º. suplente	Pol	Pardo	Carmen	34266383V
	2º. Vocal 2º. suplente	Fontal	Vázquez	Luz Divina	34260373X
	Presidente/a	Gonzalez	Diaz	Pablo	34268238d
	1º. Vocal	Pozo	Rodriguez	Ramiro	34258115y
	2º. Vocal	Castro	Prieto	M. Eulalia	34259783h
1	Presidente/a 1º. suplente	Rivera	Alvarez	Manuel	34261823b
2	Presidente/a 2º. suplente	Varela	Sanmartin	Nuria	34269059w
A	1º. Vocal 1º. suplente	Rodriguez	Lopez	Maria del Carmen	34251781c
	1º. Vocal 2º. suplente	Olmo	Gonzalez	Ines	34268583d
	2º. Vocal 1º. suplente	Vazquez	Lopez	Berta	36044742q
	2º. Vocal 2º. suplente	Carballeira	Gonzalez	Manuel	34261807h
	Presidente/a	Patiño	Quintero	Lisette María	34274391K
	1º. Vocal	López	Macía	Manuel	34252143Z
	2º. Vocal	Vega	Fernández	Manuel	34257462C
1	Presidente/a 1º. suplente	Martínez	López	María Ángeles	34255444A
2	Presidente/a 2º. suplente	Sanmartín	Menéndez	Ana	34266627P
B	1º. Vocal 1º. suplente	Casanova	Vila	María del Carmen	34270088L
	1º. Vocal 2º. suplente	Franco	Veiga	Josefa	34247864J
	2º. Vocal 1º. suplente	Macía	Díaz	Juan Carlos	76622934K
	2º. Vocal 2º. suplente	Rodríguez	López	M. Magdalena	34257710S
1	Presidente/a	Conde	Fernández	Anastasia	33809649V
2	1º. Vocal	Rodríguez	Lois	Vanesa	34270980Z
C	2º. Vocal	Álvarez	Aira	Marina	34252693N

	<b>Cargo</b>	<b>1º. Apelido</b>	<b>2º. Apelido</b>	<b>Nome</b>	<b>D.N.I.</b>
	Presidente/a 1º. suplente	Méndez	Hiebra	María Belén	34260294T
	Presidente/a 2º. suplente	Frean	Reboiro	María José	76618641Y
	1º. Vocal 1º. suplente	Chousa	Zarauza	Jesús	34248951L
	1º. Vocal 2º. suplente	Peralta	Casas	Antonio	34256820E
	2º. Vocal 1º. suplente	Armesto	Sanmartín	Alejandro Luís	34262286Z
	2º. Vocal 2º. suplente	Méndez	Hiebra	Rosendo	34251002T
	Presidente/a	Parada	González	Luís Carlos	34261741K
	1º. Vocal	Rodríguez	López	Santiago	34263443K
	2º. Vocal	Pérez	Sánchez	José Manuel	76622721S
1	Presidente/a 1º. suplente	Páez	Parada	Antonio	34240969H
2	Presidente/a 2º. suplente	Parada	Valcarcel	José Luís	34249070T
D	1º. Vocal 1º. suplente	Besteiro	Castaño	José	34249860P
	1º. Vocal 2º. suplente	Docasar	Núñez	José Manuel	34254140X
	2º. Vocal 1º. suplente	Expósito	Vizcaíno	Ovidio	34248428W
	2º. Vocal 2º. suplente	Rodríguez	Rodríguez	Sara	34255417E

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as dez horas do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a vintenove de febreiro de dous mil oito.

v. e pr.

O Alcalde,



# CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

## RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vintenove de abril de dous mil oito, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTENOVE DE ABRIL DE DOUS MIL OITO.

José Luís Maceda Vilariño  
Manuel González Moreira  
José Luís Rodríguez Franco  
Adoración Fernández González  
María Montserrat Macía Quiroga  
Javier González González  
José Antonio García Pérez  
Javier Castro Camino  
Marisol Vázquez Salgado  
José Antonio Álvarez Sánchez  
Oliva Eva López González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vintenove de abril de dous mil oito, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia once, para celebrar sesión ordinaria do pleno do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

### ORDE DO DÍA:

#### 1.- PARTE DISPOSITIVA:

##### **1.01º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.**

O portavoz do grupo Popular manifesta que non se celebrou o Pleno ordinario do mes de febreiro polo que levamos 4 meses sen plenos. Que falta vontade democrática porque as cousas hai que falalas no pleno e se non se celebran se limita a acción política da oposición. Engade que os responsables son o Alcalde e o Grupo de Goberno por non convocalos, e do Secretario por non velar polo cumprimento do acordado.

O Alcalde responde que no mandato anterior do grupo Popular deixaron de celebrarse moitos Plenos ordinarios, habendo algún ano que só se celebraron 3 e pasando máis de seis meses sen celebrarse, engade que en todo caso houbo plenos extraordinarios.

O portavoz do grupo Popular di que el non se responsabiliza do anterior e que en todo caso o seu grupo pode anular este pleno por haber pasado catro meses. Reitera a súa petición feita en plenos anteriores relativa ós locais para os grupos políticos.

+ Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día vinteito de decembro de dous mil sete.

+ Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día trinta e un de xaneiro de dous mil oito tras modificar o erro que se indica:

No punto 2º da orde do día, onde di:

1.- *Aproba-lo proxecto de servicios a incluír no Programa de Cooperación para dous mil oito co resume que se indica:*

<i>Servicio</i>	<i>Nº.</i>	<i>Subvención Xunta</i>	<i>Achega Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
<i>Brigada Municipal de obras</i>	<i>5</i>	<i>83.303,76</i>	<i>3.830,28</i>	<i>87.134,04</i>
<i>Axuda no fogar 2008</i>	<i>2</i>	<i>26.639,28</i>	<i>2.373,60</i>	<i>29.012,88</i>
<i>Animador sociocultural</i>	<i>1</i>	<i>19.340,28</i>	<i>457,80</i>	<i>19.798,08</i>
<i>Técnico medioambiental 2008</i>	<i>1</i>	<i>27.664,80</i>	<i>1.100,04</i>	<i>28.764,84</i>
<i>Total</i>	<i>9</i>	<i>156.948,12</i>	<i>15.321,12</i>	<i>164.709,84</i>

2.- *Solicitar da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia ó abeiro da orde de 17 de decembro de 2007 (D.O.G. número 33/2004 de 17 de febreiro) unha achega por un total de cento cincuenta e seis mil novecentos corenta e oito euros con doce céntimos (156.948,12 €) aceptando integramente as condicións que se indican na expresada orde e as que no seu caso se sinalen na resolución pola que se conceda a subvención.*

Debe dicir:

1.- *Aproba-lo proxecto de servicios a incluír no Programa de Cooperación para dous mil oito co resume que se indica:*

<i>Servicio</i>	<i>Nº.</i>	<i>Subvención Xunta</i>	<i>Achega Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
<i>Brigada Municipal de obras</i>	<i>5</i>	<i>87.568,92</i>	<i>3.830,28</i>	<i>91.399,20</i>
<i>Axuda no fogar 2008</i>	<i>2</i>	<i>26.639,28</i>	<i>2.373,60</i>	<i>29.012,88</i>
<i>Animador sociocultural</i>	<i>1</i>	<i>19.340,28</i>	<i>457,80</i>	<i>19.798,08</i>
<i>Técnico medioambiental 2008</i>	<i>1</i>	<i>26.639,28</i>	<i>1.100,04</i>	<i>27.739,32</i>
<i>Total</i>	<i>9</i>	<i>160.187,76</i>	<i>7.761,72</i>	<i>167.949,48</i>

2.- *Solicitar da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia ó abeiro da orde de 17 de decembro de 2007 (D.O.G. número 33/2004 de 17 de febreiro) unha achega por un total de cento sesenta mil cento oitenta e sete euros con setenta e seis céntimos (160.187,76 €) aceptando integramente as condicións que se indican na expresada orde e as que no seu caso se sinalen na resolución pola que se conceda a subvención.*

+ Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día once de febreiro de dous mil oito.

### **1.02º.- RATIFICACIÓN DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día vinteito de xaneiro de dous mil oito que se indica a seguir, propoño a súa ratificación:

1.- *Alugar por prazo dun ano, prorrogable en anos sucesivos de non ser denunciado por algunha das dúas partes con tres meses de antelación, unha superficie de 1.300 m<sup>2</sup>. no lugar*

de Os Medos, terreos do polígono industrial a D. José Manuel Leiras Fernández con D.N.I. número 77.592.471 polo prezo total anual de dous mil cincuenta e nove euros con vinte céntimos (2.059,20 €).

2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día cinco de marzo de dous mil oito que se indica a seguir, propoño a súa ratificación:

1.- Nomear como representante na Asemblea Xeral da Caixa de Aforros de Galicia ó Alcalde D. José Luís Maceda Vilariño.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día cinco de marzo de dous mil oito que se indica a seguir, propoño a súa ratificación:

1.- Incluír no Plan Provincial de Cooperación ós Servizos de Competencia Municipal para 2008 a obra que se indica e coa financiación que se sinala:

Título	Achegas			Orzamento total
	Estado	Deputación	Concello	
Saneamento no núcleo de poboación de Pousa (Saa)	27.795,96	13.897,98	13.897,98	55.591,92

2.- Incluír no Plan Provincial de Cooperación ós Servizos de Competencia Municipal Complementario para 2008 a obra que se indica e coa financiación que se sinala:

Título	Achegas			Orzamento total
	Estado	Deputación	Concello	
Saneamento no lugar de Abaixo (Fornelas)	27.795,96	13.897,98	13.897,98	55.591,92

3.- Comprometerse en nome do Concello a achegar con cargo ó Orzamento Xeral de 2008 a cantidade que se sinala como achega municipal.

O portavoz do grupo Popular di que o orzamento lle parece escaso. Pregunta tamén polo P.O.S. de 2006 se rematou a súa execución.

A Tenente de Alcalde de Urbanismo responde que o proxecto e o orzamento o realizou un técnico e lle parece suficiente. O lugar de Pousa, entre outros é ideal para esta obra pola súa situación. Remata dicindo que a obra do P.O.S. 2006 está en execución e próxima a rematar.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día cinco de marzo de dous mil oito que se indica a seguir, propoño a súa ratificación:

1.- Solicitar á Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia unha achega por importe de vinte e tres mil novecentos noventa e nove euros con noventa céntimos (23.999,90 €) para o financiamento das seguintes actuacións en espazos públicos:

Obra	Achegas	Orzamento
------	---------	-----------



	<i>Consellería</i>	<i>Concello</i>	
<i>Acondicionamento do campo da festa de Oútara</i>	<i>8.987,06</i>	<i>2.246,77</i>	<i>11.233,83</i>
<i>Acondicionamento da praza pública da Ferreirúa</i>	<i>15.012,84</i>	<i>3.753,21</i>	<i>18.766,05</i>
<i>Total</i>	<i>23.999,90</i>	<i>5.999,98</i>	<i>29.999,88</i>

2.- Comprometerse a achegar para a execución das obras a cantidade de cinco mil novecentos noventa e nove euros con noventa e oito céntimos (5.999,98 €) equivalente ó 20% do orzamento.

3.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.03º.- CONVENIO COA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Os incendios forestais son uns dos principais problemas que ten o concello polo custo económico que supón o dano que producen, polo negativo impacto medioambiental que supoñen e mesmo polo risco que son para as persoas e as súas vivendas. Sen prexuízo de contar con medios para a súa extinción o fundamental é una política de prevención.

Xa o ano pasado se empezou una actuación preventiva de rozas. Compre pois continuar nesa liña de actuacións. Para eso, a Consellería de Medio Rural establece unha liña de axudas, polo que propoño ó Pleno que adopte o seguinte acordo:

1.- *Aproba-lo programa de actuacións a realizar para a prevención dos incendios forestais.*

2.- *Aproba-lo proxecto de convenio coa Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia coas cláusulas que figuran a seguir.*

3.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e expresamente para a sinatura do indicado convenio.*

#### **CLÁUSULAS:**

##### **PRIMEIRA. Obxecto.**

*O obxecto do presente convenio é acordar a participación e colaboración entre a Consellaría do Medio Rural e o Concello de POBRA DO BROLLÓN (A) para a realización de traballos de prevención e defensa contra incendios forestais en faixas de especial protección co obxecto de protexer especialmente o espacio rural e os núcleos de poboación fronte a estes sinistros.*

##### **SEGUNDA. Traballos a realizar**

*O concello comprométese á realización de traballos preventivos que diminúan a carga e a continuidade do combustible vexetal, mediante a xestión de biomasa existente nas áreas de especial protección, contribuíndo así a diminuír o risco de propagación de incendios forestais e a minimizar os danos causados por estes sinistros.*

*Os traballos consistirán principalmente na realización de rozas (mecanizadas ou manuais) a feito e selectivo, respectando os cultivos agrícolas e as especies vexetais protexidas pola lexislación vixente. Tamén se procederá á tala de especies arbóreas, segundo se regula no artigo 21.1.b) da Lei 3/2007, do nove de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais.*

*Estas actuacións abranguerán polo menos unha franxa de 100 metros arredor de calquera edificación, urbanización, obras, instalacións industriais ou eléctricas, situadas a menos de 400 metros do monte.*

*Seguirase, en todo caso, as indicacións que figuran no cadro anexo deste convenio. O prazo máximo para o remate dos traballos será o 15 de xuño de 2008.*

*TERCEIRA. Medios utilizados para a realización das tarefas preventivas.*

*A Entidade Local colaboradora poderá realizar as tarefas de prevención sinaladas no presente acordo con medios propios ou mediante a externalización do servizo con empresas do sector ou empresas públicas. En todo caso, comprométese pola súa conta a ter a maquinaria utilizada para estas labores en perfectas condicións mecánicas e de dotación, cumprindo coas obrigas administrativas correspondentes.*

*CUARTA. Zonas de actuación prioritaria. Identificación e delimitación.*

*O esforzo das actuacións contempladas no presente convenio debe priorizarse manexando criterios que atendan a riqueza do patrimonio forestal existente, a factores de risco potencial de incendios e á vulnerabilidade do territorio. Neste senso priorizaranse as actuacións nas Zonas de Alto Risco (ZAR) localizadas nos concellos que se relacionan no anexo I da Orde do 18 de abril de 2007 publicada no DOG do 24 de abril.*

*QUINTA. Coordinación nos traballos de protección*

*En función dos criterios recollidos na cláusula anterior, os traballos preventivos a realizar designaranse en función do Programa de Actuación presentado polo concello, que deberá concordar coa planificación preventiva do Distrito Forestal, e que será aprobado pola comisión de seguimento detallada na cláusula oitava do convenio.*

*Dada a natureza preventiva dos traballos contemplados no presente convenio, farase unha inspección previa á iniciación da obra polo técnico competente da Consellaría do Medio Rural para verificar as superficies e a viabilidade dos traballos.*

*SEXTA. Solicitudes e execución dos traballos*

*As actuacións a desenvolver nas faixas de especial protección poderá desenvolverlas o Concello, a iniciativa propia, ou ben previa solicitude do propietario. Os propietarios solicitantes beneficiados por esta actuación preventiva deberán colaborar economicamente na porcentaxe que determine o Concello.*

*SÉTIMA. Contratación de persoal polo concello*

*En caso de contratar persoal para estes traballos, este dependerá tanto xurídica como organicamente do concello e, en ningún caso, terá vínculo laboral coa Xunta de Galicia.*

*O concello deberá cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se retire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento das súas cláusulas.*

*OITAVA. Seguimento do Convenio*

*Co fin de velar pola execución do presente convenio, crearase unha comisión de seguimento presidida polo Delegado Provincial da Consellaría do Medio Rural (ou representante en quen delegue), un representante do concello e o Xefe do Distrito Forestal ou representante en quen delegue.*

*NOVENA. Dotación orzamentaria*

*Ao financiamento destas actuacións contribuirá a Consellaría do Medio Rural, o Concello de POBRA DO BROLLÓN (A) e os propietarios onde se realicen os traballos.*

*No que se refire á Consellaría do Medio Rural, as accións previstas neste convenio financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 11.06.551-B.760.0, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008. En relación co gasto público total, a porcentaxe de cofinanciación do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) é dun 57,56%.*

*Realizaranse estas actuacións polo menos en dez núcleos de poboación, sempre que no concello exista este número de núcleos.*

*A achega máxima anual da Consellaría do Medio Rural será de TRINTA E SEIS MIL EUROS (36.000 €) a razón de 800 €/ha de roza manual e de 288 €/ha de roza mecanizada.*

#### *DÉCIMA. Pagamentos*

*A Consellaría do Medio Rural procederá ao libramento das achegas do seguinte xeito:*

*Poderase librar un anticipo de ata un 20% do importe total da achega correspondente á Consellaría, mediante resolución motivada do Conselleiro do Medio Rural, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes ao convenio, segundo o previsto no regulamento 1974/2006 da Comisión, do 15 de decembro e de acordo coa lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e previo envío, por parte do concello, da seguinte documentación:*

*Constitución dunha garantía bancaria ou garantía equivalente que corresponda ao 110% do importe anticipado. Estas garantías poderán substituírse por unha garantía escrita do alcalde do concello, equivalente á porcentaxe especificada anteriormente, sempre que esta autoridade se comprometa a aboar o importe cuberto pola garantía en caso de que non se establecerá o dereito ao importe anticipado.*

*Nomes dos responsables do manexo da maquinaria e especificación do responsable e número de teléfono de contacto.*

*Matrícula da maquinaria, con especificación de que cumpre coas obrigas administrativas.*

*En caso de contratación de persoal: Nome do persoal contratado con especificación do responsable e número de teléfono de contacto e matrícula do vehículo todoterreo utilizado no seu caso, con especificación do cumprimento de todas as obrigas administrativas que correspondan (ITV, pólizas de aseguramento, etc.)*

*Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para esta mesma finalidade. No caso de non ter ningunha outra axuda, deberase presentar unha declaración de que so se percibe o importe deste convenio para esta finalidade (Resolución da Consellaría de Economía e Facenda do 30 de novembro do 1999, DOG n9 236, do 9 de decembro do 1999).*

*Comunicación de inicio das actuacións preventivas, asinada por autoridade ou funcionario municipal competente.*

*Para proceder ó pagamento final do convenio, deberase enviar a seguinte documentación:*

*Por parte do concello:*

*Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade; no caso de non ter ningunha axuda, deberán presentar unha declaración de que so se percibe este importe para esta finalidade (Resolución da Consellaría de Economía e Facenda do 30 de novembro de 1999, DOG nº 236 do 9 de decembro de 1999).*

*Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, da execución do gasto total do convenio e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda. No caso de que existan outras axudas deberase especificar a achega de todas as axudas e o gasto total do conxunto destas.*

*No caso de non terse acollido ao anticipo, deberase enviar a documentación á que fai referencia o apartado A. desta cláusula, excepto o referido á constitución da garantía.*

*Por parte da Consellaría:*

*Certificación expedida por un técnico do Distrito Forestal no que se enmarque o concello, da execución das obras realizadas conforme ao disposto na cláusula segunda, especificando os núcleos de poboación onde se traballou e o número de hectáreas realizadas en cada un deles.*

*Con esta certificación poderase modificar á baixa a cantidade comprometida no convenio, no caso de que se realice un número menor de unidades de obra das aprobadas ou de que as obras non foran executadas conforme ao previsto no convenio.*

*O prazo de presentación da documentación rematará:*

*No caso do primeiro pagamento: ao mes contado a partir do inicio do convenio.*

*No caso do derradeiro pagamento: 30 de xuño.*

*DÉCIMO PRIMEIRA. Actuacións de comprobación da inversión*

*O concello someterase as actuacións de comprobación que con respecto á xestión dos fondos do presente convenio pode efectuar a Consellaría do Medio Rural e as de control orzamentario requiridas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.*

*DÉCIMO SEGUNDA. Compatibilidade con outras axudas*

*As axudas concedidas no presente convenio serán incompatíbeis con calquera outra de réxime comunitario para a mesma finalidade.*

*Así mesmo no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.*

*DÉCIMO TERCEIRA. Reintegros*

*Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.*

*O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio, así como a concorrencia dalgunha das causas de reintegro recollidas no artigo 33 da Lei 9/2007, darán lugar ao reintegro total ou parcial da axuda recibida.*

*No caso de que exista unha minoración do gasto por calquera das causas anteriores, correspóndelle esta minoración á achega efectuada pola Consellaría do Medio Rural.*

*DÉCIMO CUARTA. Interpretación*

*A Consellaría do Medio Rural, interpretará o clausurado e resolverá as diverxencias que puideran acaecer, así como as dúbidas ou calquera outra incidencia que se derive do cumprimento do disposto no presente convenio.*

*DÉCIMO QUINTA. Rescisión do convenio*

*Será motivo de rescisión do presente convenio, o incumprimento das súas cláusulas mediante denuncia de calquera das partes, oída a comisión á que se refire a cláusula novena procedéndose ao reintegro da axuda percibida e dos xuros de demora, segundo o disposto no Título II da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*DÉCIMO SEXTA. Natureza do convenio*

*O presente convenio ten natureza administrativa e todas as cuestións que del se deriven, resolvense ante a xurisdicción contencioso-administrativa.*

*En todo o non previsto neste convenio, estarase ao disposto na lei 9/2007, de subvencións de Galicia, na lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais, no Regulamento (CE) 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no regulamento (CE) 1974/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1698/2005 e no Regulamento (CE) 1975/2006, da Comisión do 7 de decembro polo que se esta-*

*blecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.*

*DÉCIMO SÉTIMA. Vixencia.*

*O presente convenio manterá a súa vixencia máxima ate o día 30 de xuño de 2008.*

O portavoz do grupo Popular di que xa houbo un convenio pioneiro o ano pasado e que á vista das diferencias entre ambos non está seguro de que se chegará para as hectáreas que se queren rozar.

O Alcalde responde que foi deseñado por profesionais, e que en todo caso as rozas hai que facelas, polo que a opción é se facemos ou non as rozas. De facelas, o convenio é unha achega á que non se pode renunciar, xa que de non tela, o gasto para o concello é maior.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

#### **1.04º.- CONVENIO CO CONCELLO DE MONFORTE SOBRE EDUCADOR SOCIAL.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

En ocasións o concello precisa contar cos servizos dun educador/a social para o que solicita a colaboración do concello de Monforte de Lemos quen envía á Pobra do Brollón o persoal especializado do que dispón.

Para regular esta colaboración, e definir claramente os custos que o concello debe asumir, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo convenio a asinar entre os concellos de Monforte de Lemos e da Pobra do Brollón para a prestación do servizo de Educación Social segundo as estipulacións que se sinalan a seguir.

2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a sinatura de dito convenio.

*Estipulacións:*

*Primeira: O presente Convenio ten por obxecto plasmar as condicións polas cales se levará a cabo a colaboración entre as partes asinantes en todas aquelas materias que afecten á prevención.*

*Segunda.- Para levar a cabo o obxecto do presente Convenio, as partes asinantes comprométese ó seguinte:*

*O Concello de Monforte de Lemos enviará a unha Educadora Social no Servizo de Drogodependencias para realizar as accións de prevención detalladas no segundo exposto.*

*O Concello da Pobra do Brollón comprométese a sufragar tódolos gastos de desprazamento, realizados pola Educadora Social, desde o Concello de Monforte de Lemos ata o Concello da Pobra do Brollón.*

*Do mesmo xeito, o Concello da Pobra do Brollón comprométese a sufragar tódolos gastos orixinalos pola Educadora Social como consecuencia dos servizos prestados no Concello da Pobra do Brollón.*

*A principio de cada curso escolar a Educadora consensuará co Concello interesado o número de desprazamentos e datas para cada curso escolar.*

*Terceira.- As partes asinantes subministraranse información e prestaranse apoio nas materias obxecto do presente Convenio.*

*Cuarta.- O presente Convenio terá unha vixencia dende o día da súa firma ata o 31 de decembro de 2008, prorrogándose automaticamente por períodos anuais, salvo denuncia de algunha das partes formulada cunha antelación mínima dun mes á terminación dun dos períodos.*

*Quinta.- O presente Convenio ten unha natureza administrativa, e queda excluído do ámbito de aplicación da Lei de Contratos das Administracións Públicas, tal como establece o seu artigo 3.1. c).*

*Será de aplicación a este Convenio o réxime xurídico establecido na Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así como da específica aplicable ó caso.*

*As discrepancias surxidas sobre a interpretación, desenvolvemento, modificación, resolución, efectos e extinción que puideran derivarse da aplicación deste Convenio deberán solventarse por acordo entre as partes. Se non chegaran a un acordo, os Xulgados do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, serán os únicos compoñentes e, ambas partes, sométense expresamente ós mesmos.*

*Sexta.- O presente Convenio non conleva máis gastos que os estipulados na cláusula segunda, sendo por conta do Concello de Monforte de Lemos ó pago das retribucións da Educadora Social, e por conta do Concello da Pobra do Brollón os restantes gastos orixinados como consecuencia das accións realizadas pola Educadora Social no Concello da Pobra do Brollón.*

*E en proba de conformidade, asíñase o presente Convenio, por triplicado, no lugar e data arriba indicados.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.05º.- CONVENIO SOBRE A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.**

Dáse conta da seguinte proposta da primeira Tenente de Alcalde dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

*Unha das obrigas que o concello asume e potenciar o uso da lingua galega e a súa normalización. Para aplicar esta política, proponho ó Pleno que adopte o seguinte acordo:*

*1.- Aprobar o convenio coa Mesa pola Normalización lingüística de acordo coas seguintes cláusulas.*

#### **EXPOÑEN**

*Que a promoción do uso do galego en todos os ámbitos da vida social é un obxectivo primordial polo que é necesaria a colaboración entre diferentes colectivos, asociacións e administracións para que isto sexa unha realidade.*

*Que a Mesa pola Normalización Lingüística é unha entidade sen fin de lucro creada co obxectivo de promover o uso do galego e a súa normalización en toda a sociedade, para o que realiza tamén campañas e programas en diversos sectores.*

*Que os fins de A Mesa pola Normalización Lingüística son:*

- 1. Normalizar e promover a normalización da lingua galega en todos os ámbitos da sociedade galega nos que non se acadase o uso pleno.*
- 2. Velar porque o uso da lingua se manteña naqueles ambientes nos que ten un uso normalizado.*
- 3. Velar porque a incorporación que do uso da lingua se leve a cabo, se manteña e non sufra retrocesos.*
- 4. Defender e velar porque se respecte o dereito ao uso individual e colectivo da lingua galega.*
- 5. Coidar de que o idioma non se deteriore.*

*Que os fins das dúas entidades son coincidentes nesta materia polo que consideran de interese para ambas a colaboración en proxectos concretos, ampliando así as súas posibilidades de actuación e a incidencia social das propostas.*

*E con base nestas consideracións*

## ACORDAN

### PRIMEIRO

O Concello da Pobra do Brollón faise socio-colaborador da Mesa pola Normalización Lingüística, contribuíndo con **300,00 €** no ano 2008, contía que fará efectiva na conta que lle indique a Mesa. A forma de pagamento será contra factura emitida pola Mesa pola Normalización Lingüística do cincuenta por cen á sinatura do presente convenio e do restante cincuenta por cen á presentación da memoria das actividades realizadas.

### SEGUNDO

Por ser socio-colaborador o Concello:

- Poderá usar a imaxe de “socio-colaborador da Mesa” naqueles lugares onde considere oportuno.
- Terá preferencia na asistencia a calquera tipo de evento organizado pola asociación.
- Terá un desconto dun 10% na adquisición de material da Mesa e da revista LongaLingua, que edita a asociación.
- Recibirá o material que A Mesa edite nas súas campañas.

### TERCEIRO

A Mesa pola Normalización Lingüística comprométese a colaborar no proceso de normalización do concello realizando tarefas de asesoramento e subministrando a información que considere de interese para lograr os obxectivos.

### CUARTO

O Concello da Pobra do Brollón e A Mesa pola Normalización Lingüística desenvolverán conxuntamente as seguintes campañas de galeguización, para sensibilizar e impulsar a normalización en determinados sectores do concello:

**1. Atención á cidadanía.** A Mesa porá en marcha a **Liña do Galego**. Este servizo tramitará todo tipo de queixas relacionadas cos dereitos lingüísticos, atenderá dúbidas sobre dereitos e deberes a respecto do uso do galego e sobre trámites vinculados con estas cuestións (galeguización de nomes e apelidos, etc).

#### **2. Administración municipal.**

- campaña sobre o dereito lingüísticos dos cidadáns ante a administración.
- charlas dirixidas a traballadores e traballadoras municipais.

A Mesa presenta esta campaña para ser lanzada xunto con outras actividades de formación do funcionariado. A Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público, sinala que os cidadáns e cidadás teñen dereito a ser atendidos oralmente en galego en calquera administración ou empresa pública, por iso a iniciativa é tanto sensibilizadora dos traballadores e traballadoras do Concello como do conxunto da cidadanía, para que sexa consciente dos seus dereitos lingüísticos.

**3. Turismo e hostalaría.** Coa campaña **EN GALEGO, A PEDIR DE BOCA** quérese difundir a lexislación lingüística referente ao uso do galego en restaurantes e das cafetarías de Galiza. O decreto 8/2007 establece a obriga de que estes establecementos oferezan á súa clientela a información en galego. Este decreto apenas é coñecido, polo que A Mesa considera de vital importancia a súa difusión entre os empresarios afectados pola normativa para o seu cumprimento. Preténdese acompañar esta información de recursos que faciliten o cumprimento da normativa e que favorezan unha idea positiva desta lexislación ante quen a ten que pór en práctica.

*A Mesa encargárase de informar e asesorar aos establecementos sobre esta norma legal, e ofertará un servizo gratuíto de tradución dos menús. Para cada concello participante na campaña, A Mesa organizará en colaboración co concello unha xornada de formación sobre o programa.*

### **Calendario**

*A campaña levarase a cabo durante todo o ano.*

### **QUINTO**

*O Concello acepta de antemán a posibilidade de que a Mesa obteña a colaboración doutras entidades que, pola súa parte, contribuirán á ampliación das campañas co financiamento económico que corresponda.*

### **SEXTO**

*En todos os materiais editados, así como nos actos de presentación ou noutros que se realicen, farase constar sempre a participación das dúas entidades asinantes deste convenio. Para este efecto, no material que se difunda constarán os sinais de identidade do Concello.*

*Do mesmo xeito, e en caso de que se acaden outras colaboracións, deberán aparecer tamén reseñadas.*

*De acordo con isto, o Concello da Pobra do Brollón e a Mesa pola Normalización Lingüística estarán presentes en igualdade de condicións nas presentacións.*

### **SÉTIMO**

*A Mesa entregará ao Concello:*

*-exemplares de todo o material editado,*

*-unha **memoria anual** das campañas desenvolvidas,*

### **OCTAVO**

*O período de vixencia do presente convenio é un ano, podendo prorrogarse por acordo das dúas partes.*

*En proba de conformidade e para a debida constancia, asinan este acordo en dous exemplares e no lugar e data sinalados ao principio.*

**2.- Facultar á primeira Tenente de Alcalde para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a sinatura do convenio.**

A primeira Tenente de Alcalde explica o contido do convenio e as vantaxes que ten para o concello e o veciños.

O portavoz do grupo Popular di que a normalización lingüística partiu de Fraga, pero que non se debe persegui-lo castelán, senón aplicar o criterio de voluntariedade e aplicar a dobre rotulación.

A portavoz Socialista di que se deben de utilizar ámbalas dúas linguas pero primando o galego pola súa infrautilización.

O Alcalde di que o plan que aprobou Fraga serviu para pouco xa que cada vez se fala menos galego, o que supón un fracaso do plan.

O portavoz Popular di que o B.N.G. pretende subvencionar só os rótulos en galego.

A portavoz Socialista di que deben de coidarse e compatibilizarse ámbalas dúas linguas.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.06º.- DECLARACIÓN COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DO ENTROIDO DE SALCEDO.**



Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro Delegado de Cultura dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

*A festa con máis tradición e repercusión a nivel de toda a Comunidade Autónoma que se celebra no noso concello é sen dúbida o Entroido de Salcedo. Bailes de disfraces, disfraces de campo, morrión, madamas e danzantes son actividades ou personaxes recoñecidos en toda a comarca. O tradicional teatro, e non digamos o Oso teñen repercusión en toda Galicia e os medios de comunicación de ámbito galego, estando recollidos nas publicacións máis importantes sobre o entroido da comunidade. Mesmo recentemente o Oso alcanzou repercusión internacional, sendo xa varios os estudiosos e expertos europeos que viñeron a analízalo e mesmo o disfrazo que se viña empregando atópase exposto no museo que hai en Binche (Bélxica) que é o máis importante do mundo en carnaval e mascarada, estando recoñecido como patrimonio inmaterial da humanidade pola UNESCO.*

*Polo exposto, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:*

- Solicitar da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia a declaración do Entroido de Salcedo como festa de interese turístico.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

#### **1.07º.- DECLARACIÓN COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DA FEIRA DO VIÑO DE VILACHÁ.**

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro Delegado de Cultura dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

*Na parroquia de Vilachá, neste concello, se celebra dende hai dezasete anos unha feira do viño que cada vez destaca máis os seus elementos diferenciais respecto as do resto da comarca e mesmo de Galicia.*

*O marco no que se celebra, as tradicionais adegas de pedra semisoterradas nun entorno de carballos e outras árbores autóctonas, espazo recentemente mellorado en colaboración coa Xunta de Galicia, faina especial e diferente xa que logo os asistentes catan o viño non nunha carpa ou postos prefabricados, se non nas mesmas adegas, mentres grupos de música tradicional van tocando dunha en outra.*

*Polo exposto, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:*

- Solicitar da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia a declaración da Feira do Viño de Vilachá como festa de interese turístico.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

#### **1.08º.- SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da primeira Tenente de Alcalde dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Algúns veciños non obtiveron no seu día o graduado escolar que hoxe é fundamental para aspirar a calquera posto de traballo. Por outra parte aínda queda un grupo reducido sen alfabetizar, grupo que se incrementa na actualidade cos colectivos de inmigrantes procedentes tanto do leste como de África. Consonte co anterior propoño ó Pleno que adopte o seguinte acordo:

*1.- Aproba-la memoria das actividades de alfabetización e preparación para a obtención do graduado escolar a desenrolar neste ano.*

*2.- Solicitar da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia o abeiro da orde de 18 de xaneiro de 2008 (D.O.G. número 18/2008 de 25 de xaneiro) a financiación de ditas actividades aceptando integramente as condicións establecidas na citada orde e as que no seu caso se sinalen na resolución pola que se conceda a subvención.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da primeira Tenente de Alcalde dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

O coñecemento do inglés se fai cada vez máis imprescindible na sociedade moderna tanto polo incremento do turismo como polas cada día maiores relacións co exterior por mor da globalización. Consonte co anterior propoño ó Pleno que adopte o seguinte acordo:

1.- *Aproba-la memoria da actividade de inglés, atención ó público a desenrolar neste ano no concello.*

2.- *Solicitar da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia o abeiro da orde de 12 de marzo de 2008 (D.O.G. número 58/2008 de 26 de marzo) a financiación de dita actividade aceptando integramente as condicións establecidas na citada orde e as que no seu caso se sinalen na resolución pola que se conceda a subvención.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro Delegado de Muller dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Unha das políticas que o actual equipo de goberno quere aplicar é a que se refire á potenciación positiva da igualdade entre mulleres e homes. Así, para dar cumprimento ó plan de igualdade aprobado o pasado ano, está prevista a realización dunha serie de actividades para mellorar a percepción social sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, mellorar as condicións sociais e culturais de partida para as mulleres e fomentar a súa participación e fomentar a formación en igualdade e a corresponsabilidade da poboación infantil e xuvenil. Consonte co anterior propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aprobar o programa de actividades que se describe a seguir:*

<i>Actividade</i>	<i>Orzamento</i>
<i>Campaña de sensibilización e difusión dos recursos existentes para mulleres co fin de mellorar a percepción social sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes</i>	<i>325,00</i>
<i>Obradoiros de prevención para mellorar as condicións sociais e culturais de partida para as mulleres</i>	<i>1.200,00</i>
<i>Tempos de lecer: Actividades orientadas a fomentar a participación das mulleres a nivel social e cultural</i>	<i>4.474,00</i>
<i>Total</i>	<i>5.999,00</i>

2.- *Solicitar da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 17 de marzo de 2008 pola que se convocan achegas destinadas ás entidades locais de Galicia dirixidas a favorecer e dinamizar o compromiso coa igualdade de oportunidades de mulleres e homes, D.O.G. número 64/2008 de 3 de abril, unha achega polo 100% do orzamento aceptando integramente as condicións establecidas na citada orde e as que no seu caso se sinalen na resolución pola que se conceda a subvención.*

3.- *Nomear como representante, ós efectos previstos na indicada orde ó Concelleiro Delegado de Muller.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro Delegado de Cultura dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

*Vistas as máis urxentes necesidades das instalacións deportivas do concello, propoño a adopción do seguinte acordo:*

1.- *Aproba las memorias valoradas das actuacións que se indican e a realización das obras correspondentes:*

<i>Obra</i>	<i>Achegas</i>	<i>Total</i>
-------------	----------------	--------------

	Consellería	Concello	
<i>Dotación de vestiarios no campo de fútbol municipal</i>	61.932,75	15.483,19	77.415,94
<i>Acondicionamento da pista polideportiva de Vilachá</i>	16.103,64	4.025,91	20.129,55
<i>Total</i>	78.036,39	19.509,10	97.545,49

2.- Solicitar da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, o abeiro da orde de 5 de marzo de 2008 (D.O.G. número 50/2008 de 11 de marzo) unha achega por importe de setenta e oito mil trinta e seis euros con trinta e nove céntimos (78.036,39 €) correspondentes ó 80% da actuación, aceptando integramente as condicións de financiación que se indican na citada orde e as que no seu caso se establezan na resolución pola que se conceda a achega.

O portavoz do grupo Popular indica que está de acordo coa proposta pero que estiman que son moi necesarios tamén uns vestiarios para a pista de tenis da área recreativa.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro Delegado de Cultura dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

*Un dos servicios máis importantes que presta actualmente o Concello é o de información xuvenil.*

*Para poder manter en funcionamento este servizo e desenrolar as habituais actividades destinadas á xuventude, propoño a adopción do seguinte acordo:*

1.- Aproba-lo orzamento para o funcionamento da Oficina Municipal de Información Xuvenil no ano 2008 por un total de corenta e tres mil setecentos sete euros con oitenta e sete céntimos (43.707,87 €) segundo o orzamento que se detalla:

<i>Programa</i>	<i>Concepto</i>	<i>Gastos</i>	<i>Ingresos</i>
<i>O.M.I.X.</i>	<i>Persoal</i>	<b>14.114,47 €</b>	
	<i>Seguridade Social</i>	<b>4.950,40 €</b>	
	<i>Material de oficina</i>	<b>3.580,00 €</b>	
	<i>Auga, luz, teléfono, calefacción</i>	<b>7.956,00 €</b>	
	<i>Edición de trípticos e guías.</i>	<b>3.015,00 €</b>	
	<i>Campañas en radio, tv, etc.</i>	<b>2.995,00 €</b>	
	<i>Reunións e conferencias</i>	<b>2.130,00 €</b>	
	<i>Conexión á RIX.</i>	<b>4.967,00 €</b>	
	<i>Achegas do Concello</i>		<b>10.926,97 €</b>
	<i>Achegas da Consellería de Familia.</i>		<b>32.780,90 €</b>
	<b>Totais</b>	<b>43.707,87 €</b>	<b>43.707,87 €</b>

2.- Solicitar da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 31 de marzo de 2008 (D.O.G. número 67/2008 de 8 de abril) unha achega total de trinta e dous mil setecentos oitenta euros con noventa céntimos (32.780,90 €) equivalente ó 75,00 % do orzamento total aceptando integramente as condicións que se sinalan na indicada orde a as que no seu caso se establezan na resolución pola que se conceda a subvención.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro Delegado de Cultura dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

*Este concello ten previsto un amplío programa de actividades destinadas á xuventude que se describen a seguir continuando a liña seguida en anos anteriores e en especial o pasado. A tal fin, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:*

1.- Aprobalo programa de actividades destinadas á xuventude para 2008 que se indican cun orzamento total de corenta e sete mil seiscentos quince euros con oitenta e seis céntimos (47.615,86 €) segundo se detalla:

Programa	Concepto	Gastos	Ingresos
Encontro entre Entidades e Asociacións Xuvenís	<b>Xantar</b>	2.950,40 €	
	Instalación e aluguer carpa	2.130,20 €	
	Música	2.730,20 €	
Viaxe o Parque Acuático de Cerceda	Viaxe, ida e volta	1.930,10 €	
	Entradas e comida	2.790,10 €	
	Aportación participantes		1.688,70 €
Festa da espuma	Aluguer de máquina produtor de espuma	690,30 €	
Karaoke Infantil e Xuvenil	Aluguer de Karaoke e discos	2.930,40 €	
Festa dos rapaces BROLLONXOGOS	Música, xogos, concursos, atraccións, etc.	3.310,20 €	
Xornadas de cine Infantil e Xuvenil	Aluguer de Pantalla Xigante	1.920,40 €	
	Aluguer de películas	740,30 €	
Curso de manualidades	Monitores	1.450,30 €	
	Materiais	1.310,40 €	
Actividades deportivas	Escolas deportivas (Fútbol, tenis patinaxe, baloncesto, etc)	3.490,70€	1.710,50 €
	Curso de Taekwondo, ximnasia de mantemento, etc.		
	Trofeos e premios	730,65 €	
	Aportación participantes		
Actividades culturais e artísticas	Monitores, materiais, premios	4.230,70 €	
Actividades o aire libre formativas	Material, bolsas de viaxe, etc	1.420,75 €	
Conferencias	Conferenciantes, dietas.	1.895,40 €	
Cursos varios	Monitores, materiais, imprevistos,etc.	6.710,40 €	
	Aportacións participantes		2.675,30 €
Obradoiros	Monitores, materiais	2.270,40 €	
Concursos e torneos	Premios e publicidade	1.983,56 €	
Tódolos programas	Achegas do Concello		6.305,62€
	Achegas dos participantes		6.074,50€
	Achegas da Consellería de Familia		35.235,74€
	<b>Total</b>	<b>47.615,86 €</b>	<b>47.615,86€</b>

2.- Solicitar da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 31 de marzo de 2008 (D.O.G. número 67/2008 de 8 de abril) unha achega total de trinta e cinco mil douscentos trinta e cinco euros con setenta e catro céntimos (35.235,74 €) equivalente ó 74,00 % do orzamento total aceptando integramente as condicións que se sinalan na indicada orde a as que no seu caso se establezan na resolución pola que se conceda a subvención.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro Delegado de Cultura dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

*O concello da Pobra do Brollón precisa a adquisición de equipamento audiovisual e multimedia co fin de realizar actividades de carácter social, formativo e de interese xaral. Para poder dotarse do mesmo, propoño a adopción do seguinte acordo:*

1.- Aproba-lo orzamento para a adquisición de equipamento audiovisual e multimedia por un importe total de mil novecentos dezaioito euros con setenta e cinco céntimos (1.918,75 €).

2.- Solicitar da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, ó abeiro da Resolución de 21 de febreiro de 2008 da Secretaría Xeral de Comunicación, unha achega por importe de seiscentos euros (600,00 €) para o fin sinalado, aceptando integramente as condicións que se sinalan na indicada resolución a as que no seu caso se establezan na resolución pola que se conceda a subvención.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Desde sempre neste concello se fixeron actuacións para o desenvolvemento local pero respondendo a iniciativas puntuais sen unha planificación previa das necesidades e potencialidades coas que conta o concello.

O actual equipo de goberno estima que compre facer un estudo profesional da situación para á súa vista ordenar os recursos e facer esforzos coordinados que alcancen con eficiencia os fins perseguidos. A tal fin, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

*1.- Aprobar a realización dun estudio de bens, recursos e potencialidades do Concello da Pobra do Brollón para a implantación de novas oportunidades de desenvolvemento local cun orzamento total de dezasete mil euros (17.000,00 €).*

*2.- Solicitar da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, o abeiro da orde de 19 de decembro de 2007 (D.O.G. número 6/2008 de 9 de xaneiro) unha achega do 70% do citado orzamento aceptando integramente as condicións de financiamento establecidas pola citada orde e as que no seu caso se sinalen na resolución pola que se conceda a subvención.*

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Dende hai uns anos, o Concello está prestando ós veciños o servizo de axuda a domicilio. Este servizo hai que mantelo durante o presente e mesmo ampliálo xa que logo estanse producindo novas solicitudes por parte de persoas necesitadas del.

Así mesmo preténdese continuar co programa de emerxencia social que tendan a permitir o aproveitamento dunha calidade mínima de vida polos máis necesitados.

Ata agora o concello prestaba os servizos sociais de atención primaria mediante a solicitude conxunta co concello de Bóveda dunha subvención para financia-lo contrato dunha asistente social e unha auxiliar administrativa que prestaban os seus servizos nos dous concellos. Pero a complexidade e aumento de servizos que se pretende dar, e máis coa aplicación da Lei de Dependencia, fai necesario que o concello conte con traballador ou traballadora social de seu e a xornada completa, e o mesmo no que respecta o auxiliar administrativo que colabore con aquel.

Consonte co anterior propoño ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Aproba-lo programa do Plan Concertado para a prestación dos Servizos Sociais para 2008 cun orzamento total de cento oitenta e catro mil oitocentos oitenta euros con vintetrés céntimos (184.880,23 €) coa seguinte distribución:

	Orzamento	Achegas	
		Vicepresidencia	Concello
<b>1.- Persoal</b>			
Traballador/a Social	27.359,39	16.415,63	10.943,76
Auxiliar Administrativo (media xornada)	9.598,04	6.128,05	3.469,99
<b>2.- Mantemento (Km e formación)</b>	2.200,00	1.200,00	1.000,00
<b>3.- Xestión de programas:</b>			
3.1.- Intervención con sectores con problemáticas específicas	10.238,00	8.410,67	1.827,33
3.2.- Emerxencia Social	1.500,00	1.500,00	
3.3.- Dinamización Comunitaria	5.995,00	4.195,00	1.800,00
<b>4.- Axuda no fogar</b>			
4.1.- Plan Concertado	73.629,80	62.585,40	11.044,40
4.2.- Dependencia (Auxiliares, P. Fisioterapia, Xerocatering)	36.860,00	36.860,00	
<b>5.- Centro de Día</b>			
Investimento (cortiñas)	11.500,00	9.500,00	2.000,00
<b>6.- Programa préstamo axudas técnicas:</b>			
Investimento (Adquisición de grúas)	6.000,00	5.000,00	1.000,00
<b>Total</b>	<b>184.880,23</b>	<b>151.794,75</b>	<b>33.085,48</b>

2.- Solicitar da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, ó abeiro da Orde do 18 de marzo de 2008 pola que se regulan as axudas destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais (D.O.G. nº 60/2008 de 28 de marzo) unha subvención por importe de cento cincuenta e un mil catrocentos vintecinco euros con cincuenta e tres céntimos (151.425,53 €) para o financiamento de dito programa, aceptando integramente as condicións establecidas na citada orde e nas que no seu caso se sinalen na resolución pola que se conceda a subvención.

3.- Que, no caso de que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar non acceda á solicitude de financiar unha praza de traballador/a social e outra a media xornada de auxiliar administrativo se continúe na prestación deste servizo a través da agrupación actual co concello de Bóveda comprometéndose o concello da Pobra do Brollón con aquel a achegar a cantidade de cinco mil catrocentos vintedous euros con oitenta e tres céntimos (5.422,83 €) que lle corresponde polo servizo.

4.- En ambos casos se garante a continuidade do servizo nas mesmas condicións que anos anteriores, tratando de mellorar as condicións de cobertura e calidade.

O portavoz do grupo Popular di que xa no seu día dixo que estaban de acordo co Consorcio se fose rápida a posta en funcionamento do centro de día, e que xa a FEGAMP e alcaldes como Orozco critican ó Consorcio porque os concellos perden autonomía. Engade que o 28 de febreiro de 2007 o Partido Popular presentou un plan concertado de 341,560,05 €, cunha achega da Xunta de 316,564,63 € e unha achega do concello de 24.995,42 €, cantidade moi superior ás que agora se piden o que, o seu xuízo, manifesta a falta de vontade tanto do grupo de Goberno como da Consellería para abril. Engade que as

eventuais deficiencias na instalación ás que alude o grupo de goberno non se lle poden achacar ó concello xa que a obra era supervisada pola Consellería.

Sometida a votación a proposta é aprobada cos cinco votos en contra dos concelleiros do grupo Popular e os seis a favor dos grupos Socialista e Nacionalista.

### **1.09º.- BAIXAS EN INGRESOS E GASTOS DE ORZAMENTOS PECHADOS.**

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro Delegado de Facenda dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

*O servizo de recadación executiva tenllo encargado o Concello ó servizo de recadación da Deputación. Periodicamente este organismo comunícanos as baixas que se producen no total pendente por diversos motivos como prescricións, incobrables ou baixas. Polo tanto, e depurada toda a información contable de que dispón o Concello, propoño ó Pleno a adopción do seguinte acordo:*

1.- Aproba-lo expediente de baixas de dereitos recoñecidos pendentes de cobro polo importe que se sinala distribuídos nas anualidades e nos conceptos que se indican, con cumprimento das prescricións legais establecidas.

Ano	Partida	Concepto	Baixa
1996	113	Imposto vehículos	890,45
1997	113	Imposto vehículos	941,35
1998	113	Imposto vehículos	206,01
1999	113	Imposto vehículos	93,72
2000	113	Imposto vehículos	17,04
2000	113	Imposto vehículos	228,37
2001	113	Imposto vehículos	280,84
2002	113	Imposto vehículos	234,78
2003	113	Imposto vehículos	277,70
2004	113	Imposto vehículos	426,00
2005	113	Imposto vehículos	17,04
2005	113	Imposto vehículos	172,32
2006	300	Contador de auga	36,00
2006	455	Minoración subvención páxina web	765,30
2006	755	Subvención mellora alumeados públicos de Ferreiros, Pacios e Oútara	1.341,86
2006	755	Subvención mellora alumeados públicos de Ferreirúa e Canedo	1.414,32
2007	455	Minoración subvención para sinalización, carteis etc. Rede Natura.	38,99
2007	455	Anulación subvención persoal prevención incendios	6.300,00
<i>Total</i>			<i>13.682,09</i>

2.- Aproba-lo expediente de baixas de obrigas recoñecidas pendentes de pago polo importe que se sinala distribuídos nas anualidades e nos conceptos que se indican, con cumprimento das prescricións legais establecidas.

Ano	Funcional	Económica	Concepto	Baixa
-----	-----------	-----------	----------	-------

1999	911	761	Deputación (obras POL 1999)	1.412,20
2000	911	761	Deputación (obras POL 2000)	1.423,13
2002	911	755	Xunta de Galicia. Obras selado do vertedoiro	8.422,89
2002	911	761	Deputación (obras POL 2001)	1.510,10
2007	461	226	C.P.U. CUMPUTERS	1.392,00
<i>Total</i>				14.160,32

3.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.10º.- ORZAMENTO XERAL PARA 2008.**

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro Delegado de Facenda dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Elaborado o proxecto de orzamento xeral para 2008 que presenta superávit inicial por importe de quince mil trescentos sesenta e tres euros con noventa céntimos (15.363,90 €) e que cumpre tódalas prescricións legalmente establecidas, a atende suficientemente as necesidades dos servizos do concello, e vistos os preceptivos informes de Secretaría e Intervención, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-lo Orzamento Xeral do Concello da Pobra do Brollón para o exercicio de 2008 que ascende en gastos a un millón cento oitenta e seis mil catrocentos trinta e seis euros con setenta e seis céntimos (1.186.436,76 €) e en ingresos á cantidade de un millón douscentos un mil oitocentos euros con sesenta e seis céntimos (1.201.800,66€), do que o resume por capítulos se detalla a continuación:*

	<i>Gastos</i>		<i>Ingresos</i>	
	<i>Capítulo</i>	<i>Importe</i>	<i>Capítulo</i>	<i>Importe</i>
I	<i>Gastos de persoal</i>	448.505,57	<i>Impostos directos</i>	220.000,00
II	<i>Gastos en bens correntes e servizos</i>	389.000,00	<i>Impostos indirectos</i>	25.000,00
III	<i>Gastos financeiros</i>	40.100,00	<b><i>Taxas e outros ingresos</i></b>	155.909,00
IV	<i>Transferencias correntes</i>	73.175,00	<i>Transferencias correntes</i>	684.806,60
V	-----		<i>Ingresos patrimoniais</i>	1.500,00
	<b><i>Total gastos correntes</i></b>	<b>950.780,57</b>	<b><i>Total ingresos correntes</i></b>	<b>1.087.215,60</b>
VI	<b><i>Inversións reais</i></b>	233.156,19	<i>Alleamento de inversións reais</i>	0,00
VII	<i>Transferencias de capital</i>	0,00	<i>Transferencias de capital</i>	114.581,06
VIII	<i>Variación de activos financeiros</i>	0,00	<i>Variación de activos financeiros</i>	2,00
IX	<b><i>Variación de pasivos financeiros</i></b>	2.500,00	<i>Variación de pasivos financeiros</i>	2,00
	<b><i>Total gastos de capital</i></b>	<b>235.656,19</b>	<b><i>Total ingresos de capital</i></b>	<b>114.585,06</b>
	<b><i>Total estado de gastos</i></b>	<b>1.186.436,76</b>	<b><i>Total estado de ingresos</i></b>	<b>1.201.800,66</b>

2.- *Aprobar igualmente as Bases de Execución de dito Orzamento Municipal que figuran como anexo I deste acordo e o cadro de persoal que figura como anexo II do mesmo.*

3.- *Expoñelo ó público por prazo de quince días hábiles, a efectos de exame, reclamacións e suxestións, consonte ó artigo 150 da Lei 39/1.988 Reguladora das Facendas Locais.*



4.- Que no suposto de no presentarse reclamacións no prazo indicado, se considerará definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, xunto co cadro de persoal, segundo se dispón na lexislación vixente.

5.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo.

#### **ANEXO I. BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL PARA 2008.**

##### **Base 1ª.- Orzamentos que abarcan.**

Constitúe o Orzamento Xeral referido o propio deste Concello, ascendendo o seu importe ás cantidades que se indican:

Estado	Importe
Gastos	<b>1.186.436,76</b>
Ingresos	<b>1.201.800,66</b>

##### **Base 2ª.- Limitación dos gastos.**

Non poderán adquirirse compromisos de gasto por contía superior ó importe dos créditos autorizados nos Estados de Gastos, que deberán destinarse de xeito exclusivo ós fins que cada un ten asignados.

Establécese a vinculación a nivel de capítulos e grupos de función.

##### **Base 3ª.- Modificación de créditos.**

1. Tratándose do orzamento municipal, cando haxa que realizar algún gasto que non se poda adiar ata o exercicio seguinte, para o que non exista crédito no orzamento vixente ou sexan insuficientes ou non ampliables as dotacións previstas no mesmo, poderanse acordar, logo da incoación do preceptivo expediente, unha concesión de crédito extraordinario no primeiro dos casos e un suplemento de crédito no segundo dos supostos ou de ámbalas dúas cousas á vez, debéndose atende-lo seu financiamento, indistintamente, cos seguintes recursos:

- a) Con cargo ó Remanente líquido de Tesourería dispoñible no intre da tramitación do expediente se o houber.
- b) Con novos e maiores ingresos recadados sobre os previstos no orzamento corrente.
- c) Por medio de anulacións ou minoracións de crédito non comprometido doutras partidas, das que se estimen as súas dotacións que se poidan reducir sen alteración do respectivo servicio.

2.- Para a tramitación dos referidos expedientes cumprirán os seguintes requisitos:

- a) Segundo os casos:
  - Certificación da existencia e dispoñibilidade de Remanente Líquido de Tesourería.
  - Certificación dos maiores ingresos recadados e da normal recadación dos demais ingresos correntes.
  - Informe dos responsables dos servicios correspondentes sobre a posibilidade de transferencias de créditos sen que supoñan prexuízo para o correspondente servicio.
- b) Informe de Intervención municipal.
- c) Dictame da Comisión Informativa e Especial de Contas
- d) Aprobación inicial polo Pleno do Concello e demais trámites que, para os orzamentos, sinala o artigo 150 da mencionada Lei 39/1.988.

3.- Nas transferencias de crédito serán de aplicación as limitacións referidas no artigo 161 da Lei 39/1.988. A súa aprobación correspóndelle ó Pleno da Corporación seguíndose o procedemento sinalado no punto anterior.

**Base 4ª.- Créditos ampliables.**

*Non se prevén créditos ampliables neste exercicio.*

**Base 5ª.- Xeracións de crédito.**

1. *Poderase xerar crédito, no Estado de Gastos con ingresos de natureza non tributaria que se deriven das seguintes operacións:*
  - a) *Achegas ou compromiso firme das mesmas, de persoas físicas ou xurídicas para financiar, co Concello, gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos dos mesmos.*
  - b) *Alleamentos de bens.*
  - c) *Prestacións de servicios.*
  - d) *Reembolsos de préstamos.*
  - e) *Importes procedentes do reintegro de pagamentos indebidos con cargo ó orzamento corrente en canto á reposición de crédito na correlativa partida orzamentaria.*
- 2.- *Para que sexa procedente a xeración dos mencionados créditos requirirase nos casos a que se refiren os apartados a) e b) , o recoñecemento do dereito ou a existencia formal do compromiso firme da achega; nos supostos dos apartados c) e d) amais do recoñecemento do dereito, a dispoñibilidade de ditos créditos condicionada á súa efectiva recadación; e no referente ó apartado e) , a xeración do crédito estará subordinada á materialización do cobro do reintegro.*
3. *Para tódolos casos referidos con anterioridade, será indispensable a instrucción do preceptivo expediente, sendo órgano competente para a súa resolución o Alcalde-Presidente debéndose axustar á seguinte tramitación:*
  - *Certificación do Interventor de terse ingresado ou a existencia do compromiso de ingreso do recurso en concreto. A certificación deberase efectuar tendo á vista o documento orixinal polo que se orixine o compromiso ou a obriga en firme do ingreso pola persoa física ou xurídica en particular.*
  - *Informe no que se deixe constancia da existencia da correlación entre o ingreso e o crédito xerado.*
  - *Os créditos xerados con base en dereitos recoñecidos en firme mais non recadados, non poderán ser executados ata que se produzan os ingresos.*
  - *Determinación concreta dos conceptos do orzamento de ingresos onde se producise un ingreso ou compromiso de ingreso non previsto no orzamento inicial e que exceda da súa previsión inicial e a contía do ingreso e compromiso.*
  - *A fixación das partidas orzamentarias de gastos e crédito xerado como consecuencia dos ingresos afectados.*

**Base 6ª.- Incorporación de remanentes de crédito.**

- 1.- *Os remanentes de crédito poderán ser incorporados ós seus análogos dos Estados de Gastos do exercicio seguinte, sempre que non se utilizasen, procedan de créditos extraordinarios e suplementos ou transferencias que foran autorizadas no último trimestre do exercicio; os que amparen compromisos de gastos do exercicio anterior, debidamente adquiridos; os derivados de operacións de capital e os autorizados en función da efectiva recadación dos dereitos afectados.*
2. *Non se poderán incorporar aqueles remanentes declarados non dispoñibles, nin os xa incorporados no exercicio anterior, agás os que amparen proxectos financiados con ingresos afectados, que o serán obrigatoriamente sen limitación do número de exercicios, excepto que se desista de iniciar ou continua-la súa execución ou sexa imposible a súa realización.*

3.- *Para efectua-las incorporacións que se detallan no número 1 desta Base, será indispensable a instrucción do preceptivo expediente, sendo o órgano competente para a súa resolución o Alcalde-Presidente, debéndose axustar á seguinte tramitación:*

- *Cando o financiamento se produza mediante o remanente líquido de tesourería, o seu importe farase constar no concepto 870 do orzamento de ingresos.*
- *Informe do interventor.*
- *Aprobación polo Alcalde-Presidente por medio de resolución.*

**Base 7ª.- Operacións de crédito.**

*Non se prevén operacións de crédito neste exercicio.*

**Base 8ª.- Autorización, disposición e compromiso de gasto.**

*Dentro do importe dos créditos autorizados no orzamento municipal, a autorización, a disposición e o compromiso do gasto corresponderán ó Alcalde-Presidente, ó Pleno do Concello ou á Xunta de Goberno Local segundo se expresa a continuación:*

*a) Ó Alcalde-Presidente:*

- *Os gastos de carácter ordinario que se produzan de xeito regular e periódico durante o exercicio.*
- *Os gastos precisos para o normal funcionamento dos servicios, e os de reparación, abastecemento, conservación e mantemento dentro dos límites dos créditos das correspondentes partidas orzamentarias*
- *Os gastos de persoal.*
- *Os gastos que correspondan á liquidación das obrigas derivadas de compromisos legalmente contraídos.*
- *Os gastos que expresamente estean atribuídos polas Leis e os que estas asignen ó municipio sen determinar expresamente o órgano.*

*b) Ó Pleno do Concello:*

- *Os gastos precisos para a contratación de obras, servicios e abastecementos.*
- *Os gastos destinados á adquisición de bens e dereitos para o municipio.*
- *Os gastos que presupoñan o recoñecemento extraxudicial de créditos, nos termos que sinala o artigo 23, apartado e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril.*
- *Os demais gastos que expresamente lle sexan conferidos polas Leis.*

*c) Á Xunta de Goberno Local:*

- *Os gastos dimanados das delegacións que de xeito expreso lle outorgue a Alcaldía.*

**Base 9ª.- Recoñecemento e liquidación da obriga, e ordenación do pagamento.**

*Corresponde ó Alcalde o recoñecemento e liquidación das obrigas que se deriven dos compromisos de gasto legalmente adquiridos, podendo efectua-las delegacións que crea necesarias noutro membro da Corporación ou na Comisión de Goberno.*

*A ordenación de pagos correspóndelle ó Alcalde. Os pagamentos serán os que correspondan ás obrigas previamente recoñecidas, tendo prioridade os relativos a persoal e os referidos a obrigas de anteriores exercicios, e axeitándose ó plano de distribución de fondos que a tal efecto estableza a Presidencia.*

**Base 10ª.- Xustificación do gasto.**

*Para que se poidan expedir ordes de pagamento acreditarase fidelisimamente a realización da obra, servizo, subministro ou calquera outro acto que supoña dereito para o acredor. Os correspondentes documentos xustificantes deberán ser previamente aprobados polo órgano competente.*

**Base 11ª.- Xustificación do pagamento.**

- 1.- *Para a realización do pagamento cumprirá que o documento acreditativo do gasto (factura, certificación de obra, etc.) conteña tódolos requisitos legais, debendo recollerse previa identificación, tanto no devandito documento como na correspondente orde de pagamento, o “RECIBÍN” da persoa interesada ou da persoa representante debidamente autorizada, se o pagamento se fai directamente. Noutro caso, xustificarse mediante xiro postal acusando recibo, letra de cambio ou documento que legalmente a substitúa, ou transferencia bancaria.*
- 2.- *No relativo ás nóminas de persoal, terá que se xustificar mediante dilixencia do funcionario competente, a prestación dos respectivos servizos que se retribúen, así como a sinatura do “RECIBÍN” da persoa interesada agás que o pagamento se realice a través de transferencia bancaria.*

**Base 12ª.- Pagamentos a xustificar. Anticipos de caixa fixa.**

- 1.- *No caso de que no intre de expedirse ou executarse a orde de pagamento non se poidan presenta-los documentos acreditativos da prestación do servizo, os pagamentos terán o carácter de “a xustificar”, debéndose aplicar ós respectivos créditos do orzamento.*
- 2.- *Só se poderán efectua-los pagamentos a xustificar nas seguintes ocasións:*
  - a) *cando o importe a xustificar non exceda de mil douscentos euros (1.200,00 €).*
  - b) *cando non sexan destinados a operacións de capital.*
  - c) *cando o perceptor non teña pendente de xustificar ningunha cantidade polo mesmo concepto.*
  - d) *cando non se destinen a atender gastos de carácter periódico, tendo neste caso a consideración de “anticipos de caixa fixa”.*
- 3.- *Os perceptores de pagamentos a xustificar, quedarán obrigados a xustificar a aplicación das cantidades recibidas por este concepto no prazo máximo de tres meses.*
- 4.- *As persoas que reciban anticipos de caixa fixa renderán contas polos gastos atendidos cos ditos anticipos a medida que as súas necesidades de tesourería aconsellen a reposición dos fondos utilizados, os cales deberán ser xustificados na forma que sinale o Pleno do Concello.*

**Base 13ª.- Subvencións.**

*Prevense para o presente exercicio as subvencións seguintes:*

- 1.- *Festa da capitalidade e festas parroquiais.*
- 2.- *Achegas para actividades deportivas.*
- 3.- *Achegas para actividades culturais.*
- 4.- *Achegas para actividades sociais ou benéficas.*
- 5.- *Achegas para o funcionamento de entidades deportivas.*
- 6.- *Achegas para o funcionamento de entidades culturais.*
- 7.- *Achegas para o funcionamento de entidades de interese social ou benéfico.*
- 7.- *Convenio coa Cruz Vermella de Monforte.*
- 8.- *Achegas para o transporte universitario de estudantes.*

*No que atinxe ás festas, se establece unha achega fixa tres mil euros (3.000,00 €) para as festas da capitalidade e de cento cincuenta euros (150.00 €) para a festa principal de cada parroquia máis as de Pacios de Veiga A Veneira e a Estación. A solicitude de licencia da festa se considerará solicitude da subvención. A subvención se xustificará pola celebración da festa.*

*As achegas para actividades serán convocadas en concorrencia competitiva segundo a súa natureza de acordo coas seguintes bases.*

Bases para a concesión en concorrencia competitiva de achegas con destino a fomentar [ ] no Concello da Pobra do Brollón.

1º.- Obxecto.

O obxecto destas achegas e o fomento da actividade [ ] por parte das entidades e asociacións [ ] do Concello da Pobra do Brollón.

2º.- Beneficiarios.

Poderán acceder a estas achegas as entidades ou asociacións do Concello legalmente constituídas que entre os seus obxectivos teñan a realización deste tipo de actividades e que estean debidamente inscritas no rexistro de asociación do Concello.

3º.- Importe.

Se destinan a estas achegas a cantidade total de [ ] euros ([ ] €) que a tal fin figuran consignados no orzamento xeral do Concello para 2008 na partida [ ].

O importe de cada achega individualizada non superará ó [ ]% do orzamento total da actividade subvencionada, sen que poda exceder da contía máxima de [ ] euros ([ ] €).

En todo caso, o importe total de tódalas achegas de administracións públicas para cada actividade non poderá supera-lo 100% do seu orzamento. Neste caso se diminuírá a achega municipal na cantidade suficiente para dar cumprimento a esta condición, con reintegro da cantidade necesaria, se a achega xa fose total ou parcialmente abonada.

4º.- Criterios de distribución.

Se establecen os seguintes:

[ ]

5º.- Prazo para a presentación de solicitudes.

Se establece un prazo de [ ] días para a presentación de solicitudes desde a publicación da convocatoria no taboleiro de edictos do concello.

6º.- Solicitudes.

Se presentarán no rexistro do concello no prazo indicado usando o impreso que figura como anexo ás presentes. Ás solicitudes se lle xuntará a documentación seguinte:

- Fotocopia do C.I.F. da entidade e do D.N.I. do seu representante.
- Certificación da representación do representante.
- Copia do orzamento da asociación e da conta do ano anterior.
- Memoria e orzamento da actividade proxectada.
- Declaración de outras achegas solicitadas ou obtidas.

7º.- Corrección de defectos.

Se algunha das solicitudes nos fose correcta ou lle faltara parte da documentación, se lle dará un prazo de dez días hábiles para achegar dita documentación.

8º.- Procedemento de concesión.

As solicitudes, coa documentación que se lles xunta serán analizadas por unha Comisión que as valorará e elevará ó Pleno unha proposta de concesión.

Dita comisión será presidida polo Concelleiro Delegado de Cultura e Deportes en quen delegue e estará formada por:

Un concelleiro de cada un dos grupos municipais.

Será Secretario da Comisión o do Concello ou funcionario en quen delegue.

9º.- Pago da subvención.

Como norma xeral a subvención se aboará a entidade solicitante o remate da actividade subvencionada e previa xustificación da mesma. Non obstante, o Alcalde poderá resolver anticipar o pago total ou parcial por causas xustificadas. De non realizarse a actividade ou non xustificarse debidamente, procederá o reintegro das cantidades anticipadas.

10º.- Xustificación.

Rematada a actividade subvencionada, a entidade organizadora presentará unha memoria da mesma con documentación que acredite a súa realización (a modo de exemplo, fotografías, copia de anuncios ou reseñas na prensa, carteis anunciadores...) e unha liquidación do conxunto dos ingresos e gastos.

11º.- Liquidación.

A vista das xustificacións o Alcalde resolverá o aboamento do total da subvención ou no seu caso o seu rateo se a actividade realizada non se axusta ó solicitado ou se houbo subvencións de administracións públicas que superaron o 100% do gasto producido, co reintegro, se procede, das cantidades adiantadas.

12º.- Dereito supletorio.

No non previsto nestas bases se estará ós acordos do Concello e ó disposto na lexislación vixente sobre a mataría.

*As achegas para funcionamento serán convocadas en concorrencia competitiva segundo a súa natureza de acordo coas seguintes bases.*

Bases para a concesión en concorrencia competitiva de achegas con destino ó funcionamento de Asociacións █ no Concello da Pobra do Brollón.

1º.- Obxecto.

O obxecto destas achegas e o apoio ás asociacións █ do Concello que colaboran a cumprir-los fins do Concello nesta materia mediante achegas para o seu funcionamento.

2º.- Beneficiarios.

Poderán acceder a estas achegas as entidades ou asociacións do Concello legalmente constituídas que entre os seus obxectivos teñan a realización deste tipo de actividades e que estean debidamente inscritas no rexistro de asociación do Concello.

3º.- Importe.

Se destinan a estas achegas a cantidade total de █ euros ( █ €) que a tal fin figuran consignados no orzamento xeral do Concello para 2008 na partida █.

O importe de cada achega individualizada non superará ó █ % do orzamento total da asociación, sen que poda exceder da contía máxima de █ euros ( █ €).


En todo caso, o importe total de tódalas achegas de administracións públicas para cada asociación non poderá supera-lo 100% do seu orzamento. Neste caso se diminuírá a achega municipal na cantidade suficiente para dar cumprimento a esta condición, con reintegro da cantidade necesaria, se a achega xa fose total ou parcialmente abonada.

4°.- Criterios de distribución.

Se establecen os seguintes:



5°.- Prazo para a presentación de solicitudes.

Se establece un prazo de  días para a presentación de solicitudes desde a publicación da convocatoria no taboleiro de edictos do concello.

6°.- Solicitudes.

Se presentarán no rexistro do concello no prazo indicado usando o impreso que figura como anexo ás presentes. Ás solicitudes se lle xuntará a documentación seguinte:

- Fotocopia do C.I.F. da entidade e do D.N.I. do seu representante.
- Certificación da representación do representante.
- Memoria das actividades feitas no ano anterior e das previstas para á presente, con mención do número de socios beneficiados e número de asistentes.
- Copia do orzamento da asociación e da conta do ano anterior.
- Declaración de outras achegas solicitadas ou obtidas.

7°.- Corrección de defectos.

Se algunha das solicitudes nos fose correcta ou lle faltara parte da documentación, se lle dará un prazo de dez días hábiles para achegar dita documentación.

8°.- Procedemento de concesión.

As solicitudes, coa documentación que se lles xunta serán analizadas por unha Comisión que as valorará e elevará ó Pleno unha proposta de concesión.

Dita comisión será presidida polo Concelleiro Delegado de Cultura e Deportes e estará formada por:

Un concelleiro de cada un dos grupos políticos.

Será Secretario da Comisión o do Concello ou funcionario en quen delegue.

9°.- Pago da subvención.

Como norma xeral a subvención se aboará a entidade solicitante unha vez concedida. Se a asociación deixase de existir durante o exercicio procederá o reintegro total ou parcial da mesa

10°.- Xustificación.

Rematado o exercicio, a asociación deberá presentar no concello o estado de ingresos e gastos do mesmo. Se o total de subvencións recibidas do sector público superase o 100% dos gastos totais, procederá o rateo da subvención e o reintegro da cantidade que exceda para cumprir esta condición.

11°.- Dereito supletorio.

No non previsto nestas bases se estará ós acordos do Concello e ó disposto na lexislación vixente sobre a mataría.

*A achega a Cruz Vermella de Monforte se rexerá polo convenio asinado ó efecto.*

As achegas para o transporte universitario de estudantes se rexerán polo convenio suscrito ó efecto coa Empresa Monforte.

**Base 14ª.- Gastos de locomoción, dietas, indemnizacións e retribucións dos membros da Corporación.-**

1.- O Alcalde dedicarase ó concello en xornada completa sen dedicación exclusiva polo que percibirá un salario bruto mensual en catorce pagas de dous mil euros (2.000,00 €).

2.- A primeira Tenente de Alcalde dedicarase ó concello en xornada parcial de dez horas semanais polo que percibirá un salario bruto mensual en catorce pagas de cincocentos vintecinco euros (525,00 €).

3.- O segundo Tenente de Alcalde dedicarase ó concello en xornada parcial de quince horas semanais polo que percibirá un salario bruto mensual en catorce pagas de setecentos oitenta e sete euros con cincuenta céntimos (787,50 €).

4.- A terceira Tenente de Alcalde dedicarase ó concello en xornada parcial de dez horas semanais polo que percibirá un salario bruto mensual en catorce pagas de cincocentos vintecinco euros (525,00 €).

5.- O concelleiro que exerza as delegacións especiais de organización de actividades culturais e deportivas e para a xuventude e educativas dedicarase ó concello en xornada parcial de dez horas semanais polo que percibirá un salario bruto mensual en catorce pagas de cincocentos vintecinco euros (525,00 €).

6.- Os membros da Corporación, agás os que reciben salario, percibirán a cantidade de vintecinco euros (25,00 €) por asistencia a reunións dos órganos colexiados. Cando se celebre máis dunha sesión no mesmo día de xeito consecutivo só se percibirá indemnización por unha de elas.

**7.- Indemnizacións por desprazamentos.**

a) Os membros da Corporación que deban desprazarse por mor das súas funcións fora do concello en vehículo propio percibirán unha indemnización por quilómetro na mesma contía que se fixe na lexislación vixente para os funcionarios.

b) Se a viaxe fose tal que a saída e o regreso se realizase na mesma mañá ou na mesma tarde, percibirán a cantidade de dez euros (10,00 €) en concepto de dieta.

c) Se por mor da viaxe realizada tivesen que realizar unha ou máis comidas ou durmir fora do concello, a indemnización a percibir será a mesma, e cos mesmos condicionantes que a que lle sexa aplicable ó Secretario do Concello segundo a lexislación vixente.

d) No caso de que como consecuencia da viaxe o membro da corporación debese invitar a xantar a algunha autoridade ou funcionario que visite, se lle aboará o importe íntegro da factura que xustifique que deberá presentar acompañada dunha memoria na que se indique claramente o obxecto da viaxe e se identifiquen os eventuais comensais. Neste caso, non se percibirá a indemnización sinalada na letra c).

**8.- Gastos de funcionamento dos grupos municipais.**

a) Para o seu normal funcionamento, os grupos municipais percibirán mensualmente unha cantidade de trinta euros (30,00 €) por grupo, e dez euros (10,00 €) por cada concelleiro que o integre.

b) A fin de dar cumprimento ó previsto no terceiro parágrafo do artigo 73.3 da Lei 7/1985, se algún concelleiro abandonase o seu grupo político e pasase a ser non adscrito, a súa eventual integración no grupo mixto non suporá o percibo do compoñente relativo ó grupo que se sinala na letra anterior.



**Base 15ª.- Gastos de carácter plurianual.**

- 1.- A autorización e compromiso de gastos con carácter plurianual subordinarase ó crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos, segundo se dispón no artigo 79.2 do Real Decreto 500/1.990 do 20 de abril.
- 2.- Poderanse adquirir compromisos de gasto con carácter plurianual, sempre que a súa execución se inicie dentro do exercicio corrente e que amais se encontren comprendidos nalgún dos casos seguintes:
  - a) *Investimento ou transferencia de capital.*
  - b) *Contratos de subministro, de asistencia técnica ou científica, de prestación de servicios, de execución de obras de mantemento e de alugamento de equipos que non poidan ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.*
  - c) *Alugamento de bens inmobles.*
  - d) *Cargas financeiras das débedas da entidade.*
- 3.- O número de exercicios posteriores, ós que poidan aplicarse os gastos dos apartados a) e b) do número anterior, non poderán ser superior a catro.

**Base 16ª.- Acumulación simultánea de fases de gasto.**

- 1.- Poderanse acumular varias fases de execución do orzamento de gastos, das enumeradas no artigo 52 do Real Decreto 500/1.990 do 20 de abril, nun só acto administrativo, producindo os mesmos efectos que se ditas fases se acordasen por separado, e podéndose da-los seguintes casos:
  - a) *Autorización e disposición (A-D).*
  - b) *Autorización, disposición e recoñecemento da obrigaón (A-D-O).*
- 2.- As referidas acumulacións serán factibles cando aludan a gastos de carácter ordinario, sen se incluí-los extraordinarios ou de investimento.
- 3.- En todo caso será requisito imprescindible que o órgano que adopte a decisión teña competencia, orixinaria ou delegada, para acordar tódalas fases que se inclúan na resolución.

**Base 17ª.- Fiscalización de ingresos.**

*Como norma xeral serán fiscalizadas e contabilizadas pola Intervención tódalas propostas de actos de xestión, liquidación e recadación de ingresos, debendo ser autorizadas pola Alcaldía ou aprobadas polo Pleno ou a Comisión de Goberno, segundo as competencias que cada órgano teña atribuídas.*

**Base 18ª.- Actos de xestión relativos ós ingresos.**

- 1.- Deberase produci-la fiscalización previa polo interventor de fondos do Concello, para a súa aprobación polo órgano competente, nos seguintes casos:
  - a) *Devolución de ingresos.*
  - b) *Concesión de exencións, baixas ou bonificacións, sen prexuízo do disposto no artigo 78.2 da Lei 39/1.988 do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.*
  - c) *Aprazamento ou fraccionamento de ingresos.*
  - d) *Aprobación de padróns, listas cobratorias e cargos a recadadores e cobradores.*
  - e) *Liquidación de tributos non periódicos.*
  - f) *Imposición, modificación de impostos, taxas e prezos públicos así como aprobación, modificación ou supresión das correspondentes ordenanzas fiscais.*
  - g) *Operacións de crédito e de tesourería.*

2.- *Amáis, os actos sinalados nos apartados b), c), f) e g) do punto anterior, precisarán igualmente do dictame da Comisión Especial de Contas.*

**Base 19ª.- Xestión, liquidación e recadación de ingresos**

1.- *No relativo ós actos de xestión, liquidación e recadación de ingresos, teranse en conta as seguintes prescricións:*

- a) *Unha vez aprobados os padróns correspondentes, as listas cobratorias ou os pregos de cargo, remitiranse á Intervención para seren fiscalizados, quedando os recibos e matrices ou copias en poder do Negociado de Rendas e Exaccións, debéndose custodiar na Caixa de Caudais da Corporación unha vez que sexan contraídos ata a súa entrega ós servicios de recadación, que se realizará con quince días de antelación ó período voluntario de cobranza. Esta entrega realizarase sen matrices-copia, e acompañados dun exemplar das listas cobratorias.*
- b) *Rematado o prazo de ingreso en voluntaria, pola Recadación relacionaranse os valores en recibo non pagados e as certificacións de descuberto, pasando as relacións á Tesourería para seren providenciadas de prema e segui-lo procedemento de cobro en vía executiva.*
- c) *Os ingresos que se efectúen directamente na Tesourería, segundo liquidación formulada de xeito previo, realizaranse mediante a correspondente orde de ingreso ou talóns de cargo, expedíndose a correspondente carta de pagamento ou recibo xustificante do ingreso.*

2.- *Polo que respecta ás AUTOLIQUIDACIÓNS, o ingreso que se produza terá a consideración de “a conta” do que resulte da liquidación definitiva que para o efecto se formule posteriormente.*

**Base 20ª.- Ingresos provenientes de subvencións e outros.**

*Os recursos que correspondan a subvencións procedentes doutras entidades, así como os de dereito privado e os relativos a operacións de crédito para o financiamento de obras ou servicios, deberán ser xustificados, de xeito previo e acreditadamente, e non poderán ser aplicados a atencións distintas daquelas para as que se destinen.*

**Base 21ª.- Retribucións do persoal**

*De acordo co establecido pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado, as retribucións íntegras do Persoal ó servicio deste Concello experimentarán un incremento no presente exercicio respecto ás de 2007 en termos de homoxeneidade para os dous períodos de comparación, tanto no que atinxe a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo na mesma porcentaxe que en dita Lei se establece para os funcionarios do Estado.*

**ANEXO II. CADRO DE PERSOAL.**

A) *Funcionarios de carreira:*

<i>Praza</i>	<i>Nº.</i>	<i>Grupo</i>	<i>Escala/Subescala</i>	<i>CD</i>
<i>Secretario-Interventor.</i>	<i>1</i>	<i>B</i>	<i>Funcionario de Habilitación Nacional</i>	<i>22</i>
<i>Administrativo</i>	<i>1</i>	<i>C</i>	<i>Administración Xeral</i>	<i>20</i>
<i>Auxiliar-Administrativo. Tesoureiro.</i>	<i>1</i>	<i>D</i>	<i>Administración Xeral</i>	<i>18</i>
<i>Auxiliar-Administrativo.</i>	<i>2</i>	<i>D</i>	<i>Administración Xeral</i>	<i>14</i>

B) *Persoal laboral indefinido:*

<i>Denominación</i>	<i>Nº</i>	<i>Posto de Traballo</i>
<i>Capataz</i>	<i>3</i>	<i>Servicios Múltiples</i>
<i>Técnico medio</i>	<i>1</i>	<i>Axente Local de Emprego</i>
<i>Auxiliar</i>	<i>1</i>	<i>Biblioteca (media xornada)</i>

Auxiliar	1	Oficina de Información Xuvenil (media xornada)
----------	---	--

C) Persoal laboral temporal:

Denominación	Nº	Posto de Traballo
Persoal Auxiliar	5	Axuda a Domicilio
Educador Familiar	1	Servicios Sociais. Media xornada
Limpadores de edificios	2	Limpadores (media xornada)
Conductor	1	Recollida de lixo
Operario	1	Recollida de lixo
Peón	1	Servicios xerais
Os que resulten de subvencións recibidas das Consellerías da Xunta de Galicia.		

O Concelleiro Delegado de Orzamentos di que aínda que feitos con algo de atraso son uns orzamentos realistas, baseados no correcto funcionamento e mellora dos servizos existentes e nas inversións necesarias para darlle ó concello o impulso que necesita.

O portavoz do grupo Popular, tras agradecer o traballo da elaboración ó goberno e os funcionarios di que no informe de Intervención de 2007 se falaba de dificultades para 2008 este ano non se recollen, e se prevén máis ingresos. Que en campaña se dixo que a débeda era moi alta, pero este goberno a aumentou mentres que durante o mandato do Partido Popular se reduxo. No que respecta ó persoal que outros dixeron que había que reduci-lo cadro de persoal mentres o Partido Popular respectaba ós profesionais. Manifesta que en cambio está en contra do gasto dos órganos de goberno.

O Concelleiro Delegado de Orzamentos responde que as retribucións do equipo de Goberno se xustifican plenamente pola eficacia na súa labor e a dedicación ó cargo. No que respecta á débeda di que se pagaron as amortizacións e xuros de 2007 e ata a data, pero que é inevitable a renegociación do préstamo pola situación económica herdada cun remanente negativo de tesourería elevado, e débedas ocultas como as facturas da empresa Tratamentos Bituminosos, e a situación das contas do P.O.S. e Leader +.

Neste momento, e sendo as once horas ó concelleiro González González dálle un mareo tendo que ser asistido polo portavoz do grupo Popular (que é médico) que determina que sexa trasladado ó P.A.C. acompañado por outros membros da corporación. Ante esta situación o Alcalde, consultados e co acordo dos demais membros da Corporación acordando unha interrupción do Pleno para descanso no debate ata as dezanove horas e quince minutos do día seguinte ó abeiro do autorizado polo segundo parágrafo do artigo 87 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais e tendo en conta que po primeiro parágrafo non establece que o non remate no mesmo día supoña ruptura da unidade de acto.

Sendo ás dezanove horas e quince minutos do día trinta de abril de dous mil oito, e estando presentes todos os membros da corporación, se continúa o Pleno.

Sigue no uso da palabra o Concelleiro Delegado de Orzamentos que di que no mandato do Partido Popular só se fixeron amortizacións no 2007 e só ás mínimas establecidas. Que é normal que varíe o informe de Intervención en función de que exista superávit ou déficit. E remata dicindo que o seu grupo nunca dixo que fosen en contra dos traballadores do concello.

A portavoz do grupo Socialista di que por parte do seu grupo ninguén fixo tampouco esa afirmación, tralo que o Alcalde lle pide ó portavoz Popular que retire esa afirmación.

O portavoz do grupo Popular di que se ratifica en que foi informado por moitos veciños de que se ía a votar a parte do persoal. Engade que o gasto dos órganos de goberno pasou do 3,4% ó 7,8%, de 34.000 € a 80.600 € e eso que o Delegado de orzamentos non cobra. Que da a impresión, oíndo ó grupo de goberno que a Pobra non existía antes. Que o ano 2007 o orzamento de ingresos era duns 950.000 € e este ano se supera moito esa cantidade o que implica un aumento de impostos.

O Concelleiro Delegado de Orzamentos di que os impostos non se acordaron e que o único acordo que houbo foi de algunha rebaixa, pero que se mellorou a recadación xa que había regularizacións pendentes.

A portavoz do grupo Socialista di que por exemplo había moitos expedientes de recoñecemento de explotacións pendentes e isto supón un importante ingreso no I.C.I.O..

O Alcalde di que había feitas unas 20 e pendentes máis de 150. engade que o portavoz Popular se apunta a todo o que o anterior goberno fixo ben, pero que di que non ten nada que ver cando se fixeron mal.

O portavoz Popular di que o orzamento debe de ir dirixido á poboación do concello. Que hai un 16% de xoves e máis do 56% de maiores de 60 anos, pero que o orzamento presentado non responde a esta situación. Indica que a débeda do concello existe dende fai moito tempo e ademais había una póliza de crédito de 102.000 € e que no mandato anterior se reduciu en total en 165.000 €. Engade que neste mandato o goberno pediu un préstamo de 45.000 € e só sen van a amortizar 2.500 € neste ano.

O Alcalde di que o portavoz Popular confunde e mestura créditos con préstamos. Que se encontraron con que non se xustificaron os gastos do Leader, co P.O.S. pagado e es obras sen facer, e con débedas con empresas sen consignación orzamentaria. Que eso e facer inversión sen ter orzamento. Que a petición do goberno Popular no Plan Concertado non foi realista e que os problemas do Centro de Día só apareceron cando se ía por en marcha.

O portavoz Popular di que está a favor do Consorcio se o Centro de Día se pon en funcionamento nun prazo razoable, pero que hai que saber canto vai custar. Engade que non figura nada no orzamento para protección civil. Remata dicindo que agora o gasto da calefacción do colexio o paga a Consellería.

O Alcalde lle di ó portavoz Popular que se quere negocie alternativas con entidades privadas e as estudiarán.

O Concelleiro Delegado de Orzamentos di que se piden unha Asistente Social a xornada completa, se fan actividades, etc. eso é dirixido á xente maior. No que respecta a Protección Civil, di que se financia con achegas da Xunta.

A portavoz Socialista di que efectivamente agora a Xunta paga os gastos da calefacción do colexio, tanto o combustible como algunhas reparacións como fixo recentemente na avaría dun queimador.

O portavoz Popular di que se aumentan os gastos de persoal, a débeda, os ingresos e que hai exceso de gasto dos grupos de goberno.

O Alcalde di que son uns orzamentos realistas e que serven para impulsa-la actividade económica do concello. Que dicir que se cobra máis é só facer demagogia e o que hai que ver son os resultados dunha mellor xestión. Que cando chegaron había en Loureiro unha avaría sen reparar cuxa solución supuxo un aforro de 1.00 € ó mes, que se abaratóu o custodo gasóleo para o tractor instalando un depósito nos Medos, que se cambiou de provedor de material eléctrico o que supón por exemplo un aforro de 2 € por metro de cable. Continúa cun relato pormenorizado das inversións feitas durante o mandato e di que se melloraron os servicios de axuda a domicilio e asistencia social. Remata dicindo que se fai máis política social e cultural.

A portavoz do grupo Socialista di que os orzamentos se fixeron conxuntamente polos dous grupos do goberno partindo dos datos de anos anteriores e que atenden suficientemente ás necesidades previsibles.

Sometida a votación a proposta se aproba cos cinco votos en contra do grupo Popular e os seis a favor dos grupos Socialista e Nacionalista.

### **1.11º.- REFINANCIAMENTO DE PRÉSTAMO.**

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro Delegado de Facenda dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

O concello ten na actualidade tres préstamos concertados todos eles co Banco de Crédito Local. Os capitais pendentes de amortización son, a data un de xaneiro deste ano, 718.564,11 €, 36.546,24 € e 45.000,00 €.

É vontade deste grupo de goberno reducir de forma significativa, no conxunto do mandato a débeda do concello. Pero está vontade hai que compatibilizala coa situación real herdada que incluía, a máis da débeda oficialmente recoñecida unha serie de débedas ocultas das que o concello ten que facerse cargo. Por tal motivo compre o refinanciamento parcial de dita débeda que permita, coa minoración de cotas a pagar, atender ditas obrigas sen descoida-lo funcionamento habitual do concello. Nesta liña a proposta que se fai consiste no refinanciamento dun só dos préstamos obtendo dous anos de carencia pero sen aumentar os anos de amortización pendentes, polo que a amortización se fará nos quince anos que estaban pendentes. Consonte co anterior, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Refinancia-la débeda que o concello ten co Banco de Crédito Local polo préstamo número 95.43746785, substituíndo dito préstamo por un novo polo importe do capital vivo de aquel e coas seguintes características:*

<i>Importe</i>	718.564,11 €
<i>Prazo de amortización</i>	15 anos
<i>Prazo de carencia</i>	2 anos
<i>Comisión de modificación</i>	0,10 %
<i>Outras comisións</i>	ningunha
<i>Tipo de xuro</i>	Euríbor anual vencido + 0,00 €
<i>Amortización e liquidación de xuros</i>	Anual

2.- *Facultar á Alcaldía para tódolos tramites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a formalización do contrato da devandita operación.*

O portavoz do grupo Popular di que o que procede é devolver capital para reducir a débeda e así non se fai. Indica que durante o mandato do seu grupo se reduciu a débeda. Engade que este refinanciamento terá un custo elevado para o concello.

O Delegado de Facenda di que neste momento non se pode por mor da herdanza recibida pero que se fará ó longo do actual mandato. Continúa dicindo que o custo hai que calculalo polo importe dos xuros que corresponden á fracción non amortizada, e non polo total, polo que é moi reducido.

Sometida a votación a proposta indicada é aprobada cos cinco votos en contra do grupo Popular e os seis a favor dos grupos Nacionalista e Socialista.

### **1.12º.- COMPROMISO EN RELACIÓN COA INSTALACIÓN DUNHA PLANTA DE BIOMASA NO CONCELLO.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

*O desenvolvemento das enerxías alternativas é, ademais dunha necesidade para o planeta e o futuro da humanidade, unha opción económica de futuro que o noso concello debería de aproveitar. Neste senso existe unha alta probabilidade de que a empresa que resulte adxudicataria da Xunta de Galicia para a implantación dunha planta de biomasa na comarca se instale no concello. Para ese fin compre que o concello dispoña dos terreos apropiados para polos a dispor de dita empresa.*

*O Concello ten un polígono industrial, pendente da aprobación definitiva do P.X.O.M. na zona dos Medos que reúne as condicións ideais para dita actividade. Mesmo sen dita aprobación poderían ser utilizados ó tratarse dunha industria de transformación agrario forestal.*

*Ó fin de garantir a opción do noso concello para a implantación de dita planta, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:*

*- Manifestar a disposición do concello para facilitar á empresa que resulte adxudicataria dos dereitos de implantación dunha empresa de produción de enerxía eléctrica a partir da*

*biomasa dos terreos necesarios no lugar os Medos mediante a súa adxudicación de acordo co previsto na lexislación vixente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.13º.- RENUNCIA Ó CARGO DUN CONCELEIRO.**

Pola presidencia se da conta ó Pleno do escrito 641/2008 de 16 de abril no que o concelleiro D. Javier Castro Camino presenta a súa dimisión como concelleiro por motivos persoais. O Sr. Castro Camino foi elixido, no seu día na lista do Partido Popular.

Tanto o portavoz do grupo Popular como os dos grupos Nacionalista e Socialista agradecen ó dimisionario o seu traballo a prol do concello. Este responde agradecendo ó resto da corporación a comprensión e o ambiente no tempo compartido.

O Pleno toma razón da dimisión do concelleiro citado facendo efectivo o cese.

Se somete a votación a urxencia para tratar o punto que sigue, urxencia que é aprobada por unanimidade.

### **1.14º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR.**

Se da conta da seguinte moción do grupo Popular:

Exposición de Motivos

As Normas do Hábitat Galego que ven de aprobar o Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo, pretenden marcar as calidades mínimas coas que se deben construír as novas vivendas.

Estas normas substitúen o actual Decreto de Habitabilidade do ano 1992, e recollen todos os parámetros de cómo deben construírse as vivendas en Galicia, sexan protexidas ou de prezo libre.

Estando de acordo co obxectivo global da mellora das condicións das vivendas, en canto supoñan a mellora das condicións de vida dos cidadáns; sen embargo, o Decreto de habitabilidade aprobado pola Xunta de Galicia, na súa actual redacción, presenta moitos aspectos que, aplicados na práctica, suporán evidentes prexuízos para os veciños.

Por suposto, o PP de G está a favor de todas aquelas medidas que supoñan un aumento da calidade da vivenda e do hábitat dos veciños, pero precisamente por iso, entende que este obxectivo se debe perseguir baseándose na obxectividade e no rigor e non mediante normas improvisadas que suscitan o rexeitamento xeral.

A Constitución Española garantiza a autonomía dos municipios para a xestión dos seus respectivos intereses. Sen embargo, as normas do Hábitat galego aprobadas, supoñen unha inxerencia e un ataque a autonomía local, toda vez que, según teñen manifestado xa moitos técnicos independentes, poderían chegar a colisionar mesmo cos Plans de Ordenación Municipal. Trátase, en consecuencia, dunha norma claramente intervencionista.

A día de hoxe, todos os sectores implicados manifestan a súa preocupación polos efectos negativos que se derivarían da súa inmediata entrada en vigor: invasión na autonomía municipal, encarecemento dos prezos das vivendas de ata un 30%, parálise dos planeamentos en redacción ( nomeadamente para os concellos que os estén a tramitar), exceso de reglamentación, discrecionalidade da Consellería de Vivenda para eximir do cumprimento da norma, etc.

Boa mostra da preocupación xerada por este Decreto é a saturación que, desde a publicación do mesmo, están sufrindo os servizos urbanísticos dos concellos galegos, recibindo un "aluvión" de solicitudes de licenzas de construción antes da súa entrada en vigor.

Trátase dunhas Normas, que como advirte o Consello Consultivo de Galicia nos dous ditames emitidos invaden competencias que non son propias da Consellería de Vivenda e Solo, ademais de que pola súa imprecisión e ambigüidade xerarían inseguridade xurídica.

Os informes elaborados polos axentes implicados son contrarios ao texto aprobado pola Xunta de Galicia, de aí a preocupación que neste Grupo Municipal recolleemos de todos e cada un deles. A FE-GAMP ven de recoñecer explicitamente que as normas en cuestión invaden as competencias da administración local.

Considerando, que estamos inmersos nunha crise económica profunda que repercute en todos os sectores productivos, o CONCELLO DE POBRA DO BROLLÓN, veríase claramente prexudicado pola aplicación deste decreto. Os primeiros prexudicados serían os propios veciños que sufrirían un aumento do prezo das vivendas e que logo abarcaría ao conxunto da actividade económica coa conseguinte paralización dos sectores económicos esenciais. Así mesmo, a aplicación do decreto afectaría negativamente na recadación municipal e consecuentemente frearía a capacidade prestadora de servizos deste concello.

Por todo o anterior, o Pleno do Concello de Pobra do Brollón insta a Xunta de Galicia a:

1.- Derogar o actual Decreto das Normas do Hábitat Galego co fin de elaborar outra norma que naza froito do consenso coas forzas políticas e sociais, as administracións locais, nomeadamente coa FEGAMP, e os sectores, empresariais e profesionais afectados, e que permita garantir unha mellor calidade de vida dos cidadáns e non dificulte o desenvolvemento urbano e urbanístico dos concellos galegos.

2.- Remitir este acordo ao Presidente de Xunta de Galicia, á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, á Fegamp e ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

O portavoz do grupo Popular di que esa norma resta competencias ós concellos e que a Xunta debe de negociar coa FEGAMP porque da pe a discrepancias manifestas, provoca o encarecemento da construción e ten en contra ós constructores.

A primeira Tenente de Alcalde di que o seu grupo apoiará a moción si se cambia a proposta de derrogar por abrir un diálogo coas institucións e modificar algunha das medidas recollidas.

O Alcalde di que esa norma non é un invento do goberno actual da Xunta xa que logo xa existía un decreto de habitabilidade de 1992. que o que a norma pretende é mellorar a calidade das vivendas. Engade que non provocará subida de prezos, que esta é causada pola especulación que subiu os prezos sen mellora-la calidade. Esta norma, di, mellora a calidade de vida.

O portavoz Popular di que houbo especulación, pero que si se reduce o solo se encarecerá.

Modificada a proposta se acorda, cos tres votos en contra do grupo Nacionalista e os oito votos a favor dos grupos Socialista e Popular se acorda:

*Instar á Xunta de Galicia a:*

*1.- Abrir un proceso de negociación e consenso sobre o actual Decreto das Normas do Hábitat Galego co fin de elaborar outra norma que naza froito do consenso coas forzas políticas e sociais, as administracións locais, nomeadamente coa FEGAMP, e os sectores, empresariais e profesionais afectados, e que permita garantir unha mellor calidade de vida dos cidadáns e non dificulte o desenvolvemento urbano e urbanístico dos concellos galegos.*

*2.- Remitir este acordo ao Presidente de Xunta de Galicia, á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, á Fegamp e ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.*

Se somete a votación a urxencia para tratar o punto que sigue, urxencia que é aprobada por unanimidade.

### **1.15º.- SOLICITUDE DE ACHEGA PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO PUNTO LIMPO.**

Dáse conta da seguinte proposta da Delegada de Medio Ambiente:

O concello ten un punto limpo que ven de entrar en funcionamento. Os gastos que isto supón non poden ser asumidos en exclusiva polo concello, polo que propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-lo Plan de explotación do punto limpo e a prestación do servizo por xestión directa.*

2.- *Solicitar da Consellería de medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, o abeiro da orde de 18 de abril de 2008 (D.O.G. número 82/2008 de 29 de abril) unha achega, na contía máxima establecida, para a xestión e explotación do punto limpo da*

Pobra do Brollón, aceptando integramente as condicións de financiación establecidas na citada orde e as que no seu caso se sinalen na resolución pola que se conceda a achega.

3.- Comprometerse a levar un rexistro (nun libro dilixenciado polo Secretario do Concello) para anotar tódalas operacións de depósito de residuos.

4.- Colaborar coa Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia facilitándolle canta información requira.

5.- Permitir o uso do punto limpo por usuarios doutros concellos que non dispoñan do servizo.

6.- Admitir no punto limpo residuos de aparellos eléctricos e electrónicos de orixe non domiciliario.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

## 2.- PARTE DE CONTROL:

### 2.1º.- DECRETOS DA ALCALDÍA.

Pola Alcaldía se da conta ó Pleno dos Decretos dictados dende a última sesión ordinaria celebrada ata o día da fecha que a seguir se relacionan:

<i>DATA</i>	<i>CONCEPTO</i>
02/01/2008	Aprobación Expediente nº 1 de Créditos
16/01/2008	Concesión SAD. Nieves Armesto Armesto
23/01/2008	Autorización corte tráfico I Baixada Carrilanas Salcedo
28/01/2008	Pagamento asistencias membros tribunal “Operario servizo Recollida lixo
28/01/2008	Pagamento asistencias membros tribunal “Conductor Servizo Recollida Lixo”
28/01/2008	Pagamento asistencias membros tribunal “Limpiadores Edificios Concello”
31/01/2008	Autorización celebración I Baixada Carrilanas Salcedo
01/02/2008	Aprobación bases Concursos”Peón e Conductor servizo de Roza” e “Conductor Motobomba”
04/02/2008	Concesión SAD- Carmen López Nuñez
04/02/2008	Concesión SAD- Paz Vázquez Frean
18/02/2008	Aprobación liquidación exercicio 2007
21/02/2008	Aprobación lista admitidos e excluídos e nomeamento tribunal concurso “Operario servizo Roza”
21/02/2008	Aprobación lista admitidos e excluídos e nomeamento tribunal Concurso “Conductor Servizo Roza”
21/02/2008	Aprobación lista admitidos e excluídos e nomeamento tribunal concurso “Conductor Carroceta”
03/03/2008	Aprobación lista definitiva admitidos e excluídos concurso “Conductor servizo de Roza”
03/03/2008	Aprobación lista definitiva admitidos e excluídos concurso “Operario Servizo de Roza”
06/03/2008	Arquivo expediente por caducidade “Ganadería Casa Tristo”
07/03/2008	Aprobación lista contratación persoal “Condutores equipo desbroces”
14/03/2008	Orden desprecintado igrexa Eixón
10/04/2008	Orden suspensión tramitación expediente RAMINP implantación planta biomasa
10/04/2008	Orden remisión expediente e notificación a interesados recurso- Luis Celestino Somoza Pérez
14/04/2008	Pagamento membros tribunal concursos “Operario Servizo Roza”, “Conductor Servizo de Roza” e “Conductor Motobomba”



## **2.02º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

\* R-01/08

- Rogo oral que formula o portavoz do grupo Popular:

*Nas anteriores edicións da feira do viño Antonio Jul prestaba local para a comida oficial e Manuel Aira Guntiñas o terreo para colocar as casetas polo que prego o concello amose o seu agradecemento a ambas persoas facéndoo en todo caso en nome do grupo Popular.*

+ Resposta do Alcalde:

*É certo que a comida se facía nese local e as casetas se instalaban nesa finca, pero a cambio se lles pagaban comidas. Por outra parte este ano as carpas que se poñan pagarán un prezo ó concello. No Goberno do concello non estamos en contra destes agradecemento pero haberá que facelos extensivos a outras moitas persoas que colaboran co concello como son os voluntarios de protección civil, os voluntarios na vixilancia dos montes, os pedáneos do concello, as traballadoras de axuda a domicilio que colaboran voluntarias na festa de terceira idade, os que participan na cabalgata de reis, os veciños que avisan nas avarías da luz ou da auga, os que permiten as rozas nas súas fincas ou os que ceden terreos para ampliar camiños.*

\* R-02/08

- Rogo oral que formula o portavoz do grupo Popular:

*Existe polémica na Pobra polo nome dado polo concello, Guímaros á antiga rúa Calvo Sotelo. Así se puxo de manifesto nunha reunión á que por certo o Alcalde non asistiu. Por tanto rogo ó Pleno que se deixe sen execución o acordo no próximo Pleno e que se escoiten as propostas dos veciños.*

+ Resposta da primeira Tenente de Alcalde:

*Se percibiu cento malestar e se trataba de explicar ós veciños o motivo do cambio. Propón facer unhas xornadas explicativas e logo ter unha reunión cos veciños.*

+ O Alcalde di que o seu grupo non foi invitado á reunión.

\* P-01/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo Popular:

*No seu día se cubriron, mediante contratos de seis meses de duración as prazas de conductor e operario do servizo de recollida de lixo. ¿Tense decidido seguir así ou contratar unha empresa?*

+ Resposta da Delegada de Medio Ambiente:

*O servizo se está prestando ben así e funciona correctamente, polo que se continuará con esta modalidade de xestión directa.*

- O portavoz do grupo Popular pregunta:

*¿Qué pasará a partir de xuño cando venzan estes contratos? ¿Quen prestará o servizo xa que existe unha denuncia contencioso administrativa e unha resolución sobre a eventual suspensión do proceso de selección de persoal que di que non se pode anticipar o fallo pero que se poden causar prexuízos?*

+ A Delegada de Medio Ambiente, responde:

*Se poden prorrogar os contratos ou, no seu caso, contratar ós seguintes de lista xa que esta ten unha vixencia de dous anos.*

*- O portavoz do grupo Popular di que existe unha denuncia no contencioso e que si ben a resolución sobre as medidas cautelares di que non se pode adiantar o fallo, se poden causar prexuízos.*

---

\* P-02/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo Popular:

*No 2001 se presentou por uns veciños de Domiz un contencioso do que o cumprimento da sentenza se demorou cando a orde era deixar os terreos nas condicións previas. ¿Non houbera sido mellor negociar?*

+ Resposta do Alcalde:

*Non se negociou para evitar precedentes e porque sería inxusto con quen cedeu voluntariamente. Engade que no concello non existe constancia de que as expropiacións foran recorridas.*

---

\* P-03/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo Popular:

*Se comprou recentemente un tractor financiado cunha achega da Xunta e un préstamo do B.C.L. entre ambos excedían o importe da adquisición. ¿Qué pasou coa cantidade excedente?*

+ O Alcalde deixa pendente a resposta para o próximo Pleno:

---

\* P-04/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo Popular:

*O parque biosaudable, ¿está en boas condicións? ¿está limpo? ¿está sendo utilizado? ¿vaise promocionar? ¿se sigue pensando que está no lugar ideal?*

+ O Alcalde deixa pendente a resposta para o próximo Pleno.

---

\* P-05/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo Popular:

*na actual convocatoria para o alleamento das vivendas sociais, ¿por qué se admiten veciños de Bóveda ou Monforte e non doutros concellos?*

+ Resposta do Alcalde:

*Foi decisión da Consellería de Vivenda.*

---

\* P-06/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo Popular:

*No seu día se solicitou a desafectación das vivendas do grupo escolar. ¿En que situación se encontran actualmente?*

+ Resposta da primeira Tenente de Alcalde:

*Non se recibiu aínda a resposta da Consellería.*

---

\* P-07/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo Popular:

*¿Se vai a facer o saneamento en Piño e A Labrada?*

+ Resposta da primeira Tenente de Alcalde:

*Este ano se fará o de Pousa e si se pode o de Fornelas, e que en ano sucesivos se farán os demais pobos do concello.*

---

\* P-08/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo Popular:

*¿Hai intención de arranxar a entrada ó campo da festa da Labrada?*

+ Resposta da primeira Tenente de Alcalde:

Si, está previsto.

---

\* P-09/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo Popular:

*¿Por qué motivo hai en Vilachá contedores de lixo que non se recollen?*

+ Resposta da terceira Tenente de Alcalde:

Os contedores se recollen con normalidade agás problemas puntuais:

---

\* P-10/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo Popular:

*¿Se puxo o contedor de lixo solicitado en Eixón?*

+ Resposta da terceira Tenente de Alcalde:

*Hai ese e máis contedores pendentes de poñer, e se fará cando se dispoña deles.*

---

\* P-11/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo Popular:

*No programa da Oficina de Información Xuvenil se prevé un encontro entre asociacións. ¿Será locais ou tamén doutros concellos? ¿Non é moi alto o custo da carpa para eso?*

+ Resposta do Concelleiro Delegado de Cultura:

*Será para asociacións locais. A carpa se usará tamén para realizar actividades xuvenís.*

---

\* P-12/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo Popular:

*¿Cantos viaxes están previsto ó Acuapark?*

+ Resposta do Concelleiro Delegado de Cultura:

*Se farán dous si se pode.*

---

\* P-13/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo Popular:

*¿Cal é a política deportiva a realizar tendo en conta ademais o escrito sobre redución das clases de ximnasia?*

+ Resposta do Concelleiro Delegado de Deportes:

*Se está promovendo a creación dunha agrupación deportiva e outra de motorismo.*

---

\* R-03/08

- Rogo oral que formula o portavoz do grupo Popular:

*Prego que se cambie o emprazamento do cine de verán para non interferir coa práctica do tenis.*

+ Resposta do Concelleiro Delegado de Deportes:

*O cine de verán se fixo no anfiteatro por ser o lugar máis axeitado.*

---

\* R-04/08

- Rogo oral que formula o portavoz do grupo Popular:

*Prego que se proceda a legalización do local social dos veciños de Piño.*

---

\* P-14/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo Popular:

*¿Analizouse a posibilidade de facer un Centro Veciñal en Castroncelos?*

+ Resposta da primeira Tenente de Alcalde:

*Se lles deixa usar unha vivenda do colexio cando a necesitan, pero o concello non ten medios para facer centros.*

- O portavoz do grupo Popular di:

*Na Labrada se fixo.*

+ O Alcalde, responde:

*No caso da Labrada houbo moitas irregularidades.*

---

\* P-15/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo Popular:

*¿Cómo está a tramitación do Plan Xeral?*

+ A primeira Tenente de Alcalde deixa a resposta pendente para o próximo Pleno:

---

\* R-05/08

- Rogo oral que formula o concelleiro do grupo Popular Sr. Castro Camino:

*Prego que se habilite un local para xogar os pequenos da Pobra.*

+ Resposta da primeira Tenente de Alcalde:

Está en estudio habilitar un local na casa da Cultura.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte-únha horas e corenta minutos do día indicado, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a 6 de xuño de dous mil oito.

v. e pr.

O Alcalde,



# CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

## RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día vinteún de maio de dous mil oito, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTEÚN DE MAIO DE DOUS MIL OITO.

José Luís Maceda Vilaríño  
Manuel González Moreira  
José Luís Rodríguez Franco  
Adoración Fernández González  
María Montserrat Macía Quiroga  
Javier González González  
Marisol Vázquez Salgado  
José Antonio Álvarez Sánchez  
Oliva Eva López González  
Estrella Páez Figueiras

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinteún de maio de dous mil oito, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilaríño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia dez, para celebrar sesión extraordinaria do pleno do Concello.

Non comparece o Concelleiro José Antonio García Pérez

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

### ORDE DO DÍA:

#### **1º.- TOMA DE POSESIÓN DUNHA CONCELLEIRA.**

Recibiuse no concello da Xunta Electoral Central a credencial como concelleira de que ocupou o posto sexto na lista electoral do Partido Popular D<sup>na</sup>. Estrella Páez Figueiras.

D<sup>na</sup>. Estrella Páez presentou na Secretaria do Concello as correspondentes declaracións de bens e intereses cumprindo o previsto na lexislación vixente.

D<sup>na</sup>. Estrella Páez Figueiras xura cumprir fielmente coas obrigas do cargo de Concelleira da Pobra do Brollón, con lealdade á Súa Maxestade El Rey, e cumprir e facer cumpri-la Constitución como norma fundamental do Estado.

A continuación D<sup>na</sup>. Estrella Páez Figueiras toma posesión como concelleira do concello da Pobra do Brollón, e se incorpora á sesión.

#### **2º.- CONVENIO COA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Unha das competencias do concello é a prevención e extinción de incendios forestais. A política do actual grupo de goberno, coincidente ca da Xunta de Galicia e facer un gran esforzo na prevención

que reduza o risco de incendios nos nosos montes. Consonte co exposto propono ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aprobar o convenio entre a Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e o Concello da Pobra do Brollón de acordo coas cláusulas que figuran a seguir.*

2.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e expresamente para a sinatura do convenio.*

#### **CLÁUSULAS:**

##### **PRIMEIRA. Obxecto**

*O obxecto do presente convenio é acordar a participación e colaboración entre a Consellaría do Medio Rural e o Concello de Pobra do Brollón (A) na finalidade común de actuar, mediante tarefas preventivas, sobre as causas dos incendios forestais co obxecto de evitalos ou, en todo caso, minorar as súas consecuencias económicas e ambientais.*

##### **SEGUNDA. Traballos a realizar**

*O concello comprométese a xestionar a biomasa vexetal nas vías e camiños forestais da súa titularidade realizando traballos preventivos nos estratos arbóreos, arbustivo e subarbustivo, consonte o disposto no anexo I. Os camiños deberán quedar limpos da vexetación con maior facilidade de ignición, mesmo evitando que as polas das árbores superen o límite da aresta do camiño impedindo deste xeito o efecto túnel.*

*Ademais en caso doutras superficies forestais de titularidade municipal o concello comprométese a realizar labores preventivos de roza mecanizada en áreas cortalumes.*

##### **TERCEIRA, Medios utilizados para a realización das tarefas preventivas.**

*A Entidade Local colaboradora poderá realizar as tarefas de prevención sinaladas no presente acordo con medios propios ou mediante a externalización do servizo con empresas do sector ou empresas públicas. En todo caso, alomenos utilizará para a realización destas labores **o tractor desbrozadora con matrícula E-1237-BFG.***

*O concello comprométese pola súa conta a ter a maquinaria utilizada para estas labores en perfectas condicións mecánicas e de dotación, cumprindo coas obrigas administrativas correspondentes.*

*No caso de externalización dos servizos mediante a contratación dunha empresa, se o gasto supera o importe de 12.000 euros, deberán solicitarse tres ofertas a distintos provedores previo á contratación do servizo, nos termos do art. 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.*

*A elección entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía na proposta económica máis vantaxosa.*

##### **CUARTA. Coordinación dos traballos**

*Os traballos preventivos a realizar designaranse en función do Programa de Actuación presentado polo concello, que deberá estar en concordancia co Plan de .. Prevención do Distrito Forestal, e que será aprobado pola comisión de seguimento detallada na cláusula **sexta** do convenio.*

*O Programa de Actuación presentarase para a súa revisión no Distrito Forestal no que se enmarque o concello e deberá conter alomenos unha cartografía con planos sobre mapas oficiais, preferentemente a escala 1:5.000, ou no seu defecto a escala 1:10.000 no que se reflicten as actuacións.*

*Dada a natureza preventiva dos traballos contemplados no presente convenio, farase unha inspección previa á iniciación da obra polo técnico competente da Consellaría do Medio Rural para verificar as superficies e a viabilidade dos traballos.*

##### **QUINTA. Contratación de persoal polo concello**

*En caso de contratar persoal para estes traballos, este dependerá tanto xurídica como organicamente do concello e, en ningún caso, terá vínculo laboral coa Xunta de Galicia.*

*O concello deberá cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento das súas cláusulas.*

#### **SIXTA. Seguimento do Convenio**

*Co fin de velar pola execución do presente convenio, crearase unha comisión de seguimento presidida polo Delegado Provincial da Consellaría do Medio Rural (ou representante en quen delegue), un representante do concello e o Xefe do Distrito Forestal.*

#### **SÉTIMA. Dotación orzamentaria**

*A Consellaría do Medio Rural, financiará as accións previstas neste convenio con cargo á aplicación orzamentaria 11.06.551-B.760.0, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008. En relación co gasto público total, a porcentaxe de cofinanciación do FEADER é dun 57,56%. A porcentaxe máxima a subvencionar neste convenio será do 100% do investimento, cun importe máximo de **CENTO VINTE E SEIS EUROS por hectárea limpa (126 €/ha)**. Estímase un orzamento máximo anual de **6.804,00 €**.*

*A Consellaría comprométese a financiar os custos das actuacións realizadas polo concello, segundo o disposto nas cláusulas deste convenio, sen superar en ningún caso, os importes máximos reflectidos no parágrafo anterior.*

*Non se prevé a realización de pagamentos parciais ou anticipos.*

#### **OITAVA. Pagamentos**

*Os labores preventivos deberán rematar o **31/10/2008** e a xustificación dos mesmos rematará o **15/11/2008** do presente ano e para proceder ao pagamento deberá remitirse a seguinte documentación:*

*Por parte do concello:*

- 1. Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade; no caso de non ter ningunha axuda, deberán presentar unha declaración de que so se percibe este importe para esta finalidade (Resolución da Consellaría de Economía e Facenda do 30 de novembro de 1999, DOG nº 236 do 9 de decembro de 1999).*
- 2. Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, da execución do gasto total do convenio e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda. No caso de que existan outras axudas deberase especificar a achega de todas as axudas e o gasto total do conxunto destas. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.*
- 3. Nomes dos responsables do manexo da maquinaria e especificación do responsábel e número de teléfono de contacto.*
- 4. Matrícula da maquinaria, con especificación de que cumpre coas obrigas administrativas.*
- 5. En caso de contratación de persoal: Nome do persoal contratado con especificación do responsábel e número de teléfono de contacto.*
- 6. En caso de utilización de vehículo de transporte de persoal: matrícula do vehículo todoterreo utilizado, con especificación do cumprimento de todas as obrigas administrativas que correspondan (ITV, pólizas de aseguramento, etc.)*
- 7. Comunicación de inicio das actuacións preventivas, asinadas por autoridade ou funcionario municipal competente.*

*Por parte da Consellaría:*

1. *Certificación expedida por un técnico do Distrito Forestal no que se enmarque o concello, da execución das obras realizadas **conforme o disposto na cláusula CUARTA**, especificando os lugares e número de hectáreas realizadas, e que deberá coincidir co **Programa de Actuación** aprobado pola comisión de seguimento.*

*Con esta certificación poderase modificar á baixa a cantidade aprobada inicialmente, no caso de que se realice un número menor de unidades de obra das aprobadas.*

*A redución anterior vira incrementada gradualmente, do seguinte xeito:*

*Os pagos calcúlanse sobre a base do que se considera elixible. Cada unidade xestora determinará:*

- a) O importe que se pode conceder ao beneficiario en función exclusivamente da solicitude de pagamento. A tal efecto tomaranse en consideración a suma dos importes de gastos que o beneficiario presenta como xustificación da operación aprobada.*
- b) O importe que se pode conceder ao beneficiario logo de controlar a elixibilidade dos gastos que o beneficiario presenta como xustificación da operación aprobada.*

*A cantidade a pagar ao beneficiario será a definida no importe b). Cando o importe a) supere ao importe b) en mais dun 3% a cantidade a pagar é igual ao importe b) menos a diferenza entre os dous importes. Esta redución non se aplica cando o beneficiario pode demostrar que non é responsable da inclusión do importe non elixible.*

*Entenderanse como gastos elixibles: Os gastos de man de obra e os de funcionamento dos tractores e do vehículo de transporte que estean ligados á actividade subvencionable. Non será subvencionable o gasto de mantemento ou de reparación de tractores e vehículos de transporte.*

*Soamente será subvencionado o IVE na medida en que sexa real e efectivamente soportado polo beneficiario.*

*O concello deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.*

#### **NOVENA. Actuacións de comprobación da inversión**

*O concello someterase as actuacións de comprobación que con respecto á xestión dos fondos do presente convenio pode efectuar a Consellaría do Medio Rural, as de control orzamentario requiridas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como aos controis que poidan realizar as institucións comunitarias, tendo en conta que se trata de actuacións cofinanciadas con fondos comunitarios.*

#### **DÉCIMA. Compatibilidade con outras axudas**

*As axudas concedidas no presente convenio serán incompatíbeis con calquera outra de réxime comunitario para a mesma finalidade.*

*Así mesmo no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.*

#### **DÉCIMO PRIMEIRA. Reintegros**

*Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.*



*O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio, así como a concorrencia dalgunha das causas de reintegro recollidas no artigo 33 da Lei 9/2007, darán lugar ao reintegro total ou parcial da axuda recibida.*

*No caso de que exista unha minoración do gasto por calquera das causas anteriores, correspóndelle esta minoración á achega efectuada pola Consellaría do Medio Rural.*

#### **DÉCIMO SEGUNDA. Interpretación**

*A Consellaría do Medio Rural, interpretará o clausulado e resolverá as diverxencias que puideran acaecer, así como as dúbidas ou calquera outra incidencia que se derive do cumprimento do disposto no presente convenio.*

#### **DÉCIMO TERCEIRA. Rescisión do convenio**

*Será motivo de rescisión do presente convenio, o incumprimento das súas cláusulas mediante denuncia de calquera das partes, oída a comisión á que se refire a cláusula novena procedéndose ao reintegro da axuda percibida e dos xuros de demora, segundo o disposto no Título II da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

#### **DÉCIMO CUARTA. Natureza do convenio e normativa aplicable**

*O presente convenio ten natureza administrativa e tódalas cuestións que del se deriven, resolvense ante a xurisdicción contencioso-administrativa.*

*En todo o non previsto neste convenio, estarase ao disposto na lei 9/2007, de subvencións de Galicia, na lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais, no Regulamento (CE) 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no regulamento (CE) 1974/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1698/2005 e no Regulamento (CE) 1975/2006, da Comisión do 7 de decembro polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.*

*As actuacións previstas neste convenio enmárcanse no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013, no eixo 2 medida 226 submedida 22610: Medidas preventivas (silvicultura preventiva).*

#### **DECIMOQUINTA. Vixencia**

*O presente convenio manterá a súa vixencia máxima ate o día 31 de decembro de 2008.*

A portavoz do grupo Popular di que o seu grupo non está de acordo con que a Consellaría de Medio Rural supervise, valore ou certifique o traballo cando a subvención non pasará de 6.400,00 € que é insuficiente e o concello terá que aportar os medios. Que non existe valoración de gastos. Que, ó seu xuízo o convenio pode ser mellorable polo que o seu grupo se absterá.

O Alcalde pregunta se é necesario rozar. Nese caso só hai dúas alternativas, ou aceptar o convenio ou non, correndo o concello con tódolos gastos. Engade que o convenio é marco da Consellaría e non se negocia bilateralmente, polo que en todo caso o debate que se pretende debería ser feito no Parlamento Galego. Remata dicindo que xa que hai que rozar, mellor este convenio que nada.

Sometida a votación a anterior proposta, é aprobada coas catro abstencións do grupo Popular e seis a favor dos grupos Socialista e Nacionalista.

### **3º.- CONVENIO COA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.**

Dáse conta da seguinte proposta da carta Tenente de Alcalde dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

O concello dispón dun vehículo para a recollida de lixo que, pese a estar ben coidado, pola súa antigüidade precisa de renovación. Feitas as correspondentes xestións, se acadou o compromiso da correspondente consellería para financia-la adquisición. Consonte co anterior, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo convenio entre o Concello da Pobra do Brollón e a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible de acordo coas cláusulas que se inclúen a seguir.

2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e expresamente para a sinatura do convenio.

*PRIMEIRA.- Obxecto:*

*O presente Convenio ten por obxecto a adquisición dun camión para a recollida dos residuos sólidos urbanos no concello de Pobra do Brollón.*

*Esta subvención nominativa ven motivada polas especiais circunstancias que se dan no concello de Pobra do Brollón, que no se dan noutros concellos de Galicia, non estando en consecuencia xustificada a convocatoria pública dunha subvención para tal fin:*

- *É un dos concellos de Galicia clasificado no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia como rural (expoñendo V).*
- *Presta directamente o servizo de recollida de lixo e o seu camión precisa de xeito inminente a súa renovación, sen que dito concello poda, polos motivos expostos, facer fronte a dita adquisición polos seus propios medios, sen poñer en risco a prestación dos distintos servizos básicos de competencia municipal.*

*SEGUNDA.- Obrigas das partes:*

1.- *A CMADS obrígase a aportar o financiamento necesario para a adquisición dun camión para a recollida dos residuos sólidos urbanos no concello de Pobra do Brollón.*

*Dito financiamento, por un importe máximo de 120.000 euros, realizarase con cargo aos orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, aplicación 15.01.541 A.760.0.*

2.- *Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.*

3.- *Procederá o reintegro, total ou parcial, da axuda e dos xuros de demora devengados, desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos casos seguintes:*

- *Incumprimento da obriga da xustificación ou xustificación insuficiente.*
- *Obtención da subvención sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión, falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que a impedisen.*
- *Incumprimento total ou parcial do obxectivo que fundamenta a concesión da axuda.*
- *En xeral, cando se incumpra algunha das obrigas establecidas neste convenio ou nos demais supostos recollidos na normativa reguladora das subvencións.*

4.- *O órgano xestor constatará a realización total da actividade subvencionada, para os efectos do previsto no artigo 15.3 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, mediante a aportación por parte do concello da acta de recepción das obras.*

*A estes efectos, dito Departamento procederá ao aboamento dos investimentos efectuados previa a súa xustificación documental.*

5.- *Esta axuda non será compatible con outras axudas para a mesma fin.*

6.- O concello de Pobra do Brollen comprométese á adquisición dun camión para a recollida dos residuos sólidos urbanos no referido concello, conforme a súa propia normativa e de acordo coa que regula a contratación nas administracións públicas.

7.- Para proceder ó pagamento o concello deberá aportar os xustificantes do investimento realizado, mediante facturas orixinais ou fotocopias cotexadas do gasto, acompañadas da correspondente acta de recepción, así como da certificación, á que fai referencia o artigo 15 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

8.- Presentará, igualmente, no momento da xustificación e, coa solicitude de pago, unha declaración complementaria sobre o conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma adquisición, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

En caso de non terse solicitado nin obtido axuda algunha ao respecto presentarase declaración expresa nese sentido.

9.- Así mesmo, facilitará, de ser o caso, toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas.

10.- O concello asume a obriga de manter o investimento durante un período mínimo de cinco anos.

11.- Por outra banda, deberá publicitar, a través dun cartel, ubicado nunha parte ben visible do vehículo, que o mesmo se adquiriu co financiamento da CMADS.

12.- Así mesmo, coa sinatura deste convenio, o concello autoriza á Secretaría Xeral para incluír os datos incluídos no mesmo nos rexistros administrativos regulados nos Decretos 132/2006, do 27 de xullo, e 126/2006, do 20 de xullo.

**TERCEIRA.- Comisión de Seguimento:**

Créase unha Comisión de Seguimento do presente convenio, presidida polo Director Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da CMADS, que estará integrada por un representante de cada unha das partes signatarias. As súas funcións serán:

- a) Impulsar e avalia-lo cumprimento do presente convenio.
- b) Interpretar, en caso de dúbida, o contido do presente convenio.
- c) Propor as partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

**CUARTA.- Resolución:**

Serán causas de resolución do presente Convenio de colaboración:

- a) A imposibilidade do cumprimento do obxecto do convenio por causas non imputables as partes.
- b) O recíproco acordo entre as partes asinantes.
- c) O cumprimento íntegro do seu obxecto. **QUINTA.-Vixencia:**

A vixencia do presente acordo iniciarase a partir do día seguinte ó da súa sinatura e rematará o 15 de decembro de 2008.

**SEXTA.- Xurisdicción aplicable:**

O presente convenio ten carácter administrativo e rexerese polas estipulacións que nel se conteñen e no seu defecto pola normativa de dereito administrativo. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa aplicación serán competencia da xurisdicción contencioso-administrativa.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

#### **4º.- ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA A RECOLLIDA DE LIXO.**

Dáse conta da seguinte proposta da carta Tenente de Alcalde dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

*Tendo xa financiamento para a adquisición dun vehículo para a recollida de lixo, compre que se convoque o correspondente concurso. Consonte co anterior, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:*

1.- *Aproba-los pregos de condicións técnicas e económico administrativas para a adquisición por concurso dun vehículo para a recollida de lixo que se inclúen a seguir.*

2.- *Convocar o correspondente concurso de acordo coas bases aprobadas.*

#### ***PREGO DE CONDICIÓNNS TÉCNICAS QUE REXERÁN PARA A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DE 12 m<sup>3</sup>.***

##### **1.- OBXECTIVO**

*O obxectivo do presente prego é determina-las características técnicas que servirán de base para a adquisición dun vehículo destinado á recollida de residuos sólidos urbanos.*

*O equipo estará fabricado conforme ós requisitos esenciais da directiva europea 89/392/CEE e anexos e norma 1501/2, achegando certificado de empresa allea ó fabricante.*

##### **2.- CARACTERÍSTICAS**

*As dimensións de todo o conxunto posto en funcionamento non deberán de exceder das seguintes:*

*Alto: 3.200 mm.*

*Longo: 7.300 mm.*

*Largo: 2.350 mm.*

##### **2.1.- AUTOBASTIDOR**

*CHASIS. O chasis será adecuado para a instalación dunha caixa recolectora de aproximadamente 12 m<sup>3</sup> de capacidade. A montaxe da caixa recolectora non ha de impedir as operacións normais de entretemento e mantemento do vehículo; non ha de impedir tampouco o acceso aos diferentes elementos mecánicos do chasis.*

*P.M.A. Terá un peso máximo autorizado de aproximadamente 15.000 Kg.*

*DISTANCIA ENTRE EIXES. Será de aproximadamente de 3.500 mm. E.e.*

*SUSPENSIÓN: traseira pneumática.*

*MOTOR. O motor será de ciclo diesel e unha potencia igual ou superior a 240 CV. Cumprirá a normativa EURO IV.*

*TOMA DE FORZA. Instalada en caixa de cambios.*

*DIRECCIÓN. Asistida hidráulica.*

*FREOS. Pneumáticos sobre as rodas. Disporá de freo de estacionamento.*

*CABINA. Abatible. Cor branca. Disporá de terceiro asento. Debe dispor dos elementos e equipo necesario para o control do vehículo e detección de funcionamento defectuoso cuxo descoñecemento poida provocar avarías e/ou accidentes.*

*Iluminación E SINALIZACIÓN. Equipado con todas as luces e sinalizacións previstas no código de circulación.*

*ESCAPE. Vertical e por encima do nivel da caixa.*

## **2.2.- CAIXA RECOLECTORA – COMPACTADORA**

*A caixa de recollida de residuos será adecuada ao fin ao que está destinado, coas adecuadas condicións de resistencia, seguridade, robustez, limpeza e durabilidade.*

*CAPACIDADE. O volume neto da caixa será aproximadamente de 12 m<sup>3</sup> e a tolva 2 m<sup>3</sup>.*

*CAIXA. De chapa de aceiro de alta tensión e con espesores axeitados. Os laterais exteriores serán lisos, sen nervios nin ángulos, para evitar a acumulación de auga ou residuos que poidan provocar oxidacións prematuras. Os perfís estruturais serán de aceiro e co espesor e características que garantan a resistencia e o fin ó que está destinado. Estará protexida con pintura anticorrosiva elástica, aplicada previo desengraxado, de forma que non salte nin se esconche por posibles deformacións ou torsións no soporte. O conxunto da caixa será completamente estanco para evitar a vertedura na rúa de posibles líquidos.*

*MECANISMO DE COMPACTACIÓN E PLACA EXECTORA. A placa exectora deslizará polo interior da caixa mediante unha guía central con patíns con baixo nivel de rozamento e alta resistencia ao desgaste, de fácil intercambiabilidade. O cilindro que actúe sobre a placa será de dobre efecto e disposto en diagonal. A placa será pasante para facilitar a descarga e permitir a saída de lixiviados. A prensa e pala de compactación serán deseñados en función de obter a máxima resistencia co menor peso e ademais evitar as retencións de auga ou residuos cunha compactación útil en superficie de pala de aproximadamente 2,4 kg./cm<sup>2</sup>. Buscarase a mínima duración do ciclo de prensado.*

*Durante o proceso da carga de RSU, o sistema compactador deberá producir o efecto DUO-PRESS ou dobre prensado, o que garante unha homoxeneidade da relación ao longo do proceso de carga e un índice óptimo.*

*RAMPLA E TOLVA. Nunha soa peza e sen unións soldadas, coas adecuadas calidades e espesores segundo os esforzos a soportar. O fondo da tolva será de aceiro antidesgaste URSSA 400 de 8 mm. de espesor mínimo.*

*O peche da tolva será automático usando os cilindros de elevación da mesma. Valorarase o maior largo útil de carga que facilite o traballo dos operarios e permita a recollida de residuos voluminosos.*

*Os cilindros de pala e carro deberán ser de dobre efecto e fixación por rótula, con finais de careira a través de captadores inductivos, programados pola unidade autómatá PLC.*

*CAIXA-BASTIDOR AUXILIAR: Con sistema modular totalmente atornillado para adaptarse a todos os autobastidores do mercado, e sistema articulado de caixa que permite o acceso á caixa de velocidades e/ou bomba hidráulica.*

*SEGURIDADE. Presentará placa identificativa de cumprimento da Directiva 98/37/CEE e 1501/2. Disporá de interruptores e/ou pulsadores de urxencia e seguridade na parte traseira. Luz de iluminación de tolva. Estribos para os operarios abatibles e antiescorregadizos. Faro xiratorio ámbar homologado.*

*Presentará cumprimento da normativa de nivel de potencia acústica 2000/14 e que en ningún caso deberá superar os 102 dB. Achegarase certificado de empresa colaboradora allea ao fabricante.*

*PINTURA. A totalidade das superficies do recolector protexeranse contra a corrosión contemplando as seguintes operacións mínimas; desengraxado e fosfatado superficial, pasta base, dúas capas de imprimación, selado de hermeticidade, dúas capas de pintura cor branca normalizado, igualado á mesma tonalidade da cabina e calidade poliuretano con secado ao forno a 60° e franxas e sinalizacións de seguridade.*

*ELEVADOR DE CUBOS E COLECTORES. Equipado con elevador polivalente sincronizado de traxectoria vertical para cubos de 120 a 360 litros e colectores de 500 a 1.100 litros (normas EN 840 -*

1, EN 840 -2 e EN 840 - 3) mediante peite e brazos tipo DIN.

*Debe incorporar un sistema de velocidade variable de ascenso e descenso mediante autómatas e regulador electrónico.*

### **3.- PRAZO DE ENTREGA**

*Prazo máximo de entrega deberá non exceder de dous meses dende que se lle comunique a adxudicación.*

### **4.- GARANTÍA E SERVICIO TÉCNICO**

*A garantía do vehículo con todos os seus compoñentes será como mínimo dun ano desde a recepción provisional.*

*Especificarase o servizo post-venta que será responsable da garantía así como a súa proximidade que non excedera dos cen quilómetros desde este termino municipal, así mesmo deberase demostrar a súa colaboración con devandita empresa.*

*Á recepción do equipo terminado impartirase un curso/posta en marcha para a capacitación dos operarios e persoal de mantemento; así mesmo entregárase o correspondente libro de mantemento e repostos.*

### **5.- ADXUDICACIÓN**

*Cumpridas as condicións esenciais esixidas e estudiadas todas as ofertas adxudicárase á que por criterio obxectivo dos técnicos sexa a máis adecuada aos intereses da mesa de contratación.*

*As valoracións porcentuais obxectivas serán as seguintes:*

- *Menor prazo de entrega: 30 puntos*
- *Maiores prestacións e calidade do produto: 25 puntos*
- *Mellor servizo de asistencia técnica oficial na zona: 25 puntos*
- *Maior garantía: 10 puntos*
- *Mellor prezo, 10 puntos*

## **PREGO DE CONDICIÓN ECONÓMICO ADMINISTRATIVAS PARA A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO PARA A RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN POR CONCURSO ABERTO E TRÁMITE URGENTE.**

---

---

*1º.-OBXECTO DO CONTRATO: A adquisición, polo concello da Pobra do Brollón dun vehículo para a recollida de Residuos Sólidos Urbanos de acordo co prego de condicións técnicas aprobado polo concello.*

*2º.-TIPO DE LICITACIÓN: Establecese o tipo de licitación en cento vinte mil euros (120.000,00 €). Neste prezo, e no seu caso no ofertado, considérase incluído o I.V.E.e tódolos gastos que resulten do contrato.*

*3º.-ADXUDICACIÓN: Realízase concurso aberto. A oferta do contratista non poderá supera-lo tipo de licitación nin se admitirán ofertas que consistan nunha referencia a outros licitadores. As ofertas deberán igualar ou mellora-lo tipo á baixa. O contratista poderá optar igualmente a oferta-lo compromiso de entregar equipamento complementario polo importe que estime oportuno e sen ningún cargo para o Concello. Neste caso o órgano de contratación poderá escoller o equipamento que estime oportuno, valorados a prezos coherentes cos da oferta e ata o importe da mellora ofertada.*

*A vista das ofertas, o órgano de contratación requirirá informe dos técnicos ou profesionais que estime oportunos quen realizarán unha valoración das ofertas. Teranse en conta de xeito ponderado o tipo, calidade, así como as melloras complementarias ofertadas e a baixa no tipo de licitación. En todo caso, a puntuación unitaria das ofertas complementarias será o triple da baixa no tipo de licitación.*

4°.-EXPEDIENTE: Encóntrase de manifesto na Secretaría do Concello, así como os pregos de condicións.

5°.-GARANTÍAS: Provisional: non se esixe. Definitiva 4% do importe da adxudicación.

6°.-PRAZOS: Para a presentación de proposicións, quince días naturais desde a aparición do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. De ser o último día sábado, domingo ou festivo, o prazo rematará o seguinte día hábil non sábado. O horario para a presentación será de 10 a 14 horas. Para a entrega do vehículo o establecido no prego de prescricións técnicas ou o ofertado polo licitador.

7°.-PROPOSICIÓNS: Presentaranse en dous sobres pechados que poderán estar lacrados ou precintados e que se titularán “PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NO CONCURSO PARA A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO PARA A RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN QUE PRESENTA A EMPRESA \_\_\_\_\_”.

O primeiro deles, subtitularase “DOCUMENTACIÓN”, e nel incluírase o seguinte:

- \* Fotocopia compulsada do DNI e do NIF do licitador ou do seu representante.
- \* Fotocopia compulsada da escritura de constitución da empresa, no seu caso, na que figure a designación da persoa apoderada.
- \* Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, consonte os artigos 49 e concordantes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- \* Xustificación da solvencia económica financeira e técnica ou profesional por calquera dos medios sinalados na citada Lei.
- \* Documentación acreditativa de estar ó día nas obrigas fiscais e coa Seguridade Social.

No segundo sobre, que levará o subtítulo “OFERTA ECONÓMICA”, incluírase a proposición económica de acordo co seguinte modelo:

<p>Don _____, con DNI vixente número _____, en nome propio (ou en representación da empresa _____, con NIF número _____), oferta ó concello da Pobra do Brollón, a venda dun vehículo para a recollida de residuos sólidos urbanos coas características que se describen a seguir<sup>1</sup> de acordo co prego de condicións aprobado polo Alcalde do concello, que coñece e acepta, e polo prezo de _____ (_____) euros.</p> <p>Dito prezo supón unha baixa de _____ (_____) euros sobre o tipo de licitación.</p> <p>Así mesmo, comprométese a entregar equipamentos complementarios que ordene a Alcaldía, valorados conforme á memoria valorada e sen cargo para o Concello, pola cantidade de _____ (_____) euros</p> <p style="text-align: right;">(lugar, data e sinatura)</p>
---

Características do vehículo ofertado:

Marca	
Modelo	

<sup>1</sup> Deberá incluírse descrición completa do vehículo e as súas características técnicas ou referirse a folleto informativo ou catálogo que xunte no mesmo sobre. Neste caso deberá estar plenamente identificado o vehículo ofertado, converténdose, todas as características que na información se sinalen en lei de contrato e polo tanto esixibles polo concello.

<i>Chasis</i>		
<i>Dimensões</i>	<i>Altura máxima</i>	
	<i>Largo máximo (incluída carrozaría e focos)</i>	
	<i>Longo máximo (incluída carrozaría)</i>	
<i>Peso máximo autorizado</i>		
<i>Distancia entre eixes</i>		
<i>Suspensión</i>		
<i>Motor</i>		
<i>Embrague</i>		
<i>Caixa de cambios</i>		
<i>Toma de forza</i>		
<i>Dirección</i>		
<i>Freos</i>		
<i>Cabina</i>		
<i>Alumeado e sinalización</i>		
<i>Escape</i>		
<i>Caixa recollidora compactadora</i>		
<i>Capacidade neta da caixa</i>		
<i>Capacidade neta da tolva</i>		
<i>Descrición da caixa</i>		
<i>Descrición do mecanismo de compactación e placa exectora</i>		
<i>Descrición da rampla e tolva</i>		
<i>Índice de compactación</i>		
<i>Descrición dos sistemas de seguridade</i>		
<i>Descrición do elevador</i>		
<i>Descrición dos tempos de elevación</i>		
<i>Prazo máximo de entrega</i>		
<i>Garantía ofertada</i>		
<i>Situación do servizo técnico</i>		



Poderase xuntar así mesmo *documentación* gráfica ou escrita complementaria que describa as características do vehículo, referenciada sempre ó que figura na oferta. Alternativamente poderanse facer ofertas diferentes da que figura nestas bases.

8º.- *APERTURA DE PLICAS: Será en acto público ó que se invita polo presente anuncio de concurso expresamente ós licitadores ou ós seus representantes. A apertura dos sobres de documentación terá lugar ás nove horas do día hábil seguinte ó do remate do prazo de presentación de proposicións. Se a algún licitador lle faltase algunha da documentación esixida, daráselle un prazo de ata as 12 horas do carto día hábil posterior. Os sobres de oferta económica se abrirán a continuación dos da documentación, se esta é toda correcta, ou ás nove horas do día hábil seguinte ó remate do prazo antes indicado. A mesa de contratación, que realizará unha proposta de adxudicación, estará presidida polo Alcalde e actuará como secretario un funcionario do concello. Serán vocais, os tres tenentes de Alcalde e o Secretario da Corporación.*

9º.- *GASTOS: Corren por conta do licitador que resulte adxudicatario, os gastos dos anuncios necesarios para a contratación.*

10º.- *LIQUIDACIÓN: Os aumentos de equipamento ofertados polo adxudicatario sen cargo para o Concello, valoraranse e certificaranse en función dos prezos de partidas similares que figuren na oferta. Se o contratista ofertase a realización de aumento de equipamento, e pola razón que fose non as executase, o seu importe, aumentado nun 10%, descontarase do total do prezo do contrato, considerándose como se fose unha baixa na licitación.*

11º.- *Sancións: Dada a importancia que o prazo de entrega ten na adxudicación o incumprimento dos prazos de entrega ofertados dará lugar unha sanción que será o resultado de multiplicar o número total de días pola cantidade que resulte aplicable da seguinte táboa:*

<i>Demora</i>	<i>Euros</i>
<i>Menos de 7 días</i>	<i>200,00</i>
<i>Entre 8 e 14 (ambos incluídos)</i>	<i>250,00</i>
<i>Entre 15 e 21 (ambos incluídos)</i>	<i>300,00</i>
<i>Sucesivamente a contía diaria se incrementará en 50,00 € por cada semana adicional de demora</i>	

12º.- *DEREITO SUPLETORIO: No non previsto nos pregos de condicións, estarase ó establecido pola lexislación vixente e ó que, no seu caso, resolva a Corporación.*

A portavoz do grupo Popular pide que no sucesivo se inclúa nas mesas de contratación a membros do seu grupo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte horas e cincuenta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a once de xuño de dous mil oito.

v. e pr.

O Alcalde,



# CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

## RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día doce de xuño de dous mil oito, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DOCE DE XUÑO DE DOUS MIL OITO.

José Luís Maceda Vilaríño  
Manuel González Moreira  
José Luís Rodríguez Franco  
Adoración Fernández González  
María Montserrat Macía Quiroga  
Javier González González  
José Antonio García Pérez  
Marisol Vázquez Salgado  
José Antonio Álvarez Sánchez  
Oliva Eva López González  
Estrella Páez Figueiras

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte horas e trinta minutos do día doce de xuño de dous mil oito, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilaríño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia once, para celebrar sesión ordinaria do pleno do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

### ORDE DO DÍA:

#### 1.- PARTE DISPOSITIVA:

##### **1.01º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.**

Este asunto se retira da orde do día por non haberse podido remitir a tempo as actas ós concelleiros por avaría na fotocopadora.

##### **1.02º.- COMUNICACIÓN DO GRUPO POPULAR.**

Dáse conta ó Pleno do escrito 846/2008 de 15 de maio do portavoz do grupo Popular comunicando o nomeamento de D<sup>ma</sup>. Marisol Vázquez Salgado como portavoz suplente de dito grupo, e como membro en representación dese grupo na Comisión Informativa e Especial de Contas, trala dimisión como concelleiro de D. Javier Castro Camino.

##### **1.03º.- MODIFICACIÓN DA OBRA DO P.O.L. 2006.**

Dáse conta da seguinte proposta da primeira Tenente de Alcalde dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

A execución da obra 552/2006 do P.O.L. amosou necesidades para completar o servizo e polo en funcionamento. Elaborado o proxecto complementario, proponho ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aprobar as modificacións na obra 552/2006 do P.O.L. “Saneamento e abastecemento núcleos Pobra do Brollón, Estación, Covadelas e Río de Bois” que se indican no proxecto complementario elaborado por D. Manuel Eduardo López Vázquez.*

2.- *Solicitar da Deputación Provincial de Lugo a execución de ditas obras complementarias.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

#### **1.04º.- DELIMITACIÓN DE NÚCLEOS RURAIS.**

Este asunto se retira da orde do día.

#### **1.05º.- XESTIÓN DO SERVICIO DE RECOLLIDA DE LIXO.**

Dáse conta da seguinte proposta da Concelleira Delegada de Medio Ambiente dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Tradicionalmente o servizo de recollida de lixo veuse xestionando mediante a contratación dunha empresa que o prestaba a cambio dun prezo establecido.

Neste ano o servizo vense prestando por xestión directa mediante a contratación de traballadores laborais, observándose no tempo transcorrido que o servizo non perdeu en calidade, e con menos custos se mellorou na prestación doutros servizos como a limpeza viaria e proximamente a xestión do punto limpo. Consonte co anterior propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Establecer como xestión directa a forma de prestación do servizo de recollida de lixo, limpeza viaria e xestión do punto limpo.*

2.- *Facultar á Tenente de Alcalde de Medio Ambiente para tomar as medidas provisionais necesarias para o cumprimento deste acordo en tanto non se estudien polo Pleno as definitivas.*

O portavoz do grupo Popular pregunta polos custos do servizo. Recorda que xa no seu día se manifestaron en contra desta xestión polo problema que poden ocasionar as baixas ou vacacións. Informa que no contencioso que está en trámite a outra parte recorreu a resolución do tribunal de non acceder á suspensión cautelar e que en todo caso se o recorrente ten razón, haberá custos para o concello.

A Delegada de Medio Ambiente di que tamén tiveron dúbidas ó principio sobre todo polo risco de que o camión existente que xa ten moitos anos fallase, pero que agora, con novo camión que teremos proximamente, non haberá ese problema. Engade que o grupo de goberno está pola xestión pública e que con menos custo se está facendo máis servizo. Remata dicindo que se espera a sentenza, pero que mentres hai que seguir a presta-lo servizo.

O portavoz Popular di que existe xestión indirecta a través de empresas en concellos de tódolos colores políticos.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

#### **1.06º.- ORDENANZA DE FUNCIONAMENTO DO PUNTO LIMPO.**

Dáse conta da seguinte proposta da Concelleira Delegada de Medio Ambiente dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Para a posta en marcha do punto limpo do concello compre establecer a regulación do seu funcionamento. Dada as características do concello se prevé que sexan os usuarios quen leven ó punto limpo os materiais que se recollen nel. Así mesmo deberán proceder quen aporte materiais dende outro concello. Se prevé en todo caso a recollida domiciliaria para aqueles veciños que así o desexen. Compre por outro lado concretar os materiais susceptibles de ser depositados, e as condicións que deben de presentar para ser recollidos. Á vista do anterior, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-la Ordenanza reguladora do punto limpo do concello da Pobra de Brollón co texto que figura a seguir.*

2.- Facela pública por prazo de trinta días hábiles a efectos de exame e reclamacións, considerándoa definitivamente aprobada de non presentarse ningunha en dito prazo.

#### **ORDENANZA REGULADORA DO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DA POBRA DE BROLLÓN**

*Cumprindo o disposto no art. 70 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.*

#### **TITULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS.**

**Artigo 1.-** *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1.- *A presente regulamentación ten por obxecto regula-las actividades relacionadas coa posta en marcha e funcionamento do Punto Limpo de residuos do termo municipal da Pobra de Brollón.*

2.- *A titularidade e competencia do Punto Limpo é municipal e estará regulado de acordo ás disposicións legais e regulamentarias que existen sobre a materia. Para a explotación do mesmo, o Concello poderá acudir a calquera das formas de xestión directa ou indirecta establecidas na lexislación vixente.*

**Artigo 2.-** *Definicións.*

*Ós efectos da presente regulamentación enténdese por:*

1.- *Punto limpo: Son instalacións onde se efectúa a recepción transitoria, recollida, clasificación e acumulación de certos tipos de residuos sólidos urbanos. Os Puntos Limpos constitúen, polo tanto un sistema de recollida selectiva.*

2.- *Residuos reciclables: Aqueles materiais que poden ser reutilizados ou reciclados como materia prima, para que mediante un proceso, se obteña un produto distinto ou igual ó orixinal.*

3.- *Provedor: Persoa natural ou xurídica que fai entrega dos residuos reciclables no Punto Limpo.*

**Artigo 3.-** *Obxectivos.*

*Os obxectivos principais do Punto Limpo son os seguintes:*

1.- *Aproveita-los materiais contidos nos residuos que son susceptibles dun reciclaxe directo, conseguindo con elo, un aforro enerxético e de materias primas e reducindo o volume de residuos a eliminar.*

2.- *Servir ós cidadáns como centro de depósito voluntario para a recollida selectiva dos residuos producidos no ámbito domiciliario, evitando o vertido incontrolado de voluminosos que non poden ser eliminados polos servizos de recollida de lixo.*

3.- *Ofrecer unha forma sinxela de desfacerse de residuos que polas súas características non poden ou non deben ser xestionados a través dos sistemas tradicionais de recollida, separando os residuos perigosos xerados no fogar dos que a eliminación conxunta co restos dos lixos urbanos ou o seu vertido á rede de saneamento representaría un risco para o medio ambiente e a saúde pública.*

4.- *Buscar unha mellor solución para cada tipo de residuos co fin de conseguirla máxima valoración dos materiais e o custe mínimo da xestión global.*

**Artigo 4.-** *Responsabilidade.*

*O Concello da Pobra de Brollón adquire a titularidade dos residuos entregados polo provedor, que destinará á súa eliminación, valoración e/ou reciclaxe.*

*En relación cos residuos admitidos no Punto Limpo o Concello xestionará con empresas con acreditación de xestor autorizado para os mesmos. Nos supostos que o Concello o estime conveniente poderá celebrar acordos ou convenios con empresas privadas que por razón da súa magnitude, capacidade técnica e económica, ou situación física municipal, resulten beneficiosos para a prestación e xestión do servizo.*

**Artigo 5.-** *Prestación do servizo.*

*Para a utilización do Punto Limpo do Concello da Pobra de Brollón terase en conta que:*

1.- *Se admiten residuos xerados por particulares e aparellos eléctricos e electrónicos de orixe non domiciliaria.*

2.- *Prohíbese a entrada de residuos de orixe industrial. As actividades industriais deberán xestionar os seus propios residuos a través de xestores autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Artigo 6.- Taxas do servicio.*

1.- *A prestación do servicio de recollida domiciliaria deste tipo de residuos se gravará coa taxa que estableza a correspondente ordenanza fiscal.*

2.- *A prestación do servicio de depósito deste tipo de residuos no punto limpo para os usuarios doutros concellos se gravará coa taxa que se estableza na correspondente ordenanza fiscal. Os veciños do concello aboan o servicio a través da taxa mensual que se estableza na devandita ordenanza.*

## **TITULO II. IDENTIFICACIÓN DE RESIDUOS E XESTIÓN.**

*Artigo 7.- Tipoloxía de residuos.*

*No punto limpo admitiranse os seguintes residuos:*

1.- *Residuos comúns:*

a) *Papel e cartón.*

b) *Vidro: Botellas e cristais varios.*

c) *Envases de plástico, bricks e latas.*

d) *Restos metálicos de fogares.*

e) *Electrodomésticos e outros aparellos electrónicos sen CFC.*

f) *Residuos voluminosos (mobles, colchóns, etc).*

g) *Cascotes de pequenas obras.*

h) *Ferralla.*

i) *Plásticos non agrícolas.*

j) *Roupa usada.*

k) *Restos de poda e residuos vexetais.*

2.- *Residuos especiais:*

a) *Disolventes, pinturas e vernices.*

b) *Pilas.*

c) *Fluorescentes.*

d) *Electrodomésticos e outros aparellos electrónicos con CFC.*

e) *Aceites minerais ou vexetais, usados procedentes de particulares.*

f) *Baterías automóbiles, procedentes de particulares.*

g) *Material informático.*

h) *Plásticos agrícolas.*

i) *Radiografías.*

j) *Envases agrícolas impregnados de restos contaminantes.*

*Artigo 8.- Xeitos de presentación dos residuos.*

*Para a recollida dos residuos anteriormente mencionados, estes deberán entregarse de acordo a unhas normas de presentación, que son:*

- 1.- Papel e cartón.- As caixas de cartón deberanse abrir e comprimir para reduci-lo volume dos residuos. Así mesmo, o papel deberase presentar en bolsas ou caixas cerradas para evita-lo esparexemento.*
- 2.- Vidro, fluorescentes e cristais varios.- Deberán acondicionarse de tal xeito que se evite a rotura e poidan ocasionar riscos de seguridade para as persoas encargadas da manipulación dos residuos.*
- 3.- Pilas. Separaranse os diferentes tipos de pilas, ben sexa de botón, salinas ou alcalinas.*
- 4.- Terras. Debido a natureza destes residuos, deberanse presentar en sacos ou bolsas de plástico cerrados de 25 quilos máximo.*
- 5.- Aceites vexetais, pinturas ou vernices, presentaranse en garrafas ou botellas de plástico. Tomaranse as medidas necesarias para evitar derrames, sobre todo en caso de transvasamentos. Estes residuos non se poderán mesturar con aceite de maquinaria, motores de vehículos ou de características diferentes.*
- 6.- Plástico vexetal. Presentarase libre de restos orgánicos e debidamente pregado para reduci-lo seu volume.*
- 7.- Poda e restos vexetais. Na medida do posible a lonxitude das ramas non excederá dun metro.*
- 8.- Frigoríficos e electrodomésticos con C.F.C. Entregaranse sen que se produza a rotura do circuíto de refrixeración.*

*Artigo 9.- Cantidades máximas admisibles de residuos.*

*Se a capacidade do Punto Limpo se ve comprometida o Concello pode establecer, durante o período de tempo imprescindible unha limitación das cantidades admisibles por cada tipo de residuos e por cada particular ó día do seguinte xeito:*

- 1.- Papel e cartón. Admitiranse un máximo de 20 quilos.*
- 2.- Vidro e cristais varios. Admitiranse un máximo de 20 quilos.*
- 3.- Terras e escombros. Admitiranse un máximo de 25 quilos.*
- 4.- Aceites de motor e vexetais. Admitirase un máximo de 10 litros.*
- 5.- Aerosois. Admitirase un máximo de 10 unidades.*
- 6.- Frigoríficos. Admitirase un máximo de 1 unidade.*
- 7.- Madeiras. 60 quilos ou 1 moble.*
- 8.- Disolventes, pinturas e vernices. Admitirase un máximo de 5 unidades.*
- 9.- Electrodomésticos. Admitirase un máximo de 2 unidades.*
- 10.- Fluorescentes. Admitirase un máximo de 4 unidades.*
- 11.- Colchóns e sofás. Admitirase un máximo de 2 unidades.*
- 12.- Plásticos (non agrícolas). Admitiranse un máximo de 25 quilos.*
- 13.- Baterías automóbiles. Admitirase un máximo de 1 unidade.*
- 14.- Metais. Admitiranse un máximo de 25 quilos.*
- 15.- Roupas usadas. Admitiranse un máximo de 15 quilos.*
- 16.- Restos de poda e residuos vexetais. Admitiranse un máximo de 2 m3.*
- 17.- Plásticos agrícolas. Admitiranse un máximo de 25 quilos.*
- 18.- Radiografías. Admitiranse un máximo de 5 unidades.*

19.- *Material informático. Admitiranse un máximo de 1 ordenador.*

20.- *Pilas. Non haberá cantidade máxima admisible, será admisible o uso doméstico.*

21.- *Envases agrícolas impregnados de restos contaminantes.*

*Artigo 10.- Descricións das instalacións.*

*As instalacións onde se atopa o Punto Limpo consiste nun recinto cerrado, valado e equipado con contedores para os distintos tipos de residuos. O devandito recinto componse dunha zona de recepción e unha zona de acumulación dos residuos.*

*A zona de recepción encóntrase xunto á entrada da instalación e cunha pequena caseta para control e información ós usuarios.*

*Na zona de acumulación de residuos atópanse os contedores específicos para cada tipo de residuo que levan un letreiro visible que indica o nome do material que se pode depositar no seu interior.*

*A zona de acumulación dispón de espazo suficiente para realiza-las actividades de descarga dos residuos, podendo manobrar correctamente, tanto os vehículos particulares, como os vehículos recolletores dos residuos.*

*Dentro desta zona de acumulación existe un espazo aberto para a deposición de residuos e unha caseta cerrada onde se admiten residuos especiais. Ademais nesta caseta adaptarase unha zona para os electrodomésticos e outros aparellos eléctricos. Esta adaptación realizarase para cumprir co regulamento que rexe o almacenamento de electrodomésticos e outros aparellos eléctricos (RAEES).*

*Artigo 11.- Residuos non admitidos.*

*No punto limpo non se admitirán os seguintes residuos:*

*1.- Materiais sen clasificar.*

*2.- Residuos industriais en grandes cantidades.*

*3.- Restos de comida.*

*4.- Residuos radioactivos.*

*5.- Residuos infecciosos (hospitalarios, etc).*

*6.- Residuos serrados en actividades mineiras e/ou extractivas.*

*Artigo 12.- Funcionamento e xestión.*

*1.- Para que o servizo que se presenta no Punto Limpo sexa o correcto, é necesario que os usuarios aporten os residuos previamente separados e os depositen nos contedores específicos para cada fracción.*

*2.- Tódalas entregas por parte dos usuarios serán anotadas polo encargado nun Libro de Rexistro para o control interno no que constarán :*

*- Identificación completa do usuario mediante a exhibición do seu D.N.I. (nome e residencia ou veciñanza).*

*- Natureza dos residuos.*

*- Licencias de obras (no seu caso).*

*- Acreditación do pago dos impostos e taxas municipais.*

*3.- Así mesmo, o responsable anotará no Libro de Rexistro os seguintes datos:*

*- Natureza, destino e data de retirada dos produtos evacuados.*

*- Incidencias e reclamacións.*

- Facturación.

- Documentación de transporte.

4.- Tódolos datos quedan, en todo caso, sometidos ás normas xerais de protección de datos persoais, sen que os mesmos poidan ser usados para outros fins que non sexan os propios do servicio.

5.- O usuario accederá á zona de acumulación onde depositará os residuos no seu correspondente contedor. Terán acceso ó mesmo usuarios procedentes doutros concellos que non dispoñan deste servicio.

6.- Tódolos usuarios do punto limpo, poderán acceder a el, para recoller pezas, por exemplo, que necesiten dun electrodoméstico pero coa condición de deixar todo tal como estaba; no caso de desmontar algún aparello para quitarlle algunha peza, deberase volver a montar o citado aparello.

7.- Antes de que os contedores se atopen cheos de residuos, os operarios do Punto Limpo darán aviso ós xestores ou transportistas designados para a retirada e traslado dos residuos ás diferentes instalacións de reciclaxe ou centros de eliminación, en tanto non existan instalacións para o seu reciclaxe.

8.- O encargado do Punto Limpo poderá rexeitar aqueles residuos que cando pola súa natureza o volume non poidan ser admitidos de acordo coa presente ordenanza.

9.- Existirán sistemas de recollida domiciliaria de residuos voluminosos, especiais e/ou de aparellos eléctricos e electrónicos así como, no seu caso de implantación de recollidas especiais de residuos, no caso de usuarios que non podan levarlos polos seus propios medios ata as instalacións do Punto Limpo. Este servicio, que se prestará previo pago da taxa que sinala a correspondente ordenanza fiscal se prestará a solicitude do interesado quen comunicará ó concello a natureza dos residuos a recoller. O concello, en función das solicitudes establecerá as rutas e datas para a recollida comunicándollos por teléfono ós interesados que deberán ter, no día e hora indicados, os residuos no exterior ou na planta baixa da súa vivenda.

10.- Permitirase o emprego do Punto Limpo a usuarios procedentes de outros concellos que non contengan con este servicio no seu concello.

Artigo 12.- Horario.

O Punto Limpo abrirá os mércores de 16 a 19 horas, en horario de inverno e de 17 a 20 horas en horario de verán. Calquera cambio nestes horarios será acordado pola concellería de Medio Ambiente e convenientemente publicado.

Artigo 13.- Conservación e mantemento.

1.- Accesos e entorno. O acceso as áreas de deposición manterase permanentemente en perfecto estado de conservación. O mantemento estenderase ao entorno inmediato do Punto Limpo para evitar que converta nun punto de vertido incontrolado.

2.- Augas pluviais. Levaranse a cabo as medidas necesarias para evitar a entrada e acumulación de augas pluviais no interior dos contedores.

3.- Prevención de incendios. Está totalmente prohibida calquera incineración dentro do Punto Limpo.

O Punto Limpo estará equipado, de acordo ao risco intrínseco da actividade de almacenamento, coas instalacións de protección contra incendios segundo o tamaño da instalación, e as características fixadas no NBE CPI-91 de condicións de protección contra incendios (Norma Básica de Edificación) y la NTE-IPF de instalacións de protección contra os fogos. Neste sentido considerase convinte un extintor portátil por cada 500 m<sup>2</sup>, e de bocas de incendio en número e distribución de forma que toda a superficie a protexer estea situada como mínimo baixo o efecto dunha boca de rego (separación mínima entre bocas de rego de 50m).

Debese sinalizar claramente a prohibición de fumar nas zonas de almacenaxe de produtos inflamables. As medidas de protección anteriormente citadas colocaranse con prioridade na proximidade inmediata da zona de almacenamento destes produtos.



*O servizo de seguridade e intervención máis próximos recibirán toda a información necesaria para unha intervención eventual.*

*4.- Prevención de accidentes. Hanse prever as medidas necesarias para evitar calquera tipo de accidente.*

*No caso de romperse algún contedor deberase ter a seguridade de que non se produzan vertidos de tóxicos ao medio natural.*

*No caso de existir muros de descarga elevados colocaranse tanques de seguridade para evitar a posible caída dos usuarios.*

*5.- Ruídos. O funcionamento da instalación non ha orixinar ruídos ou vibracións mecánicas que podan producir algunha molestia.*

*Os materiais e equipos empregados para a manipulación dos contedores deberán cumprir as prescricións legais en materia de emisión sonora.*

*6.- Olores. Calquera emisión de olor deberase combater de inmediato mediante os medios adecuados.*

*7.- Desratización. O punto Limpo establecerá as campañas de desratización pertinentes para evitar a presenza de roedores na zona.*

*Artigo 14.- Prohibicións.*

*Prohíbense ós seguintes aspectos:*

*1.- Depositar residuos non permitidos por esta norma.*

*2.- Depositar mesturas ós diferentes residuos.*

*3.- Depositar residuos fora do contedor específico.*

*4.- Depositar cantidades de residuos superiores ás admisibles por esta norma.*

*5.- Ocultar residuos de carácter perigoso dentro de bolsas ou sacos.*

*6.- Abandonar residuos de calquera tipo na porta das instalacións, fora do horario de funcionamento de Punto Limpo.*

*7.- Calquera tipo de incineración de residuos dentro do punto limpo.*

*8.- Fumar dentro das instalacións.*

**TITULO III. RÉXIME SANCIONADOR.**

*Artigo 15.- Infraccións.*

*Calquera incumprimento das normas da presente ordenanza considerarase unha infracción que se tipificarán de acordo coa natureza do acto en leves e graves.*

*1.- Considerarase infraccións leves:*

*a) Entregar residuos non procedentes de domicilios particulares, salvo o relativo a entregas de aceites para establecementos comerciais e terras e escombros orixinados en obras menores.*

*b) Depositar calquera outro tipo de residuo de orixe domicilio que non se encontre establecido na presente ordenanza.*

*c) Depositar mesturados os diferentes residuos.*

*d) Depositar residuos fora do contedor específico.*

*e) Depositar cantidades de residuos superiores ás admisibles por esta ordenanza*

*f) Calquera infracción, que non se atope entre as consideradas como graves ou moi graves.*

*2.- Considerarase infraccións graves:*

a) *Ocultar e depositar residuos de carácter perigoso dentro de bolsas ou sacos.*

b) *Abandonar residuos de calquera tipo nas inmediacións ou na porta das instalacións, fora do horario de funcionamento do punto limpo.*

3.- *Considerarase infraccións moi graves:*

a) *O abandono e vertido no Punto Limpo de residuos perigosos non autorizados por este Regulamento, así como a mestura das diferentes categorías de residuos perigosos entre si ou destes cos que non teñan tal consideración e o seu abandono ou vertido no Punto Limpo.*

b) *O impedimento do uso do Punto Limpo por outro u outras persoas con dereito a súa utilización.*

c) *Os actos de deterioro grave e relevante dos equipos, infraestructuras, instalacións ou elementos do Punto Limpo.*

d) *O abandono de residuos perigosos nas inmediacións ou na porta do Punto Limpo, fora do horario de funcionamento do mesmo.*

*Artigo 16.- Sancións.*

1.- *No caso de infraccións leves pódesele impoñer unha multa de ata 750 euros.*

2.- *No caso de infraccións graves pódesele impoñer unha multa de ata 1.500 euros.*

3.- *No caso de infraccións moi graves pódesele impoñer unha multa de ata 3.000 euros.*

4.- *As sancións graduaranse atendendo a:*

a) *Grao de intencionalidade.*

b) *Gravidade do dano producido.*

c) *Grao de malicia, participación e beneficio obtido.*

d) *Irreversibilidade do dano producido.*

e) *Categoría do recurso afectado*

f) *Natureza do residuo.*

g) *Reincidencia.*

h) *Perigo para a saúde e integridade das persoas, animais ou bens.*

5.- *De conformidade co previsto na Lei 10/1998, do 21 de abril, de Residuos e demais lexislación aplicable, sen prexuízo da sanción administrativa que se impoña, os infractores estarán obrigados a reposición ou restauración das cousas ao ser e estado anteriores a infracción cometida, na forma e condicións fixadas polo órgano que impuxo a sanción.*

6.- *Se os infractores non procederan a reposición ou restauración, de acordo co establecido, o órgano competente poderá acordar a imposición de multas coercitivas de acordo ó disposto nos artigos 99 da Lei 30/1992 e 36 da Lei 10/1998, unha vez transcorridos os prazos sinalados no requirimento correspondente. A contía de cada unha das multas non superarán un tercio da multa fixada pola infracción cometida.*

7.- *Así mesmo, poderá precederse a execución subsidiaria por conta do infractor e a súa costa.*

8.- *Terase en conta igualmente os criterios contemplados no artigo 140.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, na redacción dada ao mesmo pola Lei 57/2003, do 16 de decembro.*

*Artigo 17.- En todo o non previsto na presente ordenanza rexerase polo establecido na lexislación vixente en cada momento.*

**ANEXOS:**

A) Artigo 140.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, que clasifica as infraccións non clasificadas entre as moi graves, graves e leves; que se clasificarán en graves ou leves atendendo os seguintes criterios:

a) A intensidade da perturbación ocasionada na tranquilidade ou no pacífico exercicio dos dereitos doutras persoas ou actividades.

b) A intensidade da perturbación causada a salubridade ou ornato públicos.

c) A intensidade da perturbación ocasionada no uso dun servizo ou dun espazo público por parte das persoas con dereito a utilizalos.

d) A intensidade da perturbación ocasionada no normal funcionamento dun servizo público.

e) A intensidade dos danos ocasionados aos equipamentos, infraestructuras, instalacións ou elementos dun servizo ou dun espazo público.

B) Artigo 99 da Lei 30/1992, no cal se dispoñen as multas coercitivas para os infractores que non procederon a reposición ou restauración da infracción cometida:

1.- Cando así o autoricen as leis, e na forma e contía que estas determinen, as Administracións Públicas poden, para a execución de determinados actos impoñer multas coercitivas, reiteradas por lapsos de tempo que sexan suficientes para cumprir o ordenado, nos seguintes supostos:

a) Actos persoalísimos no que non proceda a compulsión directa sobre a persoa do obrigado.

b) Actos en que, procedendo a compulsión, a Administración non a estimara conveniente.

c) Actos cuxa execución poda o obrigado encargar a outra persoa.

2.- A multa coercitiva é independente das sancións que podan impoñerse con tal carácter e compatible con ela.

**DISPOSICIÓN FINAL:** A presente Ordenanza, aprobada polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 12 de maio do 2008, publicada e aprobada definitivamente o día de do 200 , comezará a aplicarse o día da súa entrada en vigor (transcorrido o prazo de quince días hábiles, previstos no artigo 65.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local), que terá lugar ó de de 200 , e rexerá ata a súa modificación ou derogación expresa.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.07º.- ORDENANZAS FISCAIS.**

Dáse conta da seguinte proposta da Concelleira Delegada de Medio Ambiente dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

A posta en marcha do punto limpo do concello supón un novo servizo que ten un custo elevado e compre, polo tanto, establecer unha taxa para que os usuarios contribúan a financialo. A natureza do servizo a prestar e dobre. Dunha banda o depósito e tratamento dos residuos que deberán soportar todos os usuarios sexan ou non do concello, e por outra a eventual recollida domiciliar que abonarán que usen voluntariamente dito servizo. Á vista do anterior, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-la Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo punto limpo do concello da Pobra de Brollón co texto que figura a seguir.

2.- Facela pública por prazo de trinta días hábiles a efectos de exame e reclamacións, considerando definitivamente aprobada de non presentarse ningunha en dito prazo.

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN**

#### **ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA.**

No exercicio da potestade tributaria outorgada, con carácter xeral, polos artigos 133.2, 142 da Constitución Española, e 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e a que, en particular, concede respecto das taxas o artigo 58 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de Punto Limpo, baseándose en que se trata da prestación dun servizo público e/ou a realización dunha actividade administrativa en réxime de dereito público de competencia local que se refire, afecta ou beneficia de xeito particular ó suxeito pasivo e non é prestado polo sector privado.

#### **ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE.**

Constitúe o feito imponible a prestación do servizo de Punto Limpo de acordo coa ordenanza que o regula que inclúe os servizos de recollida, depósito, tratamento e eliminación dos residuos citados na ordenanza.

Naqueles supostos nos que se considere conveniente, poderán celebrarse convenios, tanto con outras administracións públicas como con empresas privadas, que por razón da súa magnitude, capacidade técnica e económica ou situación física do termo municipal resulten beneficiosos para a prestación do servizo.

#### **ARTIGO 3.- SUXEITOS PASIVOS.**

Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Tributaria, que soliciten, resulten beneficiadas ou afectadas polo servizo que forma parte do feito imponible desta Ordenanza.

#### **ARTIGO 4.- COTA TRIBUTARIA.**

1.- A cota tributaria do servizo de recollida domiciliaria no termo municipal da Pobra do Brollón de residuos con destino ó punto limpo será a seguinte:

Natureza	Taxa
Residuos de ata 50 cm. na aresta máis longa	3,00 €
Residuos que superen dita medida	6,00 €

2.- A cota tributaria polo servizo de depósito tratamento e eliminación dos residuos será a seguinte:

2.1.- Veciños da Pobra do Brollón suxeitos á taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo, 1,00 € ó mes.

2.2.- Para o resto dos usuarios do concello ou doutros concellos a taxa se calculará de acordo coa seguinte tarifa:

RESIDUO	TAXAS
Aceites	0,60 €/Kg
Aerosois	6,00 €/ entrega
Baterías	1,20 €/ unidade
Madeiras	1,80 €/unidade
Metais	3,00 €/entrega
Papel e cartón	0,60 €/entrega
Pilas	1,20 €/entrega
Pinturas, disolventes, vernices,...	0,60 €/Kg
Plásticos	0,60 €/entrega
Radiografías	0,20 €/unidade
Electrodomésticos con CFCs	6,00 €/unidade
Restos electrodomésticos ata 50 cm. de longo na maior aresta	1,80 €/unidade
Restos electrodomésticos a partir de 50 cm. de longo na maior aresta	3,00 €/unidade
Fluorescentes	0,60 €/unidade
Colchóns, sofás	1,80 €/unidade
Terras e escombros	3,00 €/20 kg
Téxtiles	0,60 €/entrega

Vidro	0,60 €/entrega
-------	----------------

#### ARTIGO 5.- DEVENGO.

O devengo prodúcese cando se presenta a solicitude que inicie a actuación ou cando se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade.

#### ARTIGO 6.- RÉXIME DE DECLARACIÓN E INGRESO.

A taxa prevista no punto 2.1 do artigo 4, se liquidará xunto coa do servizo de Recollida e tratamento de lixo e se cobrará no mesmo recibo nos períodos que para aquela se establezan.

O ingreso das taxas previstas nos puntos 1 e 2.2 realizarase no momento da utilización do servizo, mediante declaración-liquidación.

#### DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza, unha vez aprobada polo Pleno do Concello, comezará a aplicarse o día da súa entrada en vigor, que terá lugar o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, continuando a súa aplicación ata a súa modificación ou derogación expresa e sempre que este xa en funcionamento o servizo.

A Tenente de Alcalde delegada de Medio Ambiente presenta a seguinte emenda de substitución:

Esta Delegación presentou unha proposta de acordo para establecer unha taxa para a prestación do servizo do punto limpo. Trala achega feita polo portavoz do grupo Popular na Comisión Informativa e Especial de Contas se observou que podería supor un maior gravame para os veciños do concello que para os doutros concellos. Por outra parte hai que ter en conta que dende a data de establecemento da actual taxa polo servizo de recollida e tratamento de lixo que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2004, a inflación acadou unha taxa acumulada do 17,1%.

Consonte co anterior, propoño modificar a proposta inicial de acordo pola seguinte:

*1º.- Modificar a tarifa establecida no cadro do artigo 6 da ordenanza fiscal numero 8 reguladora da taxa por recollida e tratamento de lixo incrementando as taxas establecidas no 17,1% quedando como seguen:*

<b>CONCEPTOS</b>	<b>TAXA ANUAL</b>
<i>Epígrafe 1º.- Vivendas.</i>	
<i>Por cada vivenda. (Enténdese por vivenda a destinada a domicilio de carácter familiar e aloxamentos que non excedan de dez prazas).</i>	29,52 €
<i>Epígrafe 2º.- Aloxamentos</i>	
<i>Hoteis, moteis, hoteis-apartamentos, hostais e demais establecementos de similar natureza (enténdese por aloxamento, aqueles locais de convivencia colectiva non familiar, entre os que se inclúen hoteis-pensións, residencias, centros hospitalarios, colexios e demais centros de natureza análoga sempre que excedan de dez prazas).</i>	35,13 €
<i>Epígrafe 3º.- Establecementos de alimentación.</i>	
<i>Por cada local ou establecemento</i>	35,13 €
<i>Epígrafe 4º.- Establecementos de restauración</i>	
<i>a) Restaurantes</i>	35,13 €
<i>b) Cafeterías</i>	35,13 €
<i>c) Whisquerias e pubs</i>	35,13 €
<i>d) Bares</i>	35,13 €

e) Tabernas	35,13 €
<i>Epígrafe 5º.- Establecementos de espectáculos.</i>	
a) Cines e Teatros	35,13 €
b) Salas de festas e discotecas	35,13 €
c) Salas de bingo	35,13 €
<i>Epígrafe 6º.- Outros Locais industriais ou mercantís</i>	
a) Centros oficiais	35,13 €
b) Oficinas bancarias	35,13 €
c) Grandes almacéns	35,13 €
d) Demais locais non expresamente tarifados	35,13 €
<i>Epígrafe 7º.- Despachos profesionais</i>	
<i>Por cada despacho. (No suposto de que a oficina ou establecemento estea radicado na mesma vivenda, aplicarase unicamente a tarifa precedente quedando englobada nela a do Epígrafe 1º</i>	35,13 €

2.- Modificar o punto carto do mesmo artigo aplicándolle un incremento similar quedando redactado como segue:

4. A cada unha das cotas sinaladas no paragrafo 2 se lle engadirá en concepto de ecotaxa por tratamento de residuos a cantidade mensual de un euro (1,17 €).

3.- Establecer unha nova taxa por prestación do servizo de punto limpo de acordo coa seguinte ordenanza fiscal:

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN**

**ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA.**

No exercicio da potestade tributaria outorgada, con carácter xeral, polos artigos 133.2, 142 da Constitución Española, e 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e a que, en particular, concede respecto das taxas o artigo 58 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de Punto Limpo, baseándose en que se trata da prestación dun servizo público e/ou a realización dunha actividade administrativa en réxime de dereito público de competencia local que se refire, afecta ou beneficia de xeito particular ó suxeito pasivo e non é prestado polo sector privado.

**ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE.**

Constitúe o feito imponible a prestación do servizo de Punto Limpo de acordo coa ordenanza que o regula que inclúe os servizos de recollida, depósito, tratamento e eliminación dos residuos citados na ordenanza.

Naqueles supostos nos que se considere conveniente, poderán celebrarse convenios, tanto con outras administracións públicas como con empresas privadas, que por razón da súa magnitude, capacidade técnica e económica ou situación física do termo municipal resulten beneficiosos para a prestación do servizo.

**ARTIGO 3.- SUXEITOS PASIVOS.**

Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Tributaria, que soliciten, resulten beneficiadas ou afectadas polo servizo que forma parte do feito impositivo desta Ordenanza.

#### ARTIGO 4.- COTA TRIBUTARIA.

1.- A cota tributaria do servizo de recollida domiciliaria no termo municipal da Pobra do Brollón de residuos con destino ó punto limpo será a seguinte:

Natureza	Taxa
Residuos de ata 0,125 m <sup>3</sup> .	3,00 €
Residuos que superen dita medida	6,00 €

2.- A cota tributaria polo servizo de depósito tratamento e eliminación dos residuos será a seguinte:

2.1.- Veciños da Pobra do Brollón suxeitos á taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo, 0.50 € ó mes.

2.2.- Para o resto dos usuarios do concello ou doutros concellos a taxa se calculará de acordo coa seguinte tarifa:

RESIDUO	TAXA
Aceites	1,20 €/Kg
Aerosois	12,00 €/ entrega
Baterías	2,40 €/ unidade
Madeiras	3,60 €/unidade
Metais	6,00 €/entrega
Papel e cartón	1,20 €/entrega
Pilas	2,40 €/entrega
Pinturas, disolventes, vernices,...	1,20 €/Kg
Plásticos	1,20 €/entrega
Radiografías	0,40 €/unidade
Electrodomésticos con CFCs	12,00 €/unidade
Restos electrodomésticos ata 0,125 m <sup>3</sup> incluídos	3,60 €/unidade
Restos electrodomésticos a partir de 0,125 m <sup>3</sup> .	6,00 €/unidade
Fluorescentes	1,20 €/unidade
Colchóns, sofás	3,60 €/unidade
Terras e escombros	6,00 €/20 kg
Téxtiles	1,20 €/entrega
Vidro	1,20 €/entrega

#### ARTIGO 5.- DEVENGO.

O devengo prodúcese cando se presenta a solicitude que inicie a actuación ou cando se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade.

#### ARTIGO 6.- RÉXIME DE DECLARACIÓN E INGRESO.

A taxa prevista no punto 2.1 do artigo 4, se liquidará xunto coa do servizo de Recollida e tratamento de lixo e se cobrará no mesmo recibo nos períodos que para aquela se establezan.

*O ingreso das taxas previstas nos puntos 1 e 2.2 realizarase no momento da utilización do servizo, mediante declaración-liquidación.*

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

*A presente ordenanza, unha vez aprobada polo Pleno do Concello, comezará a aplicarse o día da súa entrada en vigor, que terá lugar o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, continuando a súa aplicación ata a súa modificación ou derogación expresa e sempre que este xa en funcionamento o servizo.*

**4.- Someter esta acordo a información pública por prazo de 30 días a efectos de exame e reclamacións, considerándoo definitivamente aprobado de non presentarse ningunha en dito prazo.**

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

#### **1.08º.- CONVENIO COS VECIÑOS DA LABRADA.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Para unha mellor xestión do edificio da antiga Casa de Legoeiros da Labrada do Lor, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

**1.- Aprobar o convenio entre o concello da Pobra do Brollón e a Asociación de Veciños Santa Mariña do Lor, con N.I.F. número G-27.200.600 representada polo seu presidente D. Victoriano Álvarez Blanco con D.N.I. número 38.524.927 de acordo co texto que se inclúe a seguir.**

**2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a sinatura do convenio.**

#### **M A N I F E S T A N :**

*Que o Concello da Pobra do Brollón é propietario do edificio que foi Casa de Legoeiros na Labrada de Lor, actualmente acondicionado como local social.*

*Que pola súa situación, en sen prexuízo do uno directo que o concello poda darlle puntualmente, o mellor aproveitamento é o uso que lle podan dar os veciños da parroquia de Barxa de Lor na que se atopa.*

*Que a Asociación de veciños Santa Mariña do Lor ten previsto o uso do citado edificio como local social da mesma.*

*A Asociación de Veciños Santa Mariña do Lor ten elaborado un Plan de Uso e Xestión para o local citado que satisface plenamente as necesidades do concello e garante a súa utilización pública.*

*Consonte co anterior,*

#### **A C O R D A N :**

Establecer un convenio de cooperación entre o Concello da Pobra do Brollón e a Asociación de Veciños Santa Mariña do Lor mediante o cal o primeiro encarga e delega na segunda a xestión do uso público do edificio da antiga Casa de Legoeiros da Labrada, xestión que a segunda realizará en nome de aquel.

*O uso dos locais do edificio será público de acordo coa súa natureza sen prexuízo das restricións de uso que pola mesma lle correspondan os locais destinados a oficinas ou despachos.*

*En función da natureza dos actos que se realicen a Asociación poderá establecer unha taxa ou prezo de entrada.*

*O concello poderá, respectando a programación de actividades que teña establecida a Asociación e de acordo con ela organizar actividades acordadas coa natureza das instalacións.*



*No caso de incumprimento das obrigas sinaladas, o concello poderá acorda-la denuncia deste convenio que quedaría sen efectos, e o concello recuperaríase para si a xestión do uso público do citado edificio.*

*Os gastos de subministro eléctrico, auga, lixo, limpeza, mantemento, teléfono e similares serán con cargo á Asociación.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.09º.- PLAN LEADER.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Para o desenrolo da nosa comarca está en marcha a creación dun grupo de desenvolvemento rural. A ninguén se lle escapa a importancia que para o noso concello ten pertencer a dito grupo. No seu día se elaborarán os estatutos que logo deberá referendar este concello. Por tanto, e para a posta en marcha do indicado grupo, propoño ó Pleno que adopte o seguinte acordo:

*1.- Amosar a vontade do concello da Pobra do Brollón de adherirse o grupo de desenvolvemento rural G.D.R.-8.*

*2.- Nomear como representate do concello en dito grupo ó Alcalde, D. José Luís Maceda Vilariño.*

O portavoz do grupo Popular manifesta o seu acordo coa adhesión e o representante, pero pide que se informe ós grupos políticos do concello das xestións que se realicen e que se manteñan reunións previas á adopción de decisións.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.10º.- PACTO TERRITORIAL DE EMPREGO.**

Dáse conta da seguinte proposta da primeira Tenente de Alcalde dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

O Decreto 98/2008 de 15 de maio da Xunta de Galicia prevé a creación de pactos territoriais de emprego como órganos de participación institucional para a xestión coordinada do conxunto de recursos públicos que se destinan ó emprego.

Determinada na disposición adicional segunda de dito decreto a composición do de Lugo, compre que o noso concello se integre, cos concellos do sur da provincia no de Lemos. Consonte co anterior, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

*1.- Adherir ó concello da Pobra do Brollón ó pacto territorial de emprego comunicándollo así ó Conselleiro de Traballo da Xunta de Galicia para os efectos previstos no artigo 4.2 do Decreto 98/2008 de 15 de maio.*

*2.- Nomear como vocal na asemblea xeral do pacto territorial de emprego de Lemos en representación deste concello á primeira Tenente de Alcalde D<sup>na</sup>. Adoración Fernández González e como suplente da mesma á terceira Tenente de Alcalde D<sup>na</sup>. Montserrat Quiroga Macía, en cumprimento do establecido polo apartado 1.C do artigo 5 do referido Decreto.*

*3.- Aproba-los estatutos da asociación impulsora do pacto territorial de emprego de Lemos.*

*4.- Solicitar a adhesión deste concello á asociación impulsora do pacto territorial de emprego de Lemos.*

*5.- Nomear como representante deste concello nesa asociación á primeira Tenente de Alcalde D<sup>na</sup>. Adoración Fernández González e como suplente da mesma á terceira Tenente de Alcalde D<sup>na</sup>. Montserrat Quiroga Macía.*

O portavoz do grupo Popular di que apoiarán a proposta pero pide que a representante convoque os grupos para establecer as posturas a defender, e informar da actuación da asociación e o pacto.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.11º.- CONVENIO COA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL PARA ACTUACIÓN DO G.L.P.A..**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Para colaborar na prevención e extinción de incendios forestais, compre a colaboración do Grupo Local de Pronto Auxilio. A tal fin, pódese asinar un convenio coa Consellería de Medio Rural para financiar o seu funcionamento. Consonte co anterior, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo Convenio entre a Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e o Concello para o funcionamento do Grupo Local de Pronto Auxilio de acordo co texto que figura a seguir.

2.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a sinatura do convenio indicado.*

#### **CLÁUSULAS:**

##### **PRIMEIRA: *Obxecto***

*O concello comprométese a colaborar a través do Grupo Local de Pronto Auxilio (en adiante G.L.P.A), proveniente do voluntariado de protección civil co Servicio de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais (en adiante S.P.D.C.I.F.) na extinción de incendios forestais, sempre que sexa requirido para estes labores por dito Servicio.*

##### **SEGUNDA: *Designación de responsable polo concello***

*O concello da Pobra do Brollón designará unha persoa responsable, que será o coordinador do funcionamento do G.L.P.A., para establécelas relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ao que pertenza o concello, e deberá estar localizado as 24 horas do día. En menos de 20 minutos deberá estar en disposición de saír a calquera continxencia.*

##### **TERCEIRA: *Especificidade dos trabados***

*Debido á especificidade dos traballos a realizar, procurarase que os compoñentes do G.L.P.A teñan experiencia nas tarefas de prevención e defensa contra incendios forestais, así como unha capacidade física axeitada. (Véxase Anexo II, a modo indicativo).*

##### **CUARTA: *Compromisos do concello***

*O concello comprométese a:*

*Ter o G.L.P.A. sempre formado como mínimo por 5 membros e máis un responsable.*

*Dotar ao G.L.P.A como mínimo co equipamento obrigatorio de protección individual e ferramentas necesarios para realízala súa función, conforme as normas do "Real Decreto 1407/92 de 20 de novembro por el que se regulan las condiciones de comercialización y libre circulación intracomunitaria de los equipos de protección individual", con EPIS enmarcados na categoría II. (Véxase Anexo I). Tamén deberá dótalo do material de comunicación necesario para a súa integración na rede de comunicación do S.D.C.I.F.*

*Dotar ao G.L.P.A dun vehículo todoterreo, que permanecerá en perfectas condicións mecánicas e de dotación e estará ó corrente en toda a documentación e obrigas administrativas que leva aparelhadas segundo a lexislación vixente (ITV, pólizas de aseguramento, etc.).*

*O concello deberá cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos os que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento das súas cláusulas.*

##### **QUINTA: *Coordinación dos traballos***

*Co fin de velar pola execución do presente convenio, crearase unha comisión de seguimento, composta polo xefe provincial do S.P.D.C.I.F, ou un técnico deste Sen/izo no que delegue, por un técnico do Distrito Forestal ó que pertenza o concello e por un representante do concello designado polo alcalde, que poderá ser o coordinador do funcionamento do G.L.P.A.*

*Esta comisión reunirse inmediatamente para a resolución de calquera incidencia relacionada co convenio, e ademais realizará as funcións que lle atribúen as demais cláusulas deste convenio.*

*A forma de localización e mobilización do G.L.P.A. fixarase polo concello de acordo coa comisión de seguimento.*

*O G.L.P.A. colaborará na extinción dos incendios forestais no ámbito territorial do seu concello. Así mesmo, en caso de emerxencia, poderá colaborar na extinción de incendios declarados no distrito onde se emprace o concello ou mesmo neutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 47 da lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da lei de 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.*

*SEXTA: Orzamento*

*A Consellería do Medio Rural aportará unha contía única de DEZASEIS MIL EUROS (16.000,00 €), que será financiada con cargo á aplicación orzamentaria 11.06.551 -B.760.0, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.*

*SÉTIMA: Pagamento*

*A Consellería do Medio Rural procederá ó libramento das achegas do seguinte xeito:*

*A.- Poderase librar un primeiro pagamento de ata un 50% do importe total da achega correspondente á Consellería, mediante resolución motivada do Sr. Conselleiro do Medio Rural, segundo o previsto no artigo 16.dous.3 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro e previo envío, por parte do concello, da seguinte documentación:*

*a) Nomes dos compoñentes do G.L.P.A., con especificación do responsable e do número de teléfono de contacto 24 horas.*

*b) Matrícula do vehículo todoterreo con especificación do cumprimento da cláusula cuarta e a dotación obrigatoria segundo o Anexo I.*

*c) Equipamento de protección individual e ferramentas, segundo estipula o Anexo I.*

*d) Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para esta mesma finalidade. En caso de non ter ningunha outra axuda, deberase presentar unha declaración de que so se percibe o importe deste convenio para esta finalidade (Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 30 de novembro de 1999, D.O.G. N° 236 do 9 de decembro de 1999).*

*B.- Para proceder ó pagamento final do convenio, deberase enviar a seguinte documentación, ao remate deste: Por parte do concello:*

*a) Un informe no que se faga constar que o G.L.P.A permaneceu operativo durante a vixencia do convenio.*

*b) Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para esta mesma finalidade. No caso de non ter ningunha outra axuda, deberase presentar unha declaración de que so se percibe o importe deste convenio para esta finalidade (Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 30 de novembro do 1999, DOG n° 236, do 9 de decembro do 1999).*

*c) Certificación da execución do gasto total do convenio expedida polo funcionario competente do concello (secretario-interventor ou no caso de que sexan dúas competencias diferenciadas, certificación do secretario e informe do interventor). No caso de que existan outras axudas deberase especificar a achega de tódalas axudas e o gasto total do conxunto destas.*

*d) No caso de non terse acollido ó primeiro pagamento, deberase envia-la documentación á que fai referencia o apartado A. desta cláusula.*

*Por parte da Consellería:*

*a) Unha certificación expedida polo funcionario responsable do seguimento do convenio na que se faga constar se a colaboración co S.D.C.I.F foi satisfactoria ou non. No caso de que a certificación considerase que a colaboración non foi favorable, a comisión de seguimento poderá propor a modificación á baixa ou o impagamento da cantidade comprometida no convenio. Segundo a proposta da comisión de seguimento, logo de resolución do órgano competente, o concello estará obrigado a devolver todo ou parte do primeiro pagamento, no caso de telo percibido.*

*O prazo de presentación da documentación rematará:*

*No caso do primeiro pagamento: os tres meses contados a partir do inicio da operatividade do G.L.P.A.*

*No caso do derradeiro pagamento: o 15 de novembro.*

*OITAVA: Comprobacións da xestión dos fondos*

*O concello someterase as actuacións de comprobación que con respecto a xestión dos fondos do presente convenio pode efectuar a Consellería do Medio Rural, as de control orzamentario requiridas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.*

*NOVENA: Compatibilidade con outras axudas.*

*As axudas concedidas no presente convenio serán incompatíbeis con calquera outra de réxime comunitario para a mesma finalidade.*

*Así mesmo no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.*

*DÉCIMA: Reintegros*

*Toda alteración das condicione tidas en conta para a concesión desta subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvenciona ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión. O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio, así como a concorrencia dalgunha das causas de reintegro recollidas no artigo 33 da Lei 9/2007, darán lugar ao reintegro total ou parcial da axuda recibida. No caso de que exista unha minoración do gasto por calquera das causas anteriores, correspóndelle esta minoración á achega efectuada pola Consellería do Medio Rural.*

*DÉCIMO PRIMEIRA: Interpretación*

*A Consellería do Medio Rural, interpretará o clausulado e resolverá as diverxencias que puideran acaecer, así como as dúbidas ou calquera outra incidencia que se derive do cumprimento, do disposto no presente convenio.*

*DÉCIMO SEGUNDA: Rescisión do convenio*

*Será motivo de rescisión do presente convenio, o incumprimento das súas cláusulas mediante denuncia de calquera das partes, oída a comisión á que se refire a cláusula quinta, procedéndose ao reintegro da axuda percibida e dos xuros de demora, segundo o disposto no Título II da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*DÉCIMO TERCEIRA: Publicidade*

*O Concello da Pobra do Brollón presta o seu consentimento á Consellería do Medio Rural para incluír e facer públicos, nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos as axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.*

*DÉCIMO CUARTA: Natureza do convenio e normativa aplicable*

*O presente convenio ten natureza administrativa e tódalas cuestións que del se deriven, resolvense ante a xurisdicción contencioso administrativa.*

*En todo o non previsto neste convenio estarase ó disposto na lei 9/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais.*

*DÉCIMO QUINTA: Vixencia*

*Os medios aos que se refire este convenio deberán estar operativos dende o día seguinte á sinatura do mesmo ata o 31 de outubro do presente ano, sen prexuízo de que, en caso necesario e por causa xustificada a petición da Consellería do Medio Rural, poidan ser mobilizados ata o 31 de decembro sen custe adicional algún.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.12º.- CONVENIO COA CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO SOBRE ESPACIOS PÚBLICOS.**

Dáse conta da seguinte proposta da primeira Tenente de Alcalde dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

No seu día o concello solicitou da Consellería de Vivenda e Solo unha achega para a recuperación do campo da festa en Oútara e da praza da Ferreirúa. A consellería aprobou dita solicitude e propón, para levala adiante a sinatura dun convenio entrámbalas dúas administracións. Consonte co anterior, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

*1.- Aproba-lo convenio entre o Concello da Pobra do Brollón e a Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia segundo as cláusulas que figura a seguir.*

*2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a sinatura do convenio.*

#### **CLÁUSULAS**

*Primeira.- O presente convenio ten por obxecto a recuperación do campo da festa en Oútara e da praza da Ferreirúa no Concello da Pobra de Brollón, para o que vai contar coa colaboración da Consellería de Vivenda e Solo, facilitando así a renovación dos espazos públicos.*

*Segunda.- As obras no campo da festa de Oútara consistirán fundamentalmente:*

*-Definición dunha área de xantar diferenciándoa da pista de baile mediante a limpeza do terreo existente e a instalación de oito mesas de xantar en madeira tratada en autoclave e unha fonte de beber..*

*-Proxéctase a execución dunha parrilla a base dunha lousa de formigón integrada nun muro de mampostería de cuarcita a carón local social existente.*

*-A actuación complétase co solado de lousa irregular de pizarra da zona ocupada pola parrilla e a fonte.*

*As obras na praza da Ferreirúa consistirán fundamentalmente: -Definicións das zonas peonís da praza diferenciándoa das zonas de tráfico rodado mediante a disposición de un pavimento de xabre enmarcado por bordos de formigón proxectando dúas zonas circulares pavimentadas con lousa de pizarra irregular, así como catro alcorques para a plantación de árbores.*

*-A actuación complétase coa colocación de mobiliario urbano: fontes, bancos, papeleiras e farolas.*

*Terceira.- O custe total da redacción do proxecto, dirección de obra e as obras ascenden a 32.108,44 € dos que a Consellería de Vivenda e Solo asume o compromiso de aboar ó Concello da Pobra de Bro-*

*llón a cantidade máxima de vinte e cinco mil seiscentos oitenta e seis euros con setenta e cinco céntimos (25.686,75 €), para financiar parte das obras que consumen o obxecto do convenio.*

*A achega da Consellería de Vivenda e Solo efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 17.02.451.A.760.1, e farase efectiva en función das correspondentes certificacións de obra, conformadas polo director-facultativo da mesma e polo órgano competente do Concello, que, para estes efectos, deberá remitilas á Consellería unha vez que sexan expedidas*

*Se a adxudicación das obras contivera unha baixa con respecto ao orzamento xeral a aportación da Consellería sufrirá igualmente a baixada na parte proporcional que lle corresponde achegar.*

*O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións supere o custo da actividade subvencionada (art. 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia). O Concello da Pobra de Brollón cumpre cos requisitos fixados no art. 10 da Lei 9/2007 para obter a condición de beneficiario. Asimesmo deberá cumprir na xustificación da subvención co establecido no art. 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*Cuarta.- A achega da Consellería de Vivenda e Solo farase efectiva do seguinte xeito:*

*O 50% da subvención (12.843,37 €) entregárase unha vez presentada, polo Concello, a resolución de inicio do expediente de contratación polo órgano competente, xunto coa foto do cartel de anuncio das obras. O Concello xustificará posteriormente esta cantidade mediante as certificacións de obra, conformadas polo director-facultativo da mesma e polo órgano competente do Concello.*

*Unha vez xustificada o anticipo do 50 % procederase ao pagamento do 50% restante, que farase efectivo mediante pagos parciais, en función das certificacións de obra debidamente conformadas polo director-facultativo da mesma e polo órgano competente do concello, e que serán proporcionais á inversión xustificada.*

*Quinta.- O Concello da Pobra de Brollón asume o compromiso de levar a cabo tódalas actuacións relativas á contratación das obras proxectadas, así como as relativas á obtención dos permisos e autorizacións que sexan necesarios e aportar a cantidade restante, dacordo co sinalado na cláusula anterior. O Concello comprométese a facer as obras dacordo coa normativa e materiais establecidos na mesma.*

*Respecto da contratación das obras deberase efectuar de acordo coa Lei 30/2007 do 30 de outubro de contratos do sector público. Advertíndolle ao contratista adxudicatario da obriga de prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control de cumprimento deste convenio para dar cumprimento ó establecido no artigo 45 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*A Consellería de Vivenda e Solo poderá designar técnicos para que realicen unha supervisión das obras.*

*Sexta.- O presente convenio estenderá a súa vixencia ata o 30 de decembro de 2008, se ben poderá ser obxecto de prórroga en virtude de causa debidamente xustificada.*

*Sétima.- Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio constituirase unha comisión integrada por un representante de cada unha das institucións asinantes, nomeados pola Consellería de Vivenda e Solo e polo Alcalde-Presidente do limo. Concello*

*da Pobra de Brollón. Non obstante as decisións últimas relativas á subvención (concesión, condicións e efectos) corresponden exclusivamente á Conselleira de Vivenda e Solo como órgano competente para a concesión da subvención (art. 7 da Lei 9/2007).*

*Oitava.- Son cláusulas de resolución do presente convenio:*

*1.- O seu incumprimento total ou parcial.*

*2.- O transcurso do tempo estipulado sen que se cumpran os obxectivos previstos, agás causa debidamente xustificada.*

### 3.- O mutuo acordo.

*Novena.- Ó presente convenio non lle será de aplicación a lexislación de Contratos do sector público, conforme ó disposto no artigo 4.1.c) da Lei 30/2007 do 30 de outubro de contratos do sector público, coa salvedade, segundo o apartado 2 do mesmo artigo, da aplicación supletoria dos principios da Lei para resolve-las dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.*

*O réxime da subvención concedida ao beneficiario será o establecido nas seguintes normas: Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo, nos seus preceptos declarados básicos; e a Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

*O beneficiario da subvención terá as obrigas do beneficiario prevista na normativa e en particular nas seguintes disposicións: artigo 11.d) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia tendo como obriga comunicar á Consellería de Vivenda e Solo a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as actividades subvencionadas.*

*O beneficiario está obrigado a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas.*

*Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.*

*A concesión desta axuda leva implícita a autorización para incluír ao beneficiario no rexistro de axudas e subvencións creado polo Decreto 132/2006.*

*Sobre as causas de reintegro das cantidades percibidas estarase ao disposto no art. 33 e seguintes da Lei/9/2007.*

*Dada a natureza xurídico pública do presente documento as controversias que puidesen xurdir na aplicación do convenio serán resoltas pola xurisdicción contencioso administrativa.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.13º.- CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

O Concello, como empresa non ten vixente ningún convenio colectivo co seu persoal laboral. Isto implica que cada un dos traballadores está a collido a convenios distintos propios do sector privado o que da lugar a confusións, falta de claridade nas obrigas e dereitos do persoal e en ocasións a situacións inxustas.

Para solucionar esta situación, e tralas recentes eleccións sindicais, o concello negociou cos representantes dos traballadores un convenio colectivo que regule tódalas situacións do persoal laboral. Dito convenio se elaborou tendo en conta xa o previsto no Estatuto dos empregados Públicos no que é de aplicación ó persoal laboral. Consonte co anterior propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

*1.- Aproba-lo convenio colectivo único para o persoal laboral do concello da Pobra do Brollón negociado entre o concello e a representación legal dos traballadores..*

*2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a sinatura do convenio colectivo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.14º.- CONTA XERAL DE 2007.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas do Concello:

A Conta Xeral do Orzamento de 2007 foi dictaminada pola Comisión Informativa e Especial de Contas en sesión do día 24 de abril de 2008 e exposta ó público regulamentariamente para os efectos de exame e reclamacións, sen que se presentara ningunha. Procede pois a súa aprobación para remitila ó Consello de Contas.

Dita Conta Xeral presenta como resultado un Remanente de Tesourería para gastos xerais de corenta e nove mil cincocentos trinta e catro euros con noventa e oito céntimos (49.534,98 €). Este resultado supón un 3,33% sobre os dereitos liquidados por ingresos correntes.

Consonte co anterior e á vista do expediente e da documentación que obra no mesmo, propoño ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- *Aproba-la Conta Xeral do Orzamento do exercicio 2007, na que resulta un Remanente de Tesourería para gastos xerais de corenta e nove mil cincocentos trinta e catro euros con noventa e oito céntimos (49.534,98 €).*

2.- *Remitir dita conta coa correspondente documentación complementaria ó Consello de Contas de Galicia ós efectos previstos na lexislación vixente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Rematado o estudio da orde do día, a proposta da Presidencia es declara de urxencia o punto seguinte:

### **1.15º.- CONVENIO COA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL PARA O FUNCIONAMENTO DA MOTOBOMBA.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Para colaborar na prevención e extinción de incendios forestais, compre a posta en funcionamento no concello dunha motobomba. A tal fin, pódese asinar un convenio coa Consellería de Medio Rural para financiar o seu funcionamento. Consonte co anterior, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-lo Convenio entre a Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e o Concello para o funcionamento dunha motobomba de acordo co texto que figura a seguir.*

2.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a sinatura do convenio indicado.*

#### **CLÁUSULAS:**

##### **PRIMEIRA: Obxecto**

*O obxecto do presente convenio é acordar a participación e colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de POBRA DO BROLLÓN (A) na finalidade común de actuar nas tarefas de vixilancia, prevención e defensa contra incendios forestais coa finalidade de evitar os mesmos ou, cando menos, de minorar as súas consecuencias e o seu impacto negativo.*

##### **SEGUNDA: Operatividade e designación de responsable polo concello.**

*O concello comprométese a manter operativo/s o/s vehículo/s motobomba (en adiante V. M.B/s) durante cada un dos meses de vixencia do convenio e a ter operativo/s dito/s vehículo/s polo menos 16 horas ó día, tendo plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias durante toda a vixencia do convenio, realizando labores de prevención e defensa contra os incendios forestais, sempre que non sexa/n requirido/s para a extinción destes.*

*Así mesmo garantirá a colaboración e coordinación co despregue de medios do Distrito Forestal, mediante a designación dunha persoa como responsable e coordinador do funcionamento do/s V.M.B/s, para establece-las relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ó que pertenza o concello.*

##### **TERCEIRA: Especificade dos traballos**



*Debido á especificidade dos traballos a realizar, procurarase que o persoal encargado do manexo e actuación do/s V.M.B/s teña experiencia nas tarefas de extinción de incendios forestais, así como unha capacidade física axeitada. (Véxase Anexo II adxunto, a modo indicativo).*

*CUARTA: Contratación de persoal polo concello.*

*O persoal encargado do manexo e actuación do/s V.M.B/s que participe ó abeiro deste convenio dependerá tanto xurídica como organicamente do concello e en ningún caso terá vínculo laboral coa Xunta de Galicia.*

*O concello deberá cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos os que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento das súas cláusulas.*

*QUINTA: Compromisos do concello*

*Os medios persoais e materiais incluídos neste convenio, deberán dispoñer obrigatoriamente de:*

*O persoal encargado do manexo do/s V.M.B/s deberá contar, como mínimo, co equipo obrigatorio de protección individual para realiza-la súa función conforme as normas do "Real Decreto 1407/92, do 20 de novembro, por el que se regulan las condiciones de comercialización y libre circulación intracomunitaria de los equipos de protección individual", con EPIS enmarcados na categoría II. (Véxase Anexo I).*

*O/s V.M.B/s. coa matrícula C-5443-BB, incluído/s neste convenio estará/n e permanecerá/n en perfectas condicións mecánicas e de dotación, contando co equipamento mínimo especificado no Anexo I. Así mesmo, estará/n ó corrente en toda a documentación, cumprindo coas obrigas administrativas que leva aparelladas en materia de inspección técnica (ITV), pólizas de aseguramento, impostos, etc. O concello comprométese a efectúa-las reparacións e revisións o antes posible e sempre a conta deste, para garanti-lo seu continuo funcionamento.*

*SEXTA: Traballos a realizar*

*A planificación da actuación en materia de defensa contra incendios forestais corresponderá á Consellaría do Medio Rural, de acordo coa comisión de seguimento do convenio, de xeito que o/s V.M.B/s participe/n nos labores encamiñados á prevención, construción e mellora de infraestructuras de defensa contra incendios forestais, que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse. Estes labores desenvolveranse sempre dentro do ámbito territorial do concello.*

*O punto de traballo e horario para o/s V.M.B/s fixarase polo concello de acordo coa comisión de seguimento, segundo a carga de traballo existente en cada momento.*

*O/s V.M.B/s colaborará/n na extinción de incendios forestais integrándose no Distrito Forestal onde se sitúe o concello, segundo o disposto no artigo 47 da lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais.*

*Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias, poderá/n colaborar na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da correspondente indemnización polos gastos ocasionados.*

*SÉTIMA: Coordinación dos trabados*

*Co fin de velar pola execución do presente convenio, crearase unha comisión de seguimento, composta polo xefe provincial do Servicio de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (en adiante S.P.D.C.I.F.) ou un técnico do Servicio no que delegue, por un técnico do Distrito Forestal ó que pertenza o concello e por un representante do concello designado polo alcalde que poderá se-lo coordinador do funcionamento do/s V. M.B/s.*

*Esta comisión reunirse inmediatamente para a resolución de calquera incidencia relacionada co convenio, e ademais realizará as funcións que lle atribúen as demais cláusulas deste convenio.*

*OITAVA: Posta a disposición de medios de radiocomunicacións*

*Sempre que fora necesario e durante a vixencia do convenio, a Consellaría do Medio Rural, porá a disposición do concello os medios de comunicación precisos para a Integración do/s V.M.B/s na Rede de Radio do S.P.D.C.I.F., sendo responsabilidade do concello calquera deterioro que sufran estes equipos polo uso non axeitado para a súa finalidade e devolvelos unha vez finalizada a vixencia deste convenio en perfecto estado.*

*NOVENA: Orzamento*

*A Consellaría do Medio Rural aportará unha contía única de 15.750,00 € financiada con cargo á aplicación orzamentaria 11.06.551-B.760.0, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008. Esta achega distribuirase do seguinte xeito:*

*- Pola operatividade de cada vehículo motobomba: 4.500,00 €/mes*

*DÉCIMA: Pagamento*

*A Consellaría do Medio Rural procederá ó libramento das achegas do seguinte xeito:*

*A. Poderase librar un primeiro pagamento de ata un 50% do importe total da achega correspondente á consellaría, mediante resolución motivada do Sr. Conselleiro do Medio Rural, segundo o previsto no artigo 16.dous.3 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro e previo envío, por parte do concello, da seguinte documentación:*

- Nomes do persoal encargado do manexo do/s V.M.B/s, con especificación do responsábel e do número de teléfono de contacto.*
- Equipamento obrigatorio de protección individual, segundo estipula o Anexo I.*
- Equipamento mínimo para o/s V.M.B/s, segundo estipula o Anexo I, facendo constar ademais que están ó corrente en toda a documentación deste/s,' segundo estipula a cláusula 5a do convenio.*
- Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para esta mesma finalidade. No caso de non ter ningunha outra axuda, deberase presentar unha declaración de que so se percibe o importe deste convenio para esta finalidade. (Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 30 de novembro de 1999, D.O.G. N° 236 do 9 de decembro de 1999).*

*B. Para proceder ó pagamento final do convenio, deberase envia-la seguinte documentación, ó remate deste:*

*• Por parte do concello:*

- Un informe no que se faga constar que o/s V.M.B/s permaneceu/ron operativo/s durante a vixencia do convenio.*
- Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para esta mesma finalidade. No caso de non ter ningunha outra axuda, deberase presentar unha declaración de que so se percibe o importe deste convenio para esta finalidade. (Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 30 de novembro de 1999, D.O.G. N° 236 do 9 de decembro de 1999).*
- Certificación da execución do gasto total do convenio expedida polo funcionario competente do concello (secretario-interventor ou no caso de que sexan dúas competencias diferenciadas, certificación do secretario e informe do interventor). No caso de que existan outras axudas deberase especifica-la achega de tódalas axudas e o gasto total do conxunto destas.*
- No caso de non terse acollido ó primeiro pagamento, deberase envia-la documentación a que fai referencia o apartado A) desta cláusula.*

- Por parte da consellería:
- *Unha certificación expedida polo funcionario responsábel do seguimento do convenio na que se faga constar se a colaboración co S.P.D.C.I.F foi favorable ou non. No caso de que a certificación considerase que a colaboración non foi favorable, a comisión de seguimento poderá acordar a modificación á baixa ou o impagamento da cantidade comprometida no convenio.*

*Do mesmo xeito, e no caso de que a certificación reflicte que os medios conveniados non estiveron operativos durante toda a vixencia do convenio, a liquidación a percibir*

*respecto ó total da axuda, será proporcional á relación existente entre o período efectivo de operatividade e o período establecido no convenio.*

*O prazo de presentación da documentación rematará:*

- *No caso do primeiro pagamento: ó mes contado a partir do inicio da operatividade do/s V.M.B/s.*
- *No caso do derradeiro pagamento: o 31 de outubro de 2008.*

*DÉCIMO PRIMEIRA: Comprobacións da xestión dos fondos*

*O concello someterase as actuacións de comprobación que con respecto á xestión dos fondos do presente convenio pode efectuar a Consellaría do Medio Rural, as de control orzamentario requiridas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.*

*DÉCIMO SEGUNDA: Compatibilidade con outras axudas*

*As axudas concedidas no presente convenio serán incompatíbeis con calquera outra de réxime comunitario para a mesma finalidade.*

*Así mesmo no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.*

*DÉCIMO TERCEIRA: Reintegros*

*Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións públicas ou entes públicos ou privados poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.*

*O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio, así como a concorrencia dalgunha das causas de reintegro recollidas no artigo 33 da Lei 9/2007, darán lugar ao ^ reintegro total ou parcial da axuda recibida.*

*No caso de que exista unha minoración do gasto por calquera das causas anteriores, correspóndelle esta minoración á achega efectuada pola Consellaría do Medio Rural.*

*DÉCIMO CUARTA: Interpretación*

*A Consellaría do Medio Rural, interpretará o clausulado e resolverá as diverxencias que puideran acaecer, así como as dúbidas ou calquera outra incidencia que se derive do cumprimento, do disposto no presente convenio.*

*DÉCIMO QUINTA: Rescisión do convenio*

*Será motivo de rescisión do presente convenio, o incumprimento das súas cláusulas mediante denuncia de calquera das partes, oída a comisión á que se retire a cláusula quinta, procedéndose ao reintegro da axuda percibida e dos xuros de demora, segundo o disposto no Título II da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*DÉCIMO SEXTA: Publicidade*

O Concello de POBRA DO BROLLÓN (A) presta o seu consentimento á Consellaría do Medio Rural para incluír e facer públicos, nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos as axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.

*DÉCIMO SÉTIMA: Natureza do convenio e normativa aplicable*

O presente convenio ten natureza administrativa e tódalas cuestións que del se deriven, resolvense ante a xurisdicción contencioso administrativa.

En todo o non previsto neste convenio, estarase ao disposto na lei 9/2007, de subvencións de Galicia e na lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais.

*DÉCIMO OITAVA: Vixencia*

Os medios os que se refire este convenio, sempre e cando cumpran co clausulado, deberán estar operativos dende:

- O vehículo motobomba coa matrícula C-5443-BB, dende o 16/06/2008 ata o 30/09/2008

O portavoz do grupo Popular di que con 4.500 € só dega para os gastos de persoal e o concello terá que correr co resto dos gastos. Está de acordo con asina-lo convenio, pero que se debería de negociar á alza a través da FEGAMP.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

## **2.- PARTE DE CONTROL:**

### **2.1º.- DECRETOS DA ALCALDÍA.**

Pola Alcaldía se da conta ó Pleno dos Decretos dictados dende a última sesión ordinaria celebrada ata o día da fecha que a seguir se relacionan:

<b>DATA</b>	<b>CONCEPTO</b>
07/05/2008	Decreto utilización campo festa A Estación
09/05/2008	Ampliación contrato Auxiliar Administrativo Servicos Sociais
13/05/2008	Autorización lanzamento foguetes festa A Estación
14/05/2008	Ampliación prazo prestación proxecto Obra Jose Rguez. Cereijido
21/05/2008	Concesión Local Casa Cultura reunión PSG-PSOE Pobra do Brollón
23/05/2008	Modificación SAD Bivencia López
23/05/2008	Modificación SAD Amador Franco
23/05/2008	Concesión SAD Delia Fuentes
23/05/2008	Modificación SAD Jesús López
23/05/2008	Modificación SAD María Núñez
23/05/2008	Modificación SAD María Pardo
23/05/2008	Modificación SAD Paz Vázquez
23/05/2008	Modificación SAD Teodora Púente
30/05/2008	Autorización lanzamento foguetes festa Veiga
30/05/2008	Inicio Expediente delimitación núcleo rural Outara
30/05/2008	Inicio expediente delimitación núcleo rural de Arribas/Brollón
30/05/2008	Concesión local Casa cultura Comisión festas de Pobra do Brollón

03/06/2008	<i>Concesión local Casa Cultura Partido Popular Pobra do Brollón</i>
04/06/2008	<i>Aumento contrato servicios Irene Souto</i>
12/06/2008	<i>Paso vía executiva taxas licencia obra Luísa Glez. Vázquez</i>
12/06/2008	<i>Cesión Casa Cultura organización torneo Fútbol Sala.</i>

## **2.2º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Pola Alcaldía se da resposta ás preguntas pendentes do Pleno anterior:

\* P-03/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo Popular:

*Se comprou recentemente un tractor financiado cunha achega da Xunta e un préstamo do B.C.L. entre ambos excedían o importe da adquisición. ¿Qué pasou coa cantidade excedente?*

+ Resposta do Alcalde:

*O tractor custou en total 89.995,12 €. Tiña unha achega da Consellería de 54.268,20 € polo que o concello tiña que aportar 35.726,92 €.*

*Por ese motivo o concello pediu un préstamo de 45.000,00 € para financia-la achega municipal.*

*Coa cantidade sobrante do préstamo, 9.273,08 €, se financiou a adquisición dunha segadora que custou 9.238,36 €, sobrando a cantidade de 34,72 € que se amortizará anticipadamente.*

- O portavoz do grupo Popular di:

*A segadora é aparte, e debería ser financiada a súa adquisición doutro xeito xa que o préstamo solicitado ó era para o tractor.*

+ Resposta do Alcalde:

*O préstamo non foi solicitado para a adquisición dun tractor especificamente senón para a adquisición de maquinaria con destino os servicios municipais.*

\* P-04/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo Popular:

*O parque biosaudable, ¿está en boas condicións? ¿está limpo? ¿está sendo utilizado? ¿vaise promocionar? ¿se sigue pensando que está no lugar ideal?*

+ O Alcalde responde:

*A resposta é afirmativa a tódalas preguntas. Naturalmente non se sabe o número de usuarios xa que non se cobra entrada por usalo, e o seu uso aumentará en canto se abra o Centro de Día.*

- O portavoz do grupo Popular di:

*Se non se utiliza mais é porque o seu emprazamento non é axeitado xa que debería de estar nas proximidades do parque. ¿Por qué non se fixo alí a festa do deporte?*

+ O Delegado de Cultura responde:

*Non se puido porque choveu ese día e houbo que facelo no polideportivo.*

\* P-16/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo Popular:

*¿Cando se vai a abrir o Centro de Día? ¿Cando Quintana respectará ó Alcalde e ós veciños da Pobra do Brollón? Xa houbo tempo para polo ó día.*

+ O Alcalde responde:

*Se está a facer un estudio económico e en breve se celebrará un pleno extraordinario para acadarlle a solución definitiva. Respecto á alusión sobre Quintana di que en Vicepresidencia xa hai orzamento para o Centro de Día da Pobra.*

*Se contactou xa con catro empresas privadas e nelas o custo para os usuarios é de entre cincocentos e novecentos euros ó mes, mentres que no consorcio serían cento vinteseis polo servizo completo e cincuenta e cinco sen merenda e transporte.*

*Finalmente dicir que a Deputación establecerá unha liña de axudas para os custos do concello.*

- O portavoz do grupo Popular di:

*O centro leva un ano sen abrir, e en todo o ano non se fixo nada. O que pedimos é un trato de igualdade. No había valoración de custos, e por eso se opuxeron á adhesión ó Consorcio.*

+ O Alcalde responde:

*A obra se fixo en dúas fases na etapa anterior unha delas sen dirección de obra. Non ten solo antiesvarante nin había alta no subministro eléctrico.*

- O portavoz do grupo Popular di:

*Os técnicos da Vicepresidencia deberon de ver os fallos.*

+ O Alcalde responde:

*Unha das fases se fixo como Casa da Cultura, e por tanto non adaptada a Centro de Día nin baixo a supervisión da Vicepresidencia.*

---

\* P-17/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo Popular:

*¿No seu día se presentou un rogo sobre o nome da rúa Os Guímaros. ¿Qué se ten pensado facer con ese tema?*

+ A primeira Tenente de Alcalde responde:

*Se fixo unha xornada informativa e no seu día se terá unha reunión cos veciños da rúa.*

---

\* R-06/08

- Rogo oral que formula a portavoz suplente do grupo Popular:

*Prego que se cambie a situación dun poste do alumeadado público xunto a escola de Eixón.*

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte-únha horas e corenta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a vinte de xuño de dous mil oito.

v. e pr.

O Alcalde,



# CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

## RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión extraordinaria de urxencia celebrada o día vinte de xuño de dous mil oito, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE URXENCIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE DE XUÑO DE DOUS MIL OITO.

José Luís Maceda Vilariño  
Manuel González Moreira  
José Luís Rodríguez Franco  
María Montserrat Macía Quiroga  
Javier González González  
José Antonio García Pérez  
José Antonio Álvarez Sánchez  
Oliva Eva López González  
Estrella Páez Figueiras

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte de xuño de dous mil oito, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia nove, para celebrar sesión extraordinaria de urxencia do pleno do Concello.

Non comparecen os Concelleiros Adoración Fernández González e Marisol Vázquez Salgado.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

### ORDE DO DÍA:

#### **1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA E DA ORDE DO DÍA.**

Por unanimidade se acorda a aprobación da urxencia da sesión e da correspondente orde do día.

#### **2º.- VIVENDAS SOCIAIS.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a lista provisional de adxudicación de vivendas de promoción pública construídas ó abeiro do expediente LU-02/506 propoño ó Pleno que adopte o acorde seguinte:

*1.- Aprobada la lista provisional de adxudicación de vivendas de promoción pública construídas ó abeiro do expediente LU-02/506, aprobada pola Comisión Provincial de Vivenda o día 17 de decembro de 2.004 e que é a seguinte:*

Nº	Solicitante	D.N.I.	Enderezo	C.F.	Réxime	Puntos
----	-------------	--------	----------	------	--------	--------

Nº	Solicitante	D.N.I.	Enderezo	C.F.	Réxime	Puntos
1	<b>Besteiro Núñez Isabel</b>	34256586H	Camiño Real de Seoane S/N. Monforte de lemos	5	Venta	336
2	Franco Vázquez Juan Carlos	50160426W	Rúa Peza, 11. A Pobra do Brollón	1	Venta	320
3	González Sánchez Emilia	34258125Q	Piñeiros, 6. Castroncelos. A Pobra do Brollón	4	Aluguer	359
4	Vilela Pol Elba	36527938M	Avda. Lugo, 1-A Estación. A Pobra do Brollón	1	Venta	212
5	Fernández González M <sup>a</sup> Ángeles	44426341R	Vilanova, 31-1º D. Monforte de Lemos	1	Venta	180
6	Díaz Díaz Francisco	34213112Z	Calvo Sotelo, 4. Monforte de Lemos	1	Aluguer	324
7	Pol Pardo Pilar	76623744A	Carballal, 20. Folgoso Caurel	1	Aluguer	212
8	<b>Parada López M<sup>a</sup> Luísa</b>	34259309G	Castrosante, 21. A Pobra do Brollón	1	Venta	262
9	López Fernández Olga	34232490A	Avda. Lugo, 40. Cereixa. A Pobra do Brollón	2	Venta	315
10	Gómez Pardo M <sup>a</sup> Elena	34259872S	Florida, 16 ático. Monforte de Lemos	1	Aluguer	243

2.- Aproba-las seguintes exclusións e polos motivos que para cada unha se sinalan:

Nº	Solicitante	D.N.I.	Causa da exclusión
1	Camino López Marta	34271476G	Non cumpre o requisito mínimo de ingresos
2	López González Zaida	44018323 <sup>a</sup>	Non aporta a documentación esixida
3	Rodríguez Barbao M <sup>a</sup> Pilar	34268443F	Non cumpre o requisito mínimo de ingresos

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### 3º.- **SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN A XUNTA DE GALICIA.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

A entrada en vigor do Decreto de aprobación das normas do hábitat galego fai que o concello teña que verificar o cumprimento das condicións de habitabilidade. Isto supón un maior gasto que o concello non pode asumir. Consonte co anterior propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:



*1.- Aproba-la memoria xustificativa da aplicación do Decreto de aprobación das normas do hábitat galego no concello da Pobra do Brollón.*

*2.- Solicitar da Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 9 de maio de 2008 (D.O.G. número 97/2008 de 21 de maio) unha achega por importe de vinte mil euros anuais (20.000,00 €) para a contratación do persoal técnico necesario para ese servizo., aceptando integramente as condicións de financiación establecidas na citada orde.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte horas e trinta e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a vintetrés de xuño de dous mil oito.

v. e pr.

O Alcalde,



# CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

## MARÍA JOSÉ LÓPEZ MORGADE, SECRETARIA EN FUNCIONS DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión extraordinaria de urxencia celebrada o día tres de xullo de dous mil oito, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE URXENCIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRES DE XULLO DE DOUS MIL OITO.

Manuel González Moreira  
José Luís Rodríguez Franco  
Adoración Fernández González  
María Montserrat Macía Quiroga  
Javier González González  
José Antonio García Pérez  
Marisol Vázquez Salgado  
José Antonio Álvarez Sánchez  
Oliva Eva López González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte horas e trinta minutos do día tres de xullo de dous mil oito, e baixo a presidencia da primeira Tenente de Alcalde en funcións de Alcalde por ausencia do titular, Adoración Fernández González, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia nove, para celebrar sesión extraordinaria de urxencia do pleno do Concello.

Non comparece, ademais do Alcalde a Concelleira Estrella Páez Figueiras.

Asiste como Secretario en funcións, por baixa do titular a auxiliar administrativa interina María José López Morgade

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

### ORDE DO DÍA:

#### **1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA E DA ORDE DO DÍA.**

Por unanimidade se acorda ratificar a urxencia da sesión e o correspondente orde do día.

#### **2º.- ADXUDICACIÓN CONCURSO ADQUISICIÓN CAMIÓN RECOLLIDA R.S.U.**

Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Medio Ambiente:

Visto o expediente para a adquisición dun vehículo para a recollida de lixo, e a proposta da mesa de contratación, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Adxudicar o concurso de adquisición dun camión para a recollida de R.S.U. á empresa Comercial Vehículos Industriales TAR S.L. con N.I.F. número B-32.102.402 representada por D. Juan Manuel López Dopazo con D.N.I. número 34.975.227-R no prezo ofertado de cento vinte mil euros (120.000,00 €) de acordo coa oferta presentada e co previsto nos pregos de condicións técnico e económico administrativos que rexeron o concurso.*

2.- *O prazo de entrega será inmediato sen máis demora que a necesaria para a matriculación do vehículo e a súa rotulación.*

3.- *Facultar a Tenente de Alcalde de Medio Ambiente para tódolos trámites precisos para o cumprimento deste acordo e expresamente para a sinatura do contrato.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **3º.- SUBVENCIONS XUNTA DE GALICIA.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da primeira Tenente de Alcalde:

O Concello conta na actualidade cun grupo de gaitas e hai anos cun grupo de danza e pretendendo fomentar as artes escénicas e musicais, propoño a adopción do seguinte acordo:

1º.- *Aproba-la creación dunha escola de música, danza e artes escénicas denominada "Samoeiro" no Concello da Pobra do Brollón cun custo total de corenta e catro mil douscentos cincuenta e sete euros e oitenta e sete céntimos. (44.257,87€)*

2º.- *Solicitar da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ó abeiro da orde do 5 de maio de 2008, (D.O.G. número 19 de maio de 2008) unha subvención por importe de trinta e dous mil (32.000€) para o funcionamento do servizo, aceptando integramente as condicións que se indican na expresada orde e as que no seu caso se sinalen na resolución pola que se conceda a subvención.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da primeira Tenente de Alcalde:

Para atender ós servizos municipais ó Concello precisa da contratación de diverso persoal. A Consellería de Traballo ten establecidas unha liña de axudas para a contratación de diversos colectivos dos que interesa promocionar o seu emprego. Consonte ó anterior propoño a adopción do acordo seguinte:

1º.- *Aprobar a memoria das obras ou servizos a realizar no I Plan Integral de Emprego de Galicia co resumo que se indica:*

<i>Servicio</i>	<i>Nº.</i>	<i>Achega Xunta</i>	<i>Achega Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
<i>Técnico medioambiental Rede Natura 2000</i>	<i>1</i>	<i>26.286,00</i>	<i>1.460,04</i>	<i>27.746,04</i>
<i>Axuda no fogar para dependentes</i>	<i>2</i>	<i>26.639,28</i>	<i>2.373,60</i>	<i>29.012,88</i>
<i>Brigada Rehabilitación núcleos rurais</i>	<i>3</i>	<i>54.850,20</i>	<i>2.983,08</i>	<i>57.833,28</i>
<i>Arquiveiro</i>	<i>1</i>	<i>21.423,84</i>	<i>457,80</i>	<i>21.881,64</i>
<i>Total</i>	<i>7</i>	<i>129.199,32</i>	<i>7.274,52</i>	<i>136.473,84</i>

2º.- *Solicitar da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia ó abeiro da orde do 5 de xuño de 2.008 (D.O.G. número 113 de 12 de xuño) unha achega por importe de cento vintenoventa e nove euros con trinta e dous céntimos (129.199,32 €), aceptando integramente as condicións de financiamento establecidas na citada orde.*

3º.- *Comprometerse a achegar a cantidade de sete mil douscentos setenta e catro con cincuenta e dous céntimos (7.274,52 €) que lle corresponden ó Concello.*

O portavoz do grupo Popular di con respecto á solicitude para arquiveiro que tendo en conta os tempos modernos hai que mirar ó futuro e a novas tecnoloxías, polo que no canto dun arquiveiro debería-se solicitar un técnico informático.

A Alcaldesa en funcións di que hai que empezar por modernizar e por ó día o arquivo existente no que hai excesivos papeis e mantelo actualizado, o que non é incompatible co técnico informático.

O portavoz Popular di que no futuro se teña en conta a necesidade de un técnico informático e de persoal especializado nas actividades e necesidades da xente de maior idade que son a maioría dos habitantes do concello.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro delegado de Cultura e Deporte:

Para desenrolar a actividade cultural do Concello e darlle o máximo aproveitamento ó edificio da Casa da Cultura é preciso o equipamento e acondicionamento da Biblioteca e sala de música de dito edificio. Consonte ó anterior propoño ó pleno a adopción do seguinte acordo.

1º.- *Aprobala memoria do equipamento e acondicionamento da biblioteca e sala de música da Casa da Cultura, cun gasto total de trinta e catro mil trescentos doce euros con oitenta céntimos (34.312,80 €)*

2º.- *Solicitar da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia ó abeiro da orde de 28 de abril de 2008 (D.O.G número 87/2008 do 7 de maio) unha achega por importe de vinte e catro mil dezaoto euros con noventa e seis céntimos (24.018,96 €), aceptando integramente as condicións de financiamento establecidas na mencionada orde.*

3º.- Comprometerse a aportala cantidade de dez mil douscentos noventa e tres euros con oitenta e catro céntimos (10.293,84 €) equivalente ó 30% da inversión a realizar.

*O portavoz do grupo Popular di que está de acordo coa proposta, xa que o seu grupo no programa electoral xa propoñía a creación dun grupo de teatro e a realización de actividades de ocio é lecer, ó considerar que a Casa da Cultura estaba pouco utilizada.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade se acorda a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro Delegado de Muller:

Tendo en conta o funcionamento do Servizo de educador familiar, e sendo convinte mantelo en funcionamento en anos sucesivos, propoño ó pleno a adopción do acordo seguinte:

1.- Aprobala memoria de funcionamento do servizo de educador familiar no concello da Pobra do Brollón, por un importe total de doce mil oitocentos cincuenta e sete euros e catorce céntimos (12.857,14 €)

2.- Solicitar da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 11 de xuño de 2008 (D.O.G. número 121/2008 de 24 de xuño) unha achega por importe de nove mil euros anuais (9.000,00 €) para a o funcionamento do servizo, aceptando integramente as condicións de financiamento establecidas na mencionada orde.

3º.- Comprometerse a aportala cantidade de tres mil oitocentos cincuenta e sete euros con catorce céntimos (3.857,14 €) equivalente ó 30% da inversión a realizar.

O Concelleiro Delegado di que nove mil euros é a máxima axuda que se pode solicitar e que o servizo se presta a media xornada, e está destinado fundamentalmente ás familias con dificultades e ó apoio na escola.

O portavoz do grupo Popular di que no ano anterior o concello só aportaba o local e os gastos corrían a cargo da Consellería.

O Concelleiro Delegado responde que as condicións de financiamento do ano pasado foron as mesmas que o presente dando lectura ós datos do exercicio 2007.

O portavoz Popular di que como entrou en funcionamento en xuño el non estivo ó tanto da subvención. Que a labor é importante para os cidadáns pero hai que ten en conta, de cara o futuro, as limitacións que pode ter o concello para aportar un porcentaxe tan alto.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

#### **4º.- CONVENIOS.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da primeira Tenente de Alcalde:

O Concello conta con achegas da Asociación Grupo Local de Desenvolvemento Rural Río Lor para a execución de obras na Estación e Salcedo. Rematadas as da Estación se produciu un remanente

que o grupo autoriza a investir en Salcedo. Consonte co anterior propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

*1º.- Aproba-lo anexo ó contrato (expediente 2-103-118) entre o concello da Pobra do Brollón e o Grupo Local de Desenvolvemento Rural Río Lor co texto que se indica a seguir.*

*2º.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e expresamente para a sinatura de dito anexo.*

*ANEXO CONTRATO*

*CLÁUSULAS*

*1 O prazo máximo para o remate e acreditación das inversións ante a Asociación Río Lor, será o 30 de agosto de 2008.*

*2 Activación parcial por importe de 1.218,26€, do total dos fondos consignados en reserva segundo contrato de 29/12/2006*

*3 Contrato en Reserva: “A adquisición dos dereitos derivados do contrato LEADER, por un importe de 6.811,37€, está condicionada a que, en virtude do incumprimento total ou parcial dalgún ou algúns dos proxectos aprobados en curso de realización ou do reintegro de axudas previamente pagadas, e de conformidade coas regras previstas na instrucción nº 3/2006 de AGADER, o grupo de acción local dispoña de dotacións financeiras derivadas da anulación do compromisos correspondentes ós citados incumprimentos ou de reintegros.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte horas e cincuenta e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a sete de xullo de dous mil oito.

v. e pr.

O Alcalde,



# CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

## RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte de agosto de dous mil oito, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE DE AGOSTO DE DOUS MIL OITO.

José Luís Maceda Vilariño  
Manuel González Moreira  
José Luís Rodríguez Franco  
Adoración Fernández González  
María Montserrat Macía Quiroga  
Javier González González  
José Antonio García Pérez  
Marisol Vázquez Salgado  
José Antonio Álvarez Sánchez  
Oliva Eva López González  
Estrella Páez Figueiras

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte de agosto de dous mil oito, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia once, para celebrar sesión ordinaria do pleno do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

### ORDE DO DÍA:

#### 1.- PARTE DISPOSITIVA:

##### **1.01º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.**

+ Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día vintenove de abril de dous mil oito.

+ Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día vinteun de maio de dous mil oito.

+ Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día doce de xuño de dous mil oito tras corrixi-lo seguinte erro producido:

No anexo do punto 1.08º, segundo parágrafo da parte “manifestan” onde di: “parroquia de Eixón” debe dicir: “parroquia de Barxa de Lor”.

+ Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día vinte de xuño de dous mil oito.

### **1.02º.- RATIFICACIÓN DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o seguinte acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local o día vinte-dous de xullo de dous mil oito, propoño ó Pleno a súa ratificación.

1.- Aproba-la inclusión no Plan de actuación global de infraestructuras vitícolas na Ribeira Sacra Lucense de 2008 da obra de “afirmado de camiños para o viñado na Pobra do Brollón” cun orzamento aproximado de douscentos cincuenta e oito mil setecentos oitenta e sete euros con vinteseis céntimos (258.787,26 €), financiados pola Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

2.- Acepta-la execución da obra indicada en réxime de cooperación coa Dirección Xeral de Estructuras e Infraestructuras Agrarias da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

3.- Por a dispor da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, libres de cargas e gravames tódolos terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarios para levar adiante as mesmas.

4.- Renunciar a calquera clase de tributo ou taxa por mor das obras.

5.- Continuar asumindo, despois da recepción das obras e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a súa explotación, mantemento e conservación.

6.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e expresamente para a sinatura do correspondente Convenio de Cooperación.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o seguinte acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local o día vinte-dous de xullo de dous mil oito, propoño ó Pleno a súa ratificación.

1.- *Crear o servizo local de normalización lingüística.*

2.- *Solicitar da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 12 de xuño de 2008 (D.O.G. número 121/2008 de 24 de xuño) unha achega por importe de seis mil euros (6.000,00 €) para a súa posta en funcionamento, aceptando integramente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na devandita orde.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o seguinte acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local o día vinte-dous de xullo de dous mil oito, propoño ó Pleno a súa ratificación.

1.- *Aproba-la execución da actuación “ruta ambiental e cultural polo camiño de ferro” e a correspondente memoria.*

2.- *Solicitar da Consellería de Medio Ambiente de Desenvolvemento Sostible ó abeiro da orde de 6 de xullo de 2008 (D.O.G. 115/2008 de 16 de xullo) unha achega por importe de dez mil euros (10.000,00 €) equivalente ó 89,13% do orzamento para a realización da actuación, aceptando integramente as condicións de financiamento establecidas na citada orde.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.03º.- DELIMITACIÓN DE NÚCLEOS DE POBOACIÓN.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Visto o expediente tramitado a instancia de D<sup>na</sup>. María Ignacia Maceda Corujo para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Oútara, o informe do técnico municipal, a proposta de delimitación e acreditación da preexistencia do núcleo rural de Oútara, propoño ó Pleno que adopte o seguinte acordo:

*1.- Aprobar provisionalmente a proposta de declaración de preexistencia do núcleo rural de Oútara redactada polo arquitecto Xosé Lois López Otero, ós efectos previstos na lexislación vixente.*

*2.- Remiti-lo expediente á Dirección Xeral de Urbanismo solicitando a aprobación definitiva de acordo co previsto na Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia na redacción dada pola Lei 15/2004 d 29 de decembro..*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Visto o expediente tramitado a instancia de D. Ignacio Menéndez Zulueta e D<sup>na</sup>. María Luz Vega Páez para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Arribas, Brollón, o informe do técnico municipal, a proposta de delimitación e acreditación da preexistencia do núcleo rural de Oútara, propoño ó Pleno que adopte o seguinte acordo:

*1.- Aprobar provisionalmente a proposta de declaración de preexistencia dos núcleos rurais de O Brollón e Arribas redactada polo arquitecto Xosé Lois López Otero, ós efectos previstos na lexislación vixente.*

*2.- Remiti-lo expediente á Dirección Xeral de Urbanismo solicitando a aprobación definitiva de acordo co previsto na Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia na redacción dada pola Lei 15/2004 d 29 de decembro..*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

#### **1.04º.- CONVENIO COA VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR.**

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro Delegado de Muller dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

No noso concello hai moitas persoas de avanzada idade e que vive soas. Moitos deses, teñen unha alimentación descontrolada, non xa por falta de medios, senón pola progresiva perda de conciencia que se produce cos anos. Para axudar a esta xente existe un programa de “xantar na casa” que en cooperación entre a xunta de Galicia e os concellos permite acercarlle ós veciños que máis o solicitan comida elaborada por unha empresa de catering. Consonte co anterior, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

*1.- Aprobar o programa de xantar na casa no concello da Pobra do Brollón.*

*2.- Aprobar o convenio a asinar entre o Consorcio Galego dos Servicios da Igualdade e do Benestar e o concello da Pobra do Brollón para o desenvolvemento do programa “xantar na casa” de acordo coas cláusulas que figuran a seguir.*

*3.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e expresamente para a sinatura do convenio.*

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

*O presente convenio ten por obxecto regular o marco de colaboración entre o Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e Benestar e o Concello para o desenvolvemento do programa "Xantar na Casa" no mesmo.*

#### **SEGUNDA.- PERSOAS BENEFICIARIÁS DO PROGRAMA**

*Son beneficiarías do programa "Xantar na Casa" as persoas empadroadas e que sexan residentes no concello e que cumpran os seguintes requisitos:*



1º) *Persoas maiores de 60 anos, que teñan limitada a súa capacidade de autonomía persoal, e sen rede de apoio que puidera suplir tal situación.*

2º) *Persoas dependentes, que carezan de apoio familiar, e requiren de axuda para a preparación de alimentos.*

3º) *Persoas menores de 60 anos en situación de exclusión social, tecnicamente avaliada polos servizos sociais do Concello.*

#### **TERCEIRA.- INCLUSIÓN DE PERSOAS BENEFICIARIÁS NO PROGRAMA**

*O Concello facilitará ao Consorcio no prazo de 15 días desde a sinatura do presente convenio e, tras a correspondente avaliación dos Servizos Sociais municipais unha relación de, como mínimo -- futuros beneficiarios do programa, con indicación dos domicilios onde debe efectuarse a entrega, o teléfono de contacto e, no seu caso, a persoa responsable de servir a comida á persoa beneficiaría.*

*O programa "Xantar na casa" non se porá en marcha no entanto non se cumpra por parte do Concello o expresado no parágrafo precedente.*

*Unha vez iniciada a prestación do servizo, o Concello comunicará ao Consorcio as altas ou baixas das persoas beneficiarias do mesmo nun prazo non superior a 15 días desde o momento en que estas se produzan, debendo garantir durante a vixencia do programa un número mínimo de -- persoas beneficiarias.*

*No caso de producirse unha baixa no servizo deberá producirse a comunicación dunha nova alta nun prazo non superior a un mes.*

#### **CUARTA.- DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA XANTAR NA CASA**

*O Consorcio porá en marcha o programa "Xantar na Casa" no concello de -- no prazo máximo dun mes desde a recepción da relación de usuarios facilitada polo concello consonte ao previsto no parágrafo 1º da cláusula anterior.*

*O Consorcio garantizará as persoas beneficiarias do programa a entrega, cando menos, unha vez á semana no domicilio indicado, do xantar para os sete días da semana durante o período en que se atopen de alta no servizo.*

*A alimentación dos usuarios será completa e equilibrada, variada e adaptada as súas necesidades, os seus gustos e hábitos. Todos os menús estarán supervisados por técnicos especialistas en nutrición. Realizarase un inquérito de calidade con carácter periódico.*

*O Consorcio facilitará ademais os medios necesarios para o remonte calorífico dos xantares, así como as instrucións sobre o seu manexo e correcta utilización, asesorando presencial e/ou telefonicamente as persoas usuarias de cantas circunstancias concorran no servizo.*

*Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, o Concello facilitará as persoas beneficiarias a información necesaria sobre as características, duración e custo do servizo de xantar, así como todas aquelas indicacións que sexan precisas para a correcta recepción deste.*

#### **QUINTA.- OBRIGA DE COMUNICACIÓN RECÍPROCA**

*O Consorcio comunicará ao Concello calquera incidencia relativa as persoas beneficiarias que poida producirse na prestación do programa "Xantar na casa", así como calquera información relativa ao benestar e/ou situación persoal, física, anímica ou social da persoa beneficiaría competencia dos Servizos Sociais municipais.*

*O Concello está obrigado a informar, así mesmo, ao Consorcio de todas aquelas cuestións relativas as persoas beneficiarias e que poidan incidir na prestación do servizo.*

*O Consorcio remitirá ao Concello semanalmente un parte onde se consignarán as incidencias que, no seu caso, puideran terse presentado na prestación do servizo.*

#### **SEXTA.- FINANZAMENTO E PAGO**

*O custo do servizo de xantar é de 7,5 euros por usuario e día. Desta cantidade o usuario achegará o 26,67%, o Concello achegará o 26,67%, o Consorcio 46,66% restante. As achegas do Consorcio e o Concello faranse con cargo á partida prevista aos ditos efectos nos seus respectivos orzamentos.*

*A parte correspondente ao Consorcio está financiada con cargo á transferencia para tal fin da Secretaría Xeral do Benestar da Vicepresidencia da Xunta de Galicia.*

*Calquera bonificación á parte correspondente á achega do usuario correrá por conta do Concello, con cargo aos seus orzamentos. O Concello deberá comunicar ao Consorcio a contía da bonificación, acordando entre ambas as partes a forma de liquidación da mesma.*

*O Concello deberá comunicar ademais ao Consorcio todas aquelas subvencións que reciba para o financiamento da súa achega, no que se refire tanto á súa contía como á institución emisora.*

*O Concello aboará mensualmente ao Consorcio, o custo do servizo por el asumido, dentro dos cinco primeiros días do mes seguinte á aquel no que teña lugar a prestación do servizo.*

#### **SÉTIMA.- SEGUIMENTO DO PROGRAMA**

*O Consorcio e o Concello designarán cada un deles unha persoa que se responsabilizará do cumprimento da obriga de comunicación recíproca das partes referida na cláusula 5ª do presente convenio, e do tratamento e xestión de toda a información relativa ao desenvolvemento do programa "Xantar na Casa".*

*Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, a vixilancia e seguimento do convenio encomendase a unha comisión mixta integrada polo Xerente do Consorcio e o Alcalde do Concello, ou persoas en quen deleguen, que se reunirá, cando menos, unha vez ao ano.*

*A dita comisión terá como funcións: A coordinación, avaliación, e seguimento das actuacións estipuladas no presente convenio, así como a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio.*

#### **OITAVA.- ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN**

*O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha duración inicial de 3 meses, prorrogándose automaticamente períodos de igual duración, salvo que algunha das partes manifeste a súa vontade en contrario cunha antelación de 30 días.*

*A duración máxima do presente convenio será de 1 ano.*

#### **NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

*Serán causas de resolución do presente Convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.*

*No caso de impago dos custos asumidos polo Concello por un período superior a 3 meses, o Consorcio poderá rescindir o presente convenio, producíndose o cese da prestación do servizo no Concello.*

#### **DÉCIMA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL**

*A subscrición do presente convenio non implicará relación contractual algunha entre o Consorcio e as persoas que desenvolvan as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento do presente convenio.*

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS**

*O Consorcio e o Concello comprométese a cumprir as medidas de seguridade, en función dos datos que poidan ser cualificados como datos de carácter persoal, segundo a Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal.*

# DÉCIMO SEGUNDA.- CARÁCTER ADMINISTRATIVO DO CONVENIO

*O presente convenio terá carácter administrativo quedando excluído da aplicación da normativa reguladora dos contratos do Sector Público, ao abeiro do disposto no artigo 4.1.c) da Lei 30/2007, do 30 de outubro; debendo aplicarse, non obstante, os principios do devandito texto legal para a resolución das dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.*

*As cuestións litixiosas que xurdan con respecto á interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas, en primeira instancia, pola comisión de seguimento. Os conflitos que poidan xurdir polas partes e que non poidan ser resoltas na dita comisión someteranse á resolución da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.*

O portavoz do grupo Popular di que tamén hai homes que coidan a persoas maiores, e que no convenio proposto non se explica que tipo de profesionais levarán adiante o servizo e que se di que non haberá relación laboral. Engade que non hai partida no orzamento para este fin, e pide que se retire a proposta porque hai máis de 150 persoas maiores de 65 anos que viven soas e que hai dez persoas en lista de espera para axuda a domicilio. Pide que o servizo se preste dende o concello e que o grupo de goberno presente un proxecto para facelo así.

O Alcalde responde que o portavoz Popular pon o carro diante dos bois. Que se vai a establecer un baremo consensuado para determinas as persoas beneficiadas polo programa do que xa se está a facer polos servizos municipais un borrador de bases. Que aceptando o convenio se beneficiará ós seis veciños máis necesitados e que non se pode atender a máis dende o concello. Que o servizo será voluntario e quen non este satisfeito con el poderá deixalo.

Respecto da lista de espera para axuda a domicilio di que se aumentou en xornada e media o servizo xa que agora hai cinco persoas a xornada completa. Recoñece que é insuficiente, pero hai limitacións económicas para esto.

A portavoz do grupo Socialista di que antes non había o servizo e agora se crea, o cal xa é unha mellora, e que a medida que se poda se irá ampliando.

O portavoz Popular di que o servizo ten unha finalidade política preelectoral. E que cando eles gobernaban xa había cinco persoas en axuda a domicilio. E que o convenio é por tres meses soamente cun límite dun ano.

O Alcalde di que o dos tres meses é polas limitacións orzamentarias dos concellos, e que pode incluírse xente no programa disposta a pagar o 100% do custo.

Sometida a votación a proposta se acorda aprobala coas cinco abstencións do grupo Popular e os seis votos a favor dos grupos Socialista e Nacionalista.

## **1.5º.- ORDENANZAS FISCAIS.**

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro Delegado de Deportes dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

O concello ven prestando o servizo de organización de viaxes e excursións a praias e outros sitios de interese. Os usuarios pagan unha pequena cantidade e o concello aporta o resto.

Non sendo un servizo obrigatorio, compre que se financie na maior porcentaxe posible con achegas dos participantes dando así cumprimento ó establecido na lexislación vixente. Hai que ter en conta ademais a repercusión que no prezo do servizo teñen as recentes subidas dos prezos dos combustibles.

Polo exposto, propónse ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Modificar o artigo 5º da Ordenanza Fiscal número 19 reguladora do prezo público pola participación en excursións organizadas polo concello que queda redactado como sigue:

<i>Artigo 5º.- Prezo do servicio.</i>	<i>Distancia</i>	<i>prezo</i>
<i>O prezo do servicio será o que se detalla en función da distancia dende A Pobra do Brollón e o punto de destino:</i>	<i>Ata 50 Km. inclusive</i>	<i>5,00 €</i>
	<i>Máis de 50 Km. ata 100 Km. inclusive</i>	<i>8,00 €</i>
	<i>Máis de 100 Km. ata 150 Km. inclusive</i>	<i>10,00 €</i>
	<i>Máis de 150 Km. ata 200 Km. inclusive</i>	<i>12,00 €</i>
	<i>Mais de 200 Km. por cada tramo de 50 Km.</i>	<i>3,00 €</i>

2.- Facer público o acordo por prazo de 30 días hábiles a efecto de exame e reclamacións, considerándoo definitivamente aprobado de non presentarse ningunha en dito prazo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.06º.- XESTIÓN DO CENTRO DE DÍA.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

O concello conta cun edificio cuxo fin previsto é ser un centro de día. Para a súa xestión eran posibles tres formas. Directa polo concello, concesión a unha empresa privada ou ceder a súa xestión ó Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Feitos os oportunos estudos económicos resulta que esta terceira é a solución máis vantaxosa tanto para os usuarios coma para o propio concello. Consonte co anterior propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Ceder a xestión do Centro de Día da Pobra do Brollón ó Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

2.- A tal fin ceder o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar o uso do edificio destinado a centro de día situado na Avda. de Outeiro desta vila, así como do mobiliario e equipamento do mesmo.

3.- Aproba-lo convenio a asinar co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de acordo coas cláusulas que figuran a seguir.

4.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a sinatura do convenio.

*PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto regular a xestión do Centro de Día do Concello de A Robra do Brollón.*

*SEGUNDA.- O Consorcio xestionará a Centro de Día, de acordo coas normas que o regulan e con plena autonomía funcional, correspondéndolle, entre outras, as seguintes atribucións e cometidos:*

- a) A selección, contratación e dirección do persoal*
- b) A elaboración das normas de carácter interno e do proxecto de Atención Xerontolóxica*
- c) Con carácter xeral todas aquelas xestións que se deriven da cesión de uso do Centro.*

*O Concello participará na xestión do Centro de Día nos termos e proporción que determinen as normas de carácter interno da mesma e, en todo caso formando parte do organismo de Selección do persoal do centro.*

*Así mesmo, os servizos sociais municipais colaborarán na tramitación das solicitudes para o acceso ao Centro de Día, de conformidade coa normativa que resulte de aplicación.*

*TERCEIRA.- Obrigas das partes.*

*O Consorcio farase cargo de todos os gastos derivados do funcionamento e equipamento do Centro de Día posteriores á sinatura deste Convenio*

*O Concello cede o uso do inmovible dedicado a Centro de Día situado en Avda. de Outeiro, asumindo os custos derivados do mantemento xeral do edificio e dos exteriores, así como a limpeza integral do Centro, vixianza e seguridade do mesmo e, de ser o caso, proporcionará outros medios precisos para o funcionamento do Centro de Día segundo se reflicten no Anexo I. A aportación económica do Concello por todos os ditos conceptos deberá achegarse ao tercio dos gastos totais da xestión integral do centro.*

*CUARTA.- Comisión de seguimento.*

*A vixianza e seguimento do convenio encomendase a unha comisión mixta integrada polo Xerente do Consorcio e o Alcalde do Concello, ou persoas en quen deleguen.*

*A dita comisión terá como funcións: a avaliación dos resultados da execución do convenio; a proposta, a iniciativa da representación do Consorcio, da actualización da aportación económica do Concello e a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio.*

*QUINTA.- Duración*

*O presente convenio terá unha duración de dez anos naturais.*

*O convenio prorrogarase automaticamente por períodos de igual duración se ningunha das partes se opón á prorroga antes do inicio do último ano do correspondente período.*

*SEXTA.- Actualización do Convenio.*

*A actualización da aportación económica do Concello será revisada anualmente pola Comisión de seguimento segundo o especificado na cláusula cuarta deste Convenio. Unha vez calculado e comunicado polo Consorcio o custo/praza/día revisado anualmente.*

*SÉTIMA.- Natureza e réxime xurídico aplicable.*

*O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose, ós seus efectos, polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, polos principios xerais establecidos no Real Decreto Legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos das administracións públicas xunto coas demais disposicións legais vixentes en materia de contratación administrativa.*

*Anexo I*

- Conservación en mantemento das instalacións, estrutura arquitectónica e instalacións de enxeñerías.*
- Mantemento do sistema de Detección, Extinción e Plan de Evacuación do centro*
- Plan de Augas e Tratamento Antilexionella*
- Mantemento da ACS e Climatización das estancias*
- Mantemento das instalacións de acometidas de enerxías e subministracións así como saneamento e recollida selectiva do lixo, en base á norma de Medio ambiente, e dotación material para o mesmo.*
- Enerxías: eléctrica, calorífica, outras se fora o caso.*
- Limpeza xeral das instalacións, así como limpeza extras e limpeza de zonas críticas, segundo procedementos legais de xestión de Centros.*
- Limpeza de cristais e mantemento de accesos ao centro*
- Mantemento dos exteriores, axardinamentos e outros elementos integrados na estrutura do proxecto técnico do centro.*

- *Sistemas de vixianza e seguranza do centro, cámaras de vixianza e sistema acode e conexión centralizada dos mesmos.*
- *Mantemento dos sistemas de sinalización, ubicación e balizamento de ser o caso*
- *Mantemento dos sistemas de seguridade viaria*
- *Servicios de Protección Civil ou aqueles outros que fosen necesarios para situacións de emerxencia.*

O Alcalde engade que a solución proposta é a que resulta máis económica tanto para os usuarios como para o concello, e que tamén a Deputación ven de establecer unha liña de axudas ós concellos para este fin. Di tamén que se pediu a empresas privadas que fixesen propostas, pero que ningunha deu resposta axeitada. E que o atraso é debido en parte a un informe da Xunta no que se indica que o edificio non reunía condicións.

O portavoz do grupo Popular di que eles xa estaban a favor do Consorcio pero que xa dixo que dubidaba de que estivese en marcha nun ano. Que xa se seleccionou persoal para o de Pantón que aínda non existe, e para Pobra aínda non. Que o estudio di que o funcionamento constará 235.000 € ó ano o que supón 933 € ó día. E que xa hai un ano había una oferta do Instituto Sociosanitario por 218.000 €. Remata dicíndolle ó alcalde que fale con Quíntana e que o abran xa e que se convoquen as prazas. E que se o Centro estaba mal a Xunta tubo tres anos para arranxalo.

O Alcalde responde que ningunha empresa presentou unha oferta en firme. Que o actual grupo de Goberno leva só un ano e xa o vai por en marcha, mentres que o grupo Popular cando gobernou non o puxo en funcionamento, nin adxudicou as vivendas sociais, e mesmo non puxo en funcionamento o ascensor da Casa da Cultura.

Engade que segundo un informe da Intervención do Concello de Monforte, o custo que un centro de día para vinte persoas lle supón é duns 12.000 € e que en xestión privada o custo para cada usuarios superaría os 500 € ó mes.

A portavoz do grupo Socialista di que están a favor da xestión pública do centro por ser máis económica para os usuarios e de mellor calidade. Que eles pediron ter datos e á súa vista lles parece a mellor opción.

O portavoz Popular di que existía unha oferta de xestión dunha entidade privada co funcionamento dunha residencia para 59 prazas. Que no estudio se fala dun custo por alimentación de 2,50 € cando no catering de que se falou nun punto anterior o custo era de 7,50 €. Remata pedíndolle ó Alcalde que se comprometa a un prazo para a súa apertura.

O Alcalde responde que non está nas súas mans o prazo para a posta en funcionamento.

Sometida a votación a proposta se acorda aprobala coas cinco abstencións do grupo Popular e os seis votos a favor dos grupos Socialista e Nacionalista.

### **1.07º.- REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONCELLO.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Para o mellor funcionamento do concello compre dotarse dun regulamento orgánico que estableza os dereitos dos concelleiros e veciños e ordene o correcto funcionamento dos órganos do concello. O proxecto de regulamento que se presenta foi elaborado polo grupo de goberno e recolle achegas do grupo Popular na comisión informativa. Consonte co anterior propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

*1.- Aprobar inicialmente o Regulamento Orgánico do Concello da Pobra do Brollón co texto que figura ó final.*

*2.- Facelo público por prazo de trinta días hábiles a efectos de reclamacións e suxestións considerándoo definitivamente aprobado de non presentarse ningunha en dito prazo.*

Os grupos Socialista e Nacionalista presentan unha emenda conxunta de adición co seguinte contido:

Engadir, un punto co número 8 ó artigo 26 co texto seguinte:

- 1- *Nos debates sobre a aprobación do orzamento e do Plan Xeral de Ordenación Municipal, as quendas a que se refiren os parágrafos b) e c) do punto 2 deste artigo serán de dez e cinco minutos respectivamente.*

O portavoz do grupo Popular di que o Regulamento supera ós actuais grupos Políticos porque ten vixencia ilimitada. Pide que se poña un prazo de un máximo de vinte días para a redacción das actas e pide que os portavoces poidan pedir informes ó Secretario.

Sometida a votación a proposta coas adicións sinaladas por unanimidade se acorda a súa aprobación quedando o texto do Regulamento Orgánico como sigue:

<b>REGULAMENTO ORGÁNICO.</b>
<b>TÍTULO I.      Lexitimación.</b>
<b>Artigo 01.- Obxecto.</b>
<i>O concello da Pobra do Brollón no exercicio das potestades regulamentarias e de autoorganización que lle confire a vixente lexislación en materia de réxime local, establece por este regulamento a organización e funcionamento dos seus órganos básicos e complementarios.</i>
<b>TÍTULO II.      Organización.</b>
<b>Artigo 02.- Dos órganos básicos de decisión.</b>
<i>A organización do concello da Pobra do Brollón ten como órganos básicos de decisión o Pleno do Concello, o Alcalde-Presidente, a Xunta de Goberno Local, os Tenentes de Alcalde e os Concelleiros Delegados.</i>
<ol style="list-style-type: none"><li>1.- O Pleno do Concello o constitúen o Alcalde e tódolos concelleiros elixidos nas eleccións municipais e é o máximo órgano do concello.</li><li>2.- A Xunta de Goberno Local, presidida polo Alcalde-Presidente do concello estará integrada por un número de concelleiros non superior o tercio legal dos mesmos, a concretar pola Presidencia. Os seus membros son nomeados e separados libremente polo Alcalde dando conta ó Pleno do concello.</li><li>3.- Os Tenentes de Alcalde son nomeados e separados polo Alcalde entre os concelleiros pertencentes á Xunta de Goberno Local, dando conta ó Pleno para o seu coñecemento, sen prexuízo da súa inmediata executividade.</li><li>4.- Os Concelleiros Delegados son nomeados e separados libremente polo Alcalde entre os membros da Corporación.</li></ol>
<b>Artigo 03.- Dos demais órganos básicos.</b>
<ol style="list-style-type: none"><li>1.- Tamén é órgano básico a Comisión Especial de Contas prevista no Art. 116 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local. Esta mesma comisión asume así mesmo as funcións xerais de comisión informativa e se denominará Comisión Informativa e Especial de Contas.</li><li>2.- Estará formada por un número máximo de cinco concelleiros que establecerá o Pleno. Os seus postos serán asignados ós Grupos Municipais segundo os seguintes criterios:</li></ol>

- a) Tódolos grupos políticos con representación no concello terán dereito a ter como mínimo un membro.
- b) Se manterá a proporcionalidade ponderada que existe no concello.
- c) Se garantirá a maioría absoluta do Goberno sempre que a teña no Pleno, mesmo aplicando o voto de calidade do Alcalde.

**Artigo 04.- Dos órganos complementarios.**

*Son órganos complementarios da organización do concello a Comisión de Concelleiros Delegados, a Xunta de Voceiros, as Comisións Especiais e as Comisións de Investigación.*

- 1.- A Comisión de Concelleiros Delegados estará formada polo Alcalde e os concelleiros que exerzan delegacións.
- 2.- A Xunta de Voceiros estará formada polo Alcalde e os voceiros dos Grupos Municipais.
- 3.- As Comisións Especiais serán creadas por acordo do Pleno para o estudo de temas concretos de especial interese. A súa composición terá en conta os criterios establecidos para a Comisión Informativa e Especial de Contas.
- 4.- As Comisións de Investigación se crearán por acordo do Pleno cando sexa precisa a investigación dalgún asunto concreto de especial gravidade. A súa composición terá en conta os criterios establecidos para a Comisión Informativa e Especial de Contas.

**Artigo 05.- Dos restantes órganos do Concello.**

*Son tamén órganos do concello os Grupos Municipais e os seus voceiros.*

- 1.- Os Grupos Municipais poderanse formar polos concelleiros electos en cada unha das candidaturas con representación no concello.
  - a) O número mínimo dos seus membros será de dous.
  - b) O Concelleiros elixidos en candidaturas que só tivesen un representante formarán o Grupo Mixto.
  - c) Os membros dunha mesma candidatura non poderán formar máis que un grupo municipal.
  - d) Os concelleiros que non se integren no grupo municipal da súa candidatura ou que a abandonen serán considerados non adscritos.
- 2.- Os voceiros, e no seu caso os seus suplentes, serán elixidos polos membros de cada grupo municipal de entre eles. No grupo mixto se poderá considerar a tódolos seus membros como voceiros, repartíndose os tempos de intervención ou actuando un deles como voceiro conxunto se así o deciden.

**TÍTULO III. Competencias.**

**Capítulo I.- Competencias dos órganos básicos de decisión.**

**Artigo 06.- Das competencias do Pleno.**

*O Pleno do concello exerce as atribucións e competencias que lle confire a vixente lexislación en materia de réxime local e demais normas pertinentes e cantas outras lle atribúan as disposicións xerais ou sectoriais.*



**Artigo 07.- Das competencias do Alcalde.**

- 1.- O Alcalde-Presidente exerce as atribucións e competencias establecidas na lexislación vixente, no presente regulamento, cantas outras lle correspondan de acordo coa lexislación xeral e sectorial e tódalas que non estean expresamente atribuídas a outros órganos, podendo, nos casos legalmente establecidos, conferir delegacións xerais ou específicas na forma establecida na vixente lexislación.
- 2.- Como Presidente dos órganos colexiados asegura o cumprimento das leis e a regularidade das deliberación e votacións, podendo suspender as deliberacións por causa xustificada.

**Artigo 08.- Das competencias da Xunta de Goberno Local.**

- 1.- A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións:
  - a) A asistencia permanente do Sr. A alcalde no exercicio das súas atribucións.
  - b) As atribucións que a Alcaldía de forma expresa lle delegue dentro do establecido pola lexislación vixente, sen prexuízo de que por razóns de urxencia ou por necesidade da xestión municipal, podan ser exercidas polo Alcalde, dando conta a Xunta de Goberno Local no menor tempo posible.
  - c) As atribucións que o Pleno de forma expresa lle delegue dentro do establecido pola lexislación vixente.
  - d) En caso de urxencia a Xunta de Goberno Local poderá adoptar acordos sobre materias reservadas a competencia do Pleno e que non esixan maioría absoluta, dando conta o mesmo na primeira sesión ordinaria que se celebre para a súa ratificación se procedese.
- 2.- Os acordos da Xunta de Goberno Local, dentro da esfera da súa competencia e atribucións son executivos e teñen a mesma eficacia que os do Pleno.

**Artigo 09.- Das competencias dos Tenentes de Alcalde.**

*Os Tenentes de Alcalde exercen as delegacións que lles confira o Alcalde e substitúen o mesmo, polo orde do seu nomeamento, no caso de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento de calquera orde.*

**Artigo 10.- Das competencias dos Concelleiros Delegados.**

*Os Concelleiros Delegados exercen as delegacións que o Alcalde lles confira de acordo e coas limitacións que establece a lexislación vixente.*

**Capítulo II.- Competencias dos demais órganos básicos.**

**Artigo 11.- Das competencias da Comisión Informativa e Especial de Contas.**

- 1.- Como Comisión Especial de Contas:
  - a) O exame e informe das contas anuais e dos orzamentos.
  - b) Calquera asunto de índole económica que a Presidencia ou a Xunta de Goberno Local sometan ó seu dictame.
- 2.- Como Comisión Informativa:

*O dictame sobre calquera asunto que deba de ser sometido á decisión do Pleno. Exceptúanse do seu coñecemento as actas das sesións, os asuntos declarados de urxencia e as cuestións de mero trámite non susceptible de producir deliberación.*

### **Capítulo III.- Competencias dos órganos complementarios**

#### **Artigo 12.- Das competencias da Comisión de Concelleiros Delegados.**

*A Comisión de Concelleiros Delegados se reunirá en sesión deliberante para coordinar e harmonizar o funcionamento do Goberno do Concello.*

#### **Artigo 13.- Das competencias da Xunta de Voceiros.**

- 1.- A Xunta de Voceiros se reunirá a convocatoria do Alcalde cando sexa necesario para estudar liñas xerais de actuación en temas determinados.
- 2.- Tamén poderá ser convocada polo Alcalde antes da formación da orde do día para a convocatoria dun Pleno.

#### **Artigo 14.- Das competencias das Comisións Especiais.**

*As Comisións Especiais estudarán e debaterán exclusivamente sobre os asuntos para os que foron creadas. Como resultado do seu traballo poderán elevar propostas de resolución ó órgano competente para a súa resolución.*

#### **Artigo 15.- Das competencias das Comisións de Investigación.**

*As Comisións de Investigación estudarán e investigaran exclusivamente sobre os asuntos para os que foron creadas. Como resultado do seu traballo poderán elevar propostas de resolución ó órgano competente para a súa resolución.*

### **Capítulo IV.- Competencias dos restantes órganos do concello.**

#### **Artigo 16.- Das competencias dos Grupos Municipais.**

*Os grupos municipais son órganos de fixación de postura dos seus membros. Elixen e separan libremente ós seus voceiros comunicando ó pleno calquera variación, sen prexuízo da súa inmediata executividade.*

#### **Artigo 17.- Das competencias dos Voceiros.**

*Os voceiros interveñen nos debates en nome do seu grupo e expresan a motivación e vontade de aquel. Forman, co Alcalde a Xunta de Voceiros.*

## **TÍTULO IV. Funcionamento dos órganos municipais colexiados.**

### **Capítulo I.- Funcionamento do Pleno.**

#### **Artigo 18.- Da periodicidade das sesións.**

- 1.- O Pleno se reúne con carácter ordinario unha vez cada dous meses no día que dentro do segundo mes de cada bimestre natural determine o Alcalde. A data concreta de celebración lle será comunicada ós Voceiros con cinco días naturais de antelación á celebración da Comisión Informativa correspondente.
- 2.- Celebrará sesións extraordinarias cando sexan convocadas de acordo co previsto na lexislación vixente.
- 3.- Poderá así mesmo celebrar sesións extraordinarias de urxencia por causa debidamente xustificada tendo que ser ratificada a urxencia polo propio Pleno.

**Artigo 19.- Da convocatoria das sesións.**

- 1.- As sesións ordinarias e extraordinarias deberán ser convocadas cunha antelación mínima de dous días hábiles.
- 2.- As sesións de urxencia deberán ser convocadas coa antelación mínima necesaria para garantir a asistencia de tódolos concelleiros, agás que circunstancias especialísimas o impidan.

**Artigo 20.- Da constitución do Pleno.**

- 1.- Para a válida constitución do Pleno deberán estar presentes como mínimo un tercio dos seus membros e nunca menos de tres.
- 2.- Deberán estar presentes o Presidente e o Secretario ou quen legalmente os substitúan.
- 3.- Se nos se acadase o quórum necesario a sesión se entenderá convocada automaticamente para a mesma hora do segundo día posterior. De non acadarse de novo o quórum, quedará sen efecto a convocatoria.

**Artigo 21.- Da unidade do acto.**

- 1.- Toda sesión haberá de respecta-lo principio de unidade de acto, salvo circunstancias especiais extraordinarias.
- 2.- Se procurará que remate no mesmo día en que comece. De remata-lo día sen que finalizase a sesión o Alcalde poderá levantala ou permiti-la súa continuación ata completa-lo estudo da orde do día. No caso de levantala, os asuntos non debatidos deberán ser incluídos na orde do día da seguinte sesión.
- 3.- Durante o transcurso da sesión o Presidente poderá acordar, por si ou a proposta dalgún voceiro, interrupcións para permitir a deliberación dos grupos por separado ou para descanso nos debates.

**Artigo 22.- Da publicidade das sesións.**

- 1.- Con carácter xeral as sesións do Pleno son públicas. Para favorecer a asistencia do público as convocatorias se publicarán na páxina web do Concello.
- 2.- Poderá ser secreto, se así o acorda o Pleno por maioría absoluta, o debate e votación dos asuntos que podan afectar ó dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o artigo 18.1 da Constitución Española.
- 3.- O público asistente ás sesións non poderá intervir nestas nin facer manifestacións de agrado ou desagrado. O Presidente poderá expulsar a quen por calquera causa impida o normal desenvolvemento da sesión.
- 4.- Non obstante o establecido no punto anterior, a corporación poderá establecer un turno de consultas para o público asistente sobre temas concretos de interese municipal.

**Artigo 23.- Da orde da sesión.**

- 1.- As sesións comezarán, no seu caso coa aprobación da acta ou actas anteriores.
- 2.- Os asuntos da orde do día se debaterán e votarán na orde en que se encontren nela.
- 3.- O Presidente poderá alterar a orde dos temas ou retirar un asunto cando para a súa aprobación se esixa unha maioría especial e non puidese obterse no momento previsto inicialmente na orde do día.
- 4.- Calquera concelleiro poderá pedi-la retirada dalgún expediente incluído na orde do día ou que quede sobre a mesa para a próxima sesión. En ámbolos dous casos, a petición será vo-

tada tralo debate antes da votación sobre o fondo do asunto. Se a petición acadase a maioría simple, non haberá lugar a vota-la proposta de acordo.

- 5.- Nas sesións ordinarias a orde do día terá dúas partes diferenciadas, dispositiva e de control. Está última incluírá a comunicación polo Alcalde dos decretos dictados dende a anterior sesión ordinaria e rogos e preguntas.
- 6.- Nas sesións ordinarias rematado o exame dos asuntos incluídos na orde do día, e antes de pasar á parte de control, o Presidente preguntará se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno algún asunto que non estivese en aquela e que non teña cabida en rogos e preguntas.
- 7.- No caso de asuntos non incluídos na orde do día que requiran informe preceptivo de Secretaría ou Intervención e non puidese ser emitido no acto o titular de ditas funcións deberá solicitar do Presidente que se aprace o estudio quedando sobre a mesa ata a seguinte sesión.

**Artigo 24.- Das actas anteriores.**

- 1.- Se non houberse obxeccións ós borradores das actas se considerarán aprobadas. Se as houberse se debaterán e decidirán as rectificacións que procedan.
- 2.- En ningún caso poderá cambiarse o fondo dos acordos adoptados podendo só corrixiarse os erros materiais ou de feito.

**Artigo 25.- Do tratamento de cada punto.**

- 1.- A consideración de cada punto comezará coa lectura íntegra ou en extracto da proposta ou proposición de acordo.
- 2.- A petición de calquera grupo se dará lectura íntegra ás partes do expediente, informe ou dictame que se consideren convenientes.

**Artigo 26.- Dos debates.**

- 1.- Se ninguén solicita o uso da palabra o asunto se someterá directamente a votación.
- 2.- Si se promove debate, as intervencións serán ordenadas polo Presidente de acordo coas seguintes regras:
  - a) Se iniciará coa exposición e xustificación da proposta a cargo de quen a subscriba, en nome propio ou do colectivo ou órgano proponente.
  - b) A continuación os grupos municipais disporán dunha quenda de tres minutos nos que poderán debater sobre a proposta e, no seu caso, sobre as emendas presentadas. A orde de intervención dos grupos será de maior número de membros a menor. No caso de igualdade en número de concelleiros, intervirá antes quen tivese maior número de votos electorais.
  - c) Se algún grupo o solicitase, se procederá a unha segunda quenda de 2 minutos por grupo na mesma orde establecida.
  - d) Se no transcurso do debate algún grupo presentase unha emenda "in voce", o voceiro de dito grupo disporá de dous minutos para xustificala, podendo os restantes grupos debatela en quendas de dous minutos, tomando ó remate a palabra o autor da emenda para ratificala, modificala ou retirala.
  - e) Rematadas as intervencións dos grupos se pechará o debate cunha breve intervención doponente quen ratificará ou modificará a súa proposta.
- 3.- So poderá facerse uso da palabra previa autorización do Presidente.

- 4.- Durante o debate non se permitirá ningunha intervención agás ás do Presidente para chamar á orde ou á cuestión.
- 5.- Se no transcurso do debate algún concelleiro se vise directamente aludido por unha intervención poderá solicitar do Presidente un turno por alusións que será breve e conciso.
- 6.- En calquera momento do debate, e sen interromper a intervención en curso, os concelleiros poderán suscitar unha cuestión de orde indicando expresamente ó precepto a que se acolle. Dita cuestión será resolta polo Presidente.
- 7.- Os funcionarios responsables de Secretaria ou Intervención poderán intervir cando fosen requiridos polo Presidente ou a petición dun portavoz por razóns de asesoramento técnico ou aclaración de conceptos. Se no transcurso do debate entendesen que pode dubidarse da legalidade dalgunha proposta feita ou da súa repercusión orzamentaria, poderán solicitar do presidente o uso da palabra para asesorar á corporación.
- 8.- Nos debates sobre a aprobación do orzamento e do Plan Xeral de Ordenación Municipal, as quendas a que se refiren os parágrafos b) e c) do punto 2 deste artigo serán de dez e cinco minutos respectivamente.

**Artigo 27.- Chamamento á orde.**

- 1.- O Presidente chamará á orde a calquera membro da corporación que:
  - a) Profira palabras ou conceptos ofensivos ó decoro da Corporación ou dos seus membros, das Institucións Públicas ou de calquera outra persoa ou entidade.
  - b) Produza interrupcións ou de calquera outro xeito altere a orde da sesión.
  - c) Pretenda facer uso da palabra sen que se lle concedese ou despois de serlle retirada.
- 2.- Na segunda chamada á orde a un mesmo concelleiro o Presidente lle advertirá que de producirse unha terceira ordenará a súa expulsión do Pleno.
- 3.- No caso da terceira chamada á orde o Presidente ordenará o afectado que abandone o Salón de Sesións adoptando a tal fin as medidas necesarias.

**Artigo 28.- Chamamento á cuestión.**

- 1.- O Alcalde poderá chamar á cuestión ó concelleiro que no transcurso do debate se escape eventualmente do tema de que se trate e centre a súa intervención en outros temas diferentes do que se estudia.
- 2.- Se o afectado non fixese caso o requirimento ou non xustificase axeitadamente a pertinencia da súa intervención, será advertido pola Presidencia que de continuar se lle retirará o uso da palabra.

**Artigo 29.- Das votacións.**

- 1.- Rematado o debate e antes de comeza-la votación, o Presidente planteará de xeito claro e conciso os termos da votación e o xeito de emitilo voto.
- 2.- Unha vez comezada a votación non poderá interromperse por ningún motivo. Durante a mesma o Presidente non concederá o uso da palabra e ningún concelleiro poderá entrar ou saír do Salón.
- 3.- Rematada unha votación ordinaria o Presidente declarará o acordado.
- 4.- Rematada unha votación nominal, o Secretario computará os sufraxios emitido e anunciará en voz alta o seu resultado, tralo que o Presidente proclamará o acordo adoptado.

**Artigo 30.- Da explicación de voto.**

*Proclamado o acordo, poderán solicitar un turno de palabra para explicar o sentido do seu grupo, por tempo máximo de dous minutos:*

- 1.- Os voceiros dos grupos que non interviñesen no debate.
- 2.- Os voceiros dos grupos que tralo debate cambiasen o sentido do seu voto.
- 3.- Os membros dun grupo que votasen nun sentido diferente á postura fixada polo seu grupo e exposta polo voceiro.

**Artigo 31.- Dos rogos.**

- 1.- Se dará lectura ós rogos presentados por escrito antes da sesión. O autor poderá explicar o seu contido durante dous minutos, podendo o Alcalde ou Concelleiro Delegado a quen corresponda darlle contestación en igual tempo.
- 2.- O concelleiro que faga un rogo oralmente durante o Pleno disporá de dous minutos para formulalo e o Alcalde ou Concelleiro Delegado a quen corresponda doutros dous para darlle resposta.
- 3.- En ningún caso a presentación dun rogo dará lugar a debate ou intervención doutros concelleiros que non sexan quen o formula e o membro do Goberno que responda, agás en casos de alusións.

**Artigo 32.- Das preguntas.**

- 1.- Se dará lectura ás preguntas presentadas por escrito antes da sesión. O autor poderá explicar o seu contido durante dous minutos, podendo o Alcalde ou concelleiro preguntado darlle contestación en igual tempo. A continuación quen fixo a pregunta e o preguntado poderán intervir novamente por espacio de dous minutos cada un.
- 2.- O concelleiro que faga unha pregunta oralmente durante o Pleno disporá de dous minutos para formulala e o Alcalde ou Concelleiro Delegado a quen corresponda doutros dous para darlle resposta. A continuación quen fixo a pregunta e o preguntado poderán intervir novamente por espacio de dous minutos cada un.
- 3.- En ningún caso a presentación dunha pregunta dará lugar a debate ou intervención doutros concelleiros que non sexan quen a formula e o membro do Goberno que responda, agás en casos de alusións.

**Artigo 33.- Das actas.**

*Concluída a sesión, a acta da mesma se lle remitirá ós membros do concello e se publicará na páxina web do concello no prazo de vinte días salvo circunstancias concretas que impidan respectar dito prazo.*

**Capítulo II.- Dos debates en Plenos con características especiais.**

**Artigo 34.- Do debate na elección do Alcalde.**

- 1.- Constituída a Corporación como consecuencia da celebración de eleccións municipais, o candidatos a Alcalde disporán dunha quenda de oito minutos para expor o seu programa de goberno, intervindo por orde de maior a menor número de votos acadados.
- 2.- Rematadas ditas intervencións se lle concederá unha quenda de catro minutos a un voceiro elixido ó efecto de cada unha das listas electorais que acadasen representación no concello.
- 3.- O Presidente concederá de novo a palabra a cada un dos candidatos pola orde establecida

por espacio de tres minutos, ó remate do que se precederá á votación.

- 4.- Rematada a elección, o Alcalde electo poderá dirixirse ós presentes por un tempo de cinco minutos, e a continuación o farán os representantes dos demais grupos por espacio de tres minutos, sen que estás intervencións podan supor volver ó debate xa rematado.

**Artigo 35.- Do debate na moción de censura.**

- 1.- O Presidente, tras dar lectura o contido da moción, dará a palabra ó candidato a Alcalde proposto na moción quen durante un tempo de cinco minutos exporá as causas da mesma e o seu programa de goberno.
- 2.- A continuación lla concederá ó Alcalde quen disporá doutros cinco minutos para explicala súa xestión e rebater, se o estima oportuno, os motivos da moción.
- 3.- Intervirán a seguir os voceiros dos grupos na orde establecida en quenda de 3 minutos.
- 4.- O candidato e o Alcalde disporán dunha nova quenda de dous minutos tras a que os grupos poderán intervir de novo durante dous minutos cada un.
- 5.- O candidato proposto e o Alcalde terán dereito a unha última intervención de dous minutos cada un.

**Artigo 36.- Do debate na cuestión de confianza.**

- 1.- Comezará o debate cunha intervención do Alcalde de oito minutos na que exporá os motivos da presentación da cuestión e defenderá a súa xestión.
- 2.- Intervirán a continuación os voceiros dos grupos pola orde establecida por un tempo de cinco minutos cada un.
- 3.- A continuación o Alcalde intervirá por un tempo máximo de catro minutos seguido dunha nova quenda de tres minutos dos voceiros.
- 4.- Rematará o debate cunha última intervención do Alcalde por un tempo de tres minutos.
- 5.- Rematada a votación poderá haber unha quenda de explicación de voto nos supostos establecidos no Artigo 30.-

**Artigo 37.- Do debate sobre o estado do concello.**

- 1.- Unha vez ó ano se celebrará un Pleno Extraordinario para debater sobre o estado do Concello.
- 2.- Previamente á súa celebración o Alcalde remitirá ós voceiros dos grupos municipais unha comunicación na que exporá os puntos da xestión que quere destacar.
- 3.- O debate comezará cunha intervención do Alcalde dunha duración máxima de dez minutos.
- 4.- Intervirán a continuación os voceiros dos grupos pola orde establecida durante un tempo de oito minutos cada un.
- 5.- O Alcalde disporá dun tempo de oito minutos e a continuación haberá unha nova quenda de catro minutos para cada un dos voceiros.
- 6.- O Alcalde rematará o debate cunha intervención de un máximo de seis minutos.
- 7.- Rematado o debate, poderanse presentar rogos.

**Artigo 38.- Do debate nas sesións de control.**

- 1.- O debate comezará cunha intervención dun dos concelleiros que solicitase o control da Xunta de Goberno ou o Alcalde ou dun concelleiro con delegación por cinco minutos nos

que exporá os motivos para a solicitude e fará as preguntas que estime oportunas.

- 2.- O Alcalde, concelleiro ou representante do Goberno do concello lle dará resposta por un tempo de cinco minutos.
- 3.- Intervirán a continuación os portavoces dos grupos municipais pola orde habitual durante cinco minutos cada un.
- 4.- Intervirá novamente un representante dos solicitantes durante tres minutos ó que seguirá un novo tempo de tres minutos para a resposta do interpelado.

### **Capítulo III.- Funcionamento da Xunta de Goberno Local.**

#### **Artigo 39.- Das diferentes sesións da Xunta de Goberno Local.**

*A Xunta de Goberno Local poderá celebrar sesións deliberantes ou resolutivas. Ás sesións resolutivas asistirá o Secretario ou funcionario que o substitúa.*

#### **Artigo 40.- Das sesións deliberantes da Xunta de Goberno Local.**

- 1.- As sesións deliberantes da Xunta de Goberno Local se celebrarán cando o Alcalde as convoque con tal carácter por iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus membros.
- 2.- Ademais dos seus membros poderán asistir os concelleiros ou persoal que pola natureza dos asuntos a tratar sexan convocados ou invitados polo Alcalde.
- 3.- Nas sesións deliberantes non se poderá adoptar ningún acordo.

#### **Artigo 41.- Das sesións resolutivas da Xunta de Goberno Local.**

- 1.- As sesións resolutivas da Xunta de Goberno Local se celebrarán cando sexan convocadas polo Alcalde podendo ser ordinarias, extraordinarias ou extraordinarias de urxencia.
- 2.- A Xunta de Goberno Local establecerá a periodicidade das súas sesións ordinarias.
- 3.- Ademais dos seus membros poderán asistir os concelleiros ou persoal que pola natureza dos asuntos a tratar sexan convocados ou invitados polo Alcalde.
- 4.- O Alcalde ordenará o debate segundo o seu prudente criterio.
- 5.- Cando a Xunta de Goberno Local exerza competencias delegadas polo Pleno será preceptivo o previo informe da Comisión Informativa.

### **Capítulo IV.- Funcionamento doutros órganos Colexiados.**

#### **Artigo 42.- Da Comisión Informativa e Especial de Contas.**

*A Comisión Informativa e Especial de Contas se reunirá con carácter previo ós Plenos para dictaminar os asuntos da súa orde do día e cando a convoque o Alcalde.*

*O seu funcionamento se adaptará ás seguintes particularidades:*

- 1.- Se ningún solicita o uso da palabra o asunto se someterá directamente a votación.
- 2.- Si se promove debate, as intervencións serán ordenadas polo Presidente de acordo coas seguintes regras:
  - a) Se iniciará coa exposición e xustificación da proposta a cargo de quen a subscriba, en nome propio ou do colectivo ou órgano proponente.
  - b) A continuación os grupos municipais disporán dunha quenda de dous minutos nos que



poderán debater sobre a proposta e, no seu caso, sobre as emendas presentadas. A orde de intervención dos grupos será de maior número de membros a menor. No caso de igualdade en número de concelleiros, intervirá antes quen tivese maior número de votos electorais.

c) Se no transcurso do debate algún grupo presentase unha emenda "in voce", o voceiro de dito grupo disporá de dous minutos para xustificala, podendo os restantes grupos debatela en quendas de dous minutos, tomando ó remate a palabra o autor da emenda para ratificala, modificala ou retirala.

d) Rematadas as intervencións dos grupos se pechará o debate cunha breve intervención do poñente quen ratificará ou modificará a súa proposta.

3.- So poderá facerse uso da palabra previa autorización do Presidente.

4.- Durante o debate non se permitirá ningunha intervención agás ás do Presidente para chamar á orde ou á cuestión.

5.- Se no transcurso do debate algún concelleiro se vise directamente aludido por unha intervención poderá solicitar do Presidente un turno por alusións que será breve e conciso.

6.- En calquera momento do debate, e sen interromper a intervención en curso, os concelleiros poderán suscitar unha cuestión de orde indicando expresamente ó precepto a que se acolle. Dita cuestión será resolta polo Presidente.

7.- Os funcionarios responsables de Secretaria ou Intervención poderán intervir cando fosen requiridos polo Presidente por razóns de asesoramento técnico ou aclaración de conceptos. Se no transcurso do debate entenden que pode dubidarse da legalidade dalgunha proposta feita ou da súa repercusión orzamentaria, poderán solicitar do presidente o uso da palabra para asesorar á corporación.

8.- Será de aplicación o establecido para o Pleno relativo a chamamentos á orde e á cuestión.

**Artigo 43.- Do funcionamento da Comisión de Concelleiros Delegados.**

*O funcionamento da Comisión de Concelleiros Delegados se adaptará ó establecido para as sesións deliberantes da Xunta de Goberno Local.*

**Artigo 44.- Do funcionamento da Xunta de Voceiros.**

1.- Pola funcionamento da Xunta de Voceiros funcionará segundo o prudente entender dos seus compoñentes.

2.- Sen prexuízo do anterior, o Alcalde adoptará as medidas oportunas para manter a orde dos debates.

**Artigo 45.- Do funcionamento das Comisións Especiais e de Investigación.**

1.- As Comisións Especiais e as de Investigación adaptarán o seu funcionamento ó establecido para as Comisións Informativas nos que lle sexa de aplicación.

2.- O acordo de creación de ditas comisións poderá establecer as especialidades do seu funcionamento ou facultar ós seus membros para establecer as normas que o regulen.

**Artigo 46.- Do funcionamento dos Grupos Municipais.**

*Cada grupo municipal establecerá as normas do seu funcionamento.*

**TÍTULO V. Estatuto dos membros da Corporación.**

**Artigo 47.- Do dereito de participación.**

- 1.- Tódolos membros da corporación teñen o dereito e o deber de asistir con voz e voto ás sesións do Pleno e dos demais órganos colexiados ós que pertencen.
- 2.- Os membros da corporación poderán presentar no rexistro de entradas do concello, por si ou polos seus voceiros, mocións ou propostas que se incluírán na orde do día da seguinte sesión ordinaria que se celebre. Do mesmo xeito poderán formular rogos ou preguntas por escrito.

**Artigo 48.- Do dereito á información.**

- 1.- Tódolos concelleiros teñen dereito a obter do Alcalde tanta información sexa necesaria para o desenvolvemento da súa labor.
- 2.- Dito dereito se rexerá polas seguintes normas:
  - a) Os membros da corporación que ostenten delegacións terán acceso directo á información propia das mesmas.
  - b) A documentación relativa ós asuntos incluídos na orde do día dunha sesión estarán a dispor dos concelleiros na Secretaria do Concello dende a convocatoria da mesma e ata a súa celebración. Os concelleiros poderán obter copia de cantos documentos estimen oportunos.
  - c) Terán así mesmo dereito a obter dos funcionarios responsables cantos antecedentes dos asuntos a que se refire o parágrafo anterior obren no concello sen que sexa precisa autorización.
  - d) Os acordos e resolucións dictadas polos órganos de goberno do concello.
  - e) Os membros da Corporación terán acceso a tódolos documentos e información de libre acceso para os cidadáns.
  - f) O resto da documentación, agás a que este afectada pola lexislación de protección de datos persoais ou a que puidese afectar os dereitos constitucionalmente protexidos das persoas estará a dispor do membros da corporación de acordo co seguinte procedemento:
    - a) A documentación se solicitará por escrito no que se indicará de maneira sucinta os motivos polos que se precisa.
    - b) A resolución de dita petición, que de ser negativa deberá de ser motivada, se fará no prazo máximo dos cinco días naturais seguintes ó da presentación da solicitude.
    - c) De non producirse dita resolución, a autorización se entenderá concedida, estando os empregados do concello obrigados a facilitala.
- 3.- A consulta e exame concreto dos expedientes, libros e documentación en xeral se rexerá polas seguintes normas:
  - a) Poderá realizarse no arquivo, ou na dependencia na que se atope ben mediante entrega dos mesmos ou de copia. O libramento de copias se limitará ós casos de acceso libre dos concelleiros á información, ou ós que sexan expresamente autorizados pola Alcaldía.
  - b) En ningún caso a documentación poderá saír da Casa Consistorial ou das oficinas municipais.
  - c) A consulta dos libros de actas e resolución deberá de facerse na Secretaría Xeral.
  - d) O exame de expedientes sometidos a sesión poderá facerse unicamente no lugar no

que se encontren de manifesto a partir da convocatoria.

- e) No caso de entrega do expediente a que se refire o apartado a) o interesado deberá de asinar o acuse de recibo.
- 4.- Os membros do concello terán a obriga de gardar reserva en relación coas informacións que se lle faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, e especialmente das que han servir de antecedentes para decisións aínda non adoptadas, así como de evita-la reprodución da documentación que lles sexa facilitada.
- 5.- Para evitar os custos e o dano ó medio ambiente que supón o exceso de copias, se procurará que toda a información ou copias lles sexa comunicada ós concelleiros interesados por correo electrónico ou calquera outra forma de medio informático agás no caso de vontade en contra expresa do interesado.
- 6.- Non se establecen días e horas concretas para a consulta e obtención de documentación que se fará da forma máis inmediata posible co criterio de máxima transparencia e respecto as función e dereitos dos concelleiros. En todo caso a celeridade na entrega da documentación estará supeditada o funcionamento normal do concello na atención ó público e na resolución dos asuntos urxentes. Se unha utilización excesiva deste dereito dese lugar a unha perturbación no normal funcionamento dos servizos municipais, o Alcalde poderá adoptar-las medidas oportunas para garantir dito funcionamento, dando conta ó Pleno na seguinte seisión ordinaria que se celebre.

## **TÍTULO VI. Estatuto dos veciños.**

### ***Artigo 49.- Da participación dos veciños.***

- 1.- Os veciños do Concello da Pobra do Brollón poden participar na actividade municipal por si ou a través de organizacións veciñais ou sectoriais que constitúan e de acordo co previsto na Lei e neste regulamento.
- 2.- Son dereitos básicos dos veciños os de información, participación e asociación.
- 3.- En todo caso este Regulamento non limita os dereitos dos veciños en aqueles expedientes nos que interveñan como interesados ou afectados.

### ***Capítulo I.- Da información e participación cidadá.***

### ***Artigo 50.- Do dereito de información.***

- 1.- Os veciños do concello teñen dereito a obter do concello información veraz e completa sobre a actividade municipal e os acordos e resolucións dos órganos municipais.
- 2.- Os veciños do concello terán dereito a acceder ós expedientes e arquivos municipais nos termos que sinala a lexislación vixente.
- 3.- Os Plenos do concello serán públicos e as súas actas e as da Xunta de Goberno Local se farán públicas no taboleiro de edictos e na páxina web do concello.
- 4.- O concello creará unha base de datos de correos electrónicos dos veciños que o soliciten ós solos efectos de remitirlles copias das actas e información municipal de interese.

### ***Artigo 51.- Da participación dos veciños no Pleno.***

- 1.- Cando un veciño formule unha proposta de actuación municipal de interese xeral, o Alcalde poderá requiri-la presenza do autor na sesión do Pleno que corresponda ós efectos de explicala e defendela por si antes de que o Pleno entre no debate de dito asunto.

- 2.- Ó remate dos Plenos o Alcalde pode establecer unha quenda de rogos e preguntas polo público asistente a sesión sobre temas concretos de interese municipal. Corresponde ó Alcalde ordenar e pechar dita quenda.

## **Capítulo II.- Das asociacións de veciños.**

### **Artigo 52.- Do dereito de asociación.**

*Os veciños poderán constituír asociacións de ámbito territorial ou sectorial para a súa participación na actividade municipal e a defensa dos seus intereses.*

*A pertenza ás asociacións e libre para os veciños, e o seu funcionamento será democrático.*

### **Artigo 53.- Do rexistro das asociacións.**

- 1.- Constituirase no concello un Rexistro de Asociacións no que se incluírán aquelas legalmente constituídas que o soliciten.
- 2.- Regulamentariamente se establecerá a documentación que se precise para a inscrición das asociacións no rexistro.

### **Artigo 54.- Das relacións entre o concello e as asociacións.**

*As relacións entre o concello e as asociacións se establecen baixo os criterios de colaboración, cooperación e información mutua.*

### **Artigo 55.- Do uso de inmobles e locais.**

- 1.- O concello poderá ceder o uso de inmobles da súa propiedade ás asociacións de carácter territorial en cuxo ámbito se encontren situados mediante a sinatura do correspondente convenio.
- 2.- Igualmente, e dentro das súas posibilidades, o concello facilitará locais municipais ás asociacións de carácter sectorial que o soliciten.
- 3.- O uso destas instalacións poderá ser compartido por varias asociacións cando a súa natureza o permita.
- 4.- O concello se reservará o dereito de uso de ditas instalacións, de xeito coordinado coas asociacións ás que este adscrito.

### **Artigo 56.- Da participación das asociacións nas sesións do Concello.**

- 1.- Os representantes das asociacións poderán ser invitados a participar nas sesións das Comisións Informativas ós efectos de escoitar o seu parecer ou recibir o seu informe sobre un tema concreto que lles afecte.
- 2.- Cando algunha asociación queira efectuar unha exposición ante o Pleno en relación con algún punto da orde do día en cuxa tramitación administrativa houbera intervido como interesada deberá de solicitalo do alcalde antes do comezo da sesión. Coa autorización do Alcalde poderá expor, a través dun único representante, o seu parecer durante o tempo que o Alcalde estableza con anterioridade ó debate da proposta incluída na orde do día.

### **Artigo 57.- Dos consellos sectoriais.**

- 1.- Cando as circunstancias o aconsellen poderanse constituír consellos sectoriais para canalizar a participación das asociacións na vida municipal e coordinar a súa actividade.
- 2.- No acordo da súa creación, o Pleno establecerá a súa composición, organización e ámbito

de actuación.

- 3.- A súa presidencia corresponderá a un membro da corporación nomeado e separado libremente polo Alcalde.

### **Disposicións finais.**

#### ***Primeira.- Lexislación supletoria.***

*No non previsto neste regulamento se estará ó establecido na lexislación vixente e especialmente no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro ou normativa que o substitúa.*

#### ***Segunda.- Vixencia.***

*Este regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.*

### **1.08º.- CAMBIO DE NOME DA RÚA GUÍMAROS.**

Dáse conta da seguinte proposta do grupo Socialista dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas, e coa modificación introducida en dita comisión a proposta do grupo Popular e cos votos favorables de ámbolos dous grupos e a abstención do grupo Nacionalista:

A vista do malestar manifestado por algúns dos veciños da rúa Os Guímaros o grupo municipal Socialista propón ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

- Modificar o acordo do punto 1.12º do Pleno celebrado o día 28 de decembro de 2007 no que se refire á antiga rúa José Calvo Sotelo substituíndo o nome aprobado de rúa Os Guímaros polo nome de Avenida da Feira.

A portavoz do grupo Socialista di que se cambiou o nome en aplicación da Lei de Memoria Histórica pero que os veciños da rúa amosaron malestar e o grupo Socialista falou con eles. Que consideran que o nome non é pexorativo e se fixo unha xornada explicativa. Que posteriormente se fixo unha votación entre os veciños e a maioría estivo en contra do nome de Guímaros, e por ese motivo propoñen o cambio de ese nome polo de Avda. da Feira.

O portavoz do grupo Popular di que eles xa habían dito que había que consultar ós veciños e que podería haber malestar. E que por ese motivo fixo nun pleno un rogo de que se reconsiderase.

Polo grupo Nacionalista o seu portavoz suplente presenta a seguinte emenda:

Corría o ano 139 antes de Cristo cando un caudillo lusitano, e polo tanto celta, Viriato, foi asasinado por enfrontarse ó poder de Roma.

*Cinco anos despois, os restos do seu exército xunto cos celtas de Numancia, tras resistir á opresión romana, preferiron morrer antes que renderse.*

*Tamén os saguntinos no 219 antes de Cristo preferiron morrer antes que renderse ós cartaxineses.*

*Durante oitocentos anos resistimos ós árabes e durante seis ós franceses.*

*Tamén en Galiza nas revoltas irmandiñas resistimos á opresión de nobres tiranos como ocorreu noutras partes do país.*

*E todas estas resistencias e loitas teñen dous elementos en común. Por unha parte, non foron exércitos organizados quen as protagonizaron senón masas populares rebeladas contra a inxustiza. Pola outra, os seus descendentes, españois e galegos, están orgullosos dese carácter indomable dos nosos antepasados que dese xeito escribiron a historia do noso país.*

*Tamén na Pobra do Brollón temos a nosa pequena historia. Xunto a María Castaña, os Guímaros foron tamén quen de rebelarse contra a opresión. Non vamos a recordar a súa historia xa coñecida. Só dicir que tal vez algúns dos veciños que hoxe se opoñen ó seu nome, poida que mesmo algún concelleiro, sexan descendentes deles. E pensar que, tal vez, se levantasen a cabeza se avergonzarían do pobo que hoxe se avergonza deles.*

*Aínda que a palabra Guímaro non figura nos dicionarios castelán e galego da lingua, hai que o traduce por tozudo.*

*Só as persoas inmaduras ou inseguras se doen ó ser insultadas. Quen está seguro de si mesmo sabe que o insulto non define ó insultado senón que expresa o nivel e catadura moral de quen insulta. E os condes de Lemos opresores chamaban tozudos e rebeldes a quen loitaba con razón polos seus dereitos.*

*Rebeldes foron todos os que ó longo da historia constituíron o mundo actual. Os que paso a paso, loita a loita, con sacrificio da propia vida moitas veces, foron convertendo un mundo de escravos, de súbditos nun mundo de cidadáns con dereitos.*

*E hai que ter en conta que a tozudez, que na ignorancia é un defecto, se converte en perseveranza ou tenacidade na persoa que sabe o que quere e loita por elo.*

*Por eso nos, con perseveranza, con tenacidade, e se fixese falta con tozudez reivindicamos o nome de Guímaro e por ese motivo presentámo-la emenda seguinte á proposta:*

*Modifica-la proposta de acordo substituíndo o seu texto polo seguinte:*

*O concello da Pobra do Brollón se sinte orgulloso do seu pasado e especialmente dos devanceiros que como os Guímaros se destacaron na defensa dos dereitos do pobo.*

*Como manifestación dese orgullo o concello da Pobra do Brollón se ratifica no acordo de 28 de decembro de 2008 de dar o nome de Guímaros a rúa anteriormente denominada de José Calvo Sotelo.*

O portavoz Popular di que espera que non haxa sangue polo tema do nome, que todos están orgullosos dos Guímaros e ninguén se avergonza. Que xa o Partido Popular usou o nome no obradoiro, pero que hai que respectar a vontade dos veciños. Di que a Pobra é dos concellos que menos saen na prensa e agora saímos por esto.

O portavoz suplente do grupo Nacionalista pregunta se esta proposta concreta que se fai lle foi consultada ós veciños ou volveremos a estar na mesma situación.

O portavoz Popular di que a decisión lle corresponde ó Pleno. Que a anterior decisión foi legal pero tamén ó é cambialo.

A portavoz Socialista di que hai que separa-la historia do nome da rúa, e que xa explicou porque votaron daquela e porque agora cambian, porque sempre escoitan ós veciños. Engade que ela dirixiu na asociación cultural Samoeiro a revista Guímaro e que somos resultado de tódalas culturas sen que deba de haber imposición dun ou doutro lado.

O Alcalde di que todos din estar de acordo na historia, pero que Guímaros é o xentilicio da Pobra. Que entende que a algúns veciños poida non gustarlles o nome, pero que, respectando as posicións persoais de cada un, vinte votos non son motivo para variar un acordo do Pleno e que con esto quebra o principio de autoridade. Que a rúa é de todo o concello, e non só dos que teñen propiedades nela. Que considera que a votación non foi democrática ó poder votar só os propietarios e cun voto por familia o que non respecta as costumes democráticas. Que houbo xente non avisada e que a votación foi convocada por un partido político. Que recibiu un escrito asinado por 16 veciños da rúa non conformes coa votación realizada con voto entre os propietarios das casas da rúa e polo tanto censatario, e so un voto por familia o que considera non é democrático nin conforme co espírito da Constitución, e que hai máis de 130 sinaturas de veciños do concello a prol do nome de rúa dos Guímaros.

A portavoz Socialista di que hai teimosía non tema. Que eles escoitan á xente e que lle parece que as familias deben de ter consenso entre os seus membros para decidir. Remata dicindo que o Alcalde non acudiu ás reunións.

O portavoz Popular di que non importa o número de sinaturas xa que o Pleno cambiou o nome con seis votos e que a verdadeira estatística son as eleccións e que o Alcalde só tivo 430 votos para selo e 1.236 para que non o fose. Remata dicindo que todos temos asinado papeis e non sempre a xente sabe o que asina.

O Alcalde responde que o é co apoio lexítimo dos votos do P.S. de G.- P.S.O.E. e que non sabe se o portavoz Popular asina papeis sen léelos, que a xente que coñece si os lee. Pregunta onde está a consulta para pórllle á rúa o nome de Feira.

Sometida a votación a emenda do grupo Nacionalista se rexeita con tres votos a favor do grupo nacionalista e oito en contra dos grupos Socialista e Popular.

Sometía a votación a proposta se aproba cos oito votos a favor dos grupos Socialista e Popular e as tres abstencións do grupo Nacionalista.

Rematado o estudio da orde do día por unanimidade se acorda declarar de urxencia o punto seguinte:

### **1.09º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL.**

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro Delegado de Muller:

O concello está a realizar diversas actividades destinados ós cativos para promover a conciliación da vida laboral e familiar. Tendo establecida a Deputación Provincial unha liña de actuación para este fin, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-lo programa de actividades dirixidas á infancia no 2008 cun orzamento total de dous mil cento cincuenta euros (2.150,00 €).*

2.- *Solicitar da Deputación Provincial de Lugo ó abeiro das bases para a concesión de subvencións destinadas á promoción do ocio infantil para a promoción da conciliación familiar unha achega por importe de mil cincocentos euros (1.500,00 €) aceptando integramente as condicións de financiamento establecidas nas citadas bases.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

## **2.- PARTE DE CONTROL:**

### **2.1º.- DECRETOS DA ALCALDÍA.**

Pola Alcaldía se da conta ó Pleno dos Decretos dictados dende a última sesión ordinaria celebrada ata o día da fecha que a seguir se relacionan.

<b>DATA</b>	<b>CONCEPTO</b>
21/06/2008	<i>Habilitando a funcionario interino para substitución do Secretario</i>
27/06/2008	<i>Autorización dunha pancetada en Castroncelos</i>
01/07/2008	<i>Autorización dunha fogueira de San Xián en Eixón</i>
08/07/2008	<i>Autorización dunha pancetada na Labrada</i>
21/07/2008	<i>Autorización do uso dun local na Casa da Cultura para o 1º torneo de PES 2008</i>
29/07/2008	<i>Autorización dunha pancetada popular en Castroncelos</i>
30/07/2008	<i>Autorización do uso do Salón de Actos da Casa da Cultura ó Club de cazadores.</i>
05/08/2008	<i>Autorización de compatibilización a D<sup>na</sup>. María Luísa González Maceda</i>

08/08/2008	Autorización do uso dun local na Casa da Cultura ó P.S. de G.- P.S.O.E.
08/08/2008	Autorización dunha pancetada en Liñares

## **2.02º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

\* P-18/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo Popular:

*¿Hai algunha solución para o exceso de cans abandonados que hai no concello?*

+ A terceira Tenente de Alcalde responde:

*A canceira de Monforte está saturada..*

\* P-19/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo Popular:

*¿Está previsto o pintado da estrada da Pobra a Cereixa?*

+ A primeira Tenente de Alcalde responde:

*Ese traballo está pendente de contratación pola Deputación Provincial.*

\* P-20/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo Popular:

*¿Por qué motivo se lle denegou un punto de luz solicitado por Germán Vega Vega?*

+ O Alcalde responde:

*Este grupo de goberno, a diferenza do goberno do P.P. que poñía luces en hortas e lugares privados só os pon en lugares públicos e para a iluminación de vivendas.*

\* R-07/08

- Rogo oral que formula a portavoz do grupo Popular:

*Prego que se facilite un local no concello para os grupos políticos e para as mulleres rurais.*

+ O Alcalde responde:

*Se lles facilitará ando haxa algún dispoñible.*

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte-duas horas e dez minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a vinteoito de agosto de dous mil oito.

v. e pr.

O Alcalde,





# CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

## RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día tres de novembro de dous mil oito, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRES DE NOVEMBRO DE DOUS MIL OITO.

José Luís Maceda Vilariño  
Manuel González Moreira  
José Luís Rodríguez Franco  
Adoración Fernández González  
María Montserrat Macía Quiroga  
Javier González González  
José Antonio García Pérez  
Marisol Vázquez Salgado  
José Antonio Álvarez Sánchez  
Oliva Eva López González  
Estrella Páez Figueiras

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte horas e trinta minutos do día tres de novembro de dous mil oito, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia once, para celebrar sesión ordinaria do pleno do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

### ORDE DO DÍA:

#### 1.- PARTE DISPOSITIVA:

##### 1.01º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

+ Por unanimidade se acorda aproba-la acta da sesión celebrada o día vintenove de abril de dous mil oito tras corrixi-lo seguinte erro producido:

No punto 1.10º da orde de día, Orzamento xeral para 2008, no cadro do estado de gastos do apartado 1 do acordo, onde di:

I	Gastos de persoal	446.505,57
---	-------------------	------------

Debe dicir:

I	Gastos de persoal	448.505,57
---	-------------------	------------

+ Por unanimidade se acorda aproba-la acta da sesión celebrada o día tres de xullo de dous mil oito tras corrixi-lo seguinte erro producido:

No punto 3º, segundo acordo, onde di:

<i>Servicio</i>	<i>Nº.</i>	<i>Achega Xunta</i>	<i>Achega Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
<i>Técnico medioambiental Rede Natura 2000</i>	<i>1</i>	<i>26.286,00</i>	<i>1.460,04</i>	<i>27.746,04</i>
<i>Axuda no fogar para dependentes</i>	<i>2</i>	<i>26.639,28</i>	<i>2.373,60</i>	<i>29.012,88</i>
<i>Brigada Rehabilitación núcleos rurais</i>	<i>3</i>	<i>52.926,48</i>	<i>2.782,80</i>	<i>55.709,28</i>
<i>Arquiveiro</i>	<i>1</i>	<i>21.423,84</i>	<i>457,80</i>	<i>21.881,64</i>
<i>Total</i>	<i>7</i>	<i>127.275,60</i>	<i>7.074,24</i>	<i>134.349,84</i>

2º.- Solicitar da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia ó abeiro da orde do 5 de xuño de 2.008 (D.O.G. número 113 de 12 de xuño) unha achega por importe de cento vinte e sete mil douscentos setenta e cinco euros e sesenta céntimos (127.275,60€), aceptando integramente as condicións de financiamento establecidas na citada orde.

3º.- *Comprometerse a achegar a cantidade de sete mil setenta e catro euros e vinte e catro céntimos (7.074,24€) que lle corresponden ó Concello.*

Debe dicir:

<i>Servicio</i>	<i>Nº.</i>	<i>Achega Xunta</i>	<i>Achega Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
<i>Técnico medioambiental Rede Natura 2000</i>	<i>1</i>	<i>26.286,00</i>	<i>1.460,04</i>	<i>27.746,04</i>
<i>Axuda no fogar para dependentes</i>	<i>2</i>	<i>26.639,28</i>	<i>2.373,60</i>	<i>29.012,88</i>
<i>Brigada Rehabilitación núcleos rurais</i>	<i>3</i>	<i>54.850,20</i>	<i>2.983,08</i>	<i>57.833,28</i>
<i>Arquiveiro</i>	<i>1</i>	<i>21.423,84</i>	<i>457,80</i>	<i>21.881,64</i>
<i>Total</i>	<i>7</i>	<i>129.199,32</i>	<i>7.274,52</i>	<i>136.473,84</i>

2º.- *Solicitar da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia ó abeiro da orde do 5 de xuño de 2.008 (D.O.G. número 113 de 12 de xuño) unha achega por importe de cento vinte e nove mil cento noventa e nove euros con trinta e dous céntimos (129.199,32 €), aceptando integramente as condicións de financiamento establecidas na citada orde.*

3º.- *Comprometerse a achegar a cantidade de sete mil douscentos setenta e catro con cincuenta e dous céntimos (7.274,52 €) que lle corresponden ó Concello.*

#### **1.02º.- RATIFICACIÓN DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Visto o acordo que sigue, adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día quince de setembro de dous mil oito, propono ó pleno a súa ratificación:

- *Declarar como festas locais para 2009 as seguintes:*

<i>Día</i>	<i>Festividade</i>
<i>15 de xuño</i>	<i>Luns seguinte ó Corpus</i>
<i>27 de agosto</i>	<i>San Victoiro</i>

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Visto o acordo que sigue, adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día dezasete de outubro de dous mil oito, propono ó pleno a súa ratificación:

- 1.- Aproba-lo proxecto de funcionamento no Concello da Pobra do Brollón do servizo de axente de emprego e desenvolvemento local.
- 2.- Solicitar da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 21 de agosto de 2008 da (D.O.G. número 167/2008 de 29 de agosto) una subvención por importe do 80% dos custos do proxecto aceptando integramente as condicións de financiamento que figuran na expresada orde e as que no seu caso se determinen na resolución pola que se conceda a subvención.
- 3.- Comprometerse a financiar con cargo ó orzamento do Concello a parte dos custos non subvencionados pola Consellería.
- 4.- Dar conta deste acordo ó Pleno do Concello na seguinte sesión que celebre para a súa ratificación.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.03º.- NOVA CAPTACIÓN NO ABASTECIMENTO DE AUGA.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da primeira Tenente de Alcalde:

Visto o escrito 10.432/2008 da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Augas de Galicia) relativa á obra que se cita, propoño ó pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-la separata do proxecto de mellora do abastecemento de auga na Pobra do Brollón que inclúe a memoria, orzamento e planos.

2.- *Comprometerse a por a dispor da Administración Hidráulica de Galicia os terreos e augas necesarios para a execución da obra libres de cargas e gravames.*

3.- *Comprometerse a entrega-las autorizacións e permisos administrativos necesarios para a execución das obras.*

4.- *Renunciar á retención de calquera tipo de taxa, licencia, canon ou imposto de carácter local por mor das obras.*

5.- Comprometerse a asumi-la explotación, mantemento e conservación das obras unha vez recibidas pola Administración Hidráulica e entregadas por esta ó concello e a realizar or traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.

6.- *Dar conta desde acordo ó Pleno na próxima sesión que celebre.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.04º.- CONVENIO COA CONSELLARÍA DE VIVENDA.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

*A rúa María Castaña, nesta vila, na que se encontran as vivendas sociais, non ten aínda rematada a súa urbanización faltando a iluminación pública e o mobiliario urbano. Para completar dítos servizos, para os que o concello non dispón de posibilidades orzamentarias, compre a sinatura dun convenio co Instituto Galego de Vivenda e Solo. Consonte co anterior propoño ó pleno que adopte o acordo seguinte:*

1.- *Aprobar o convenio a asinar co Instituto Galego de Vivenda e Solo de acordo coas cláusulas que figuran a seguir.*

2.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

## **Cláusulas**

*Primeira.- obxecto*

*O presente convenio ten por obxecto o establecemento das bases para a colaboración e cooperación económica, entre o IGVS e o Concello da Pobra do Brollón, para acometer as obras de ilumina-*

*ción e dotación de mobiliario urbano en Rúa María Castaña, propiedade do Concello e onde o IGVS promoveu a construción de dous edificios.*

*A actuación respecto da cal se pretende establecer a colaboración ven definida no proxecto elaborado polo arquitecto D. Marcos Hermida Trastoy, en agosto de 2008, que se xunta como Anexo.*

*Segunda.- compromisos do Instituto Galego de Vivenda e Solo*

*O custe total das obras, tal e como se desprende do presuposto asinado polo técnico Don Marcos Hermida Trastoy, ascende a un total de 30.000,00 € (trinta mil Euros), e que inclúe o presuposto de contrata (27.790,20 €) e os honorarios dos técnicos precisos (2.209,80€) en ambos casos cos impostos incluídos.*

*O IGVS asume o compromiso de aboar ao Concello da Pobra do Brollón a cantidade correspondente ao 100 % do custo das actuacións necesarias para a execución das obras, de acordo coas seguintes consideracións:*

- a) A achega do IGVS efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 17.90.451 B.760.0, nunha única anualidade para o exercicio orzamentario de 2008.*
- b) O abono da cantidade por parte do IGVS, farase ao remate das obras, en función da correspondente certificación de obra e minutas de honorarios expedidas polo redactor e directores facultativos das mesmas e conformadas polo órgano competente do Concello, que para estes efectos, deberá remitir ao IGVS, xunto coa xustificación da realización e recepción das obras.*
- c) A cantidade a aboar polo IGVS, correspondente ao 100 % do custe total das obras de acordo co presuposto asinado polo técnico Don Marcos Hermida Trastoy, ascende a 30.000,00 € (trinta mil euros).*
- d) A cantidade máxima a aboar polo IGVS non superará en ningún caso a de 30.000 €, polo tanto de producirse desviacións á alza, entre o custe real da obra e o custe estimado no presente convenio, que supoñan que a porcentaxe do 100 % a asumir polo IGVS exceda de 30.000 €, será o Concello o que asuma a diferenza.*
- e) Calquera minoración económica, producida na execución das obras de execución da rede de saneamento, producirá a correspondente minoración da achega do IGVS, na súa porcentaxe.*
- f) Para facer efectiva a achega, o IGVS comprobará a correcta execución, por parte do Concello da Pobra do Brollón, da actuación subvencionada, nos termos establecidos no artigo 30 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*Terceira.- compromisos do concello da Pobra do Brollón*

*Coa sinatura do presente convenio, o Concello da Pobra do Brollón, que manifesta reunir os requisitos, para obter a condición de beneficiario, previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvencións de Galicia comprométese a:*

- a) Levar a cabo todas as actuacións relativas á contratación dos técnicos proxectistas, directores das obras proxectadas e coordinadores en materia de seguridade e saúde, así como as relativas á contratación das obras propiamente ditas e á obtención dos permisos e autorizacións que sexan necesarios.*
- b) Asumir o compromiso de sufragar, pola súa conta exclusivamente, unha vez producida a recepción formal das obras, os gastos de mantemento e conservación das mesmas.*
- c) Asumir o compromiso de sufragar o aumento orzamentario que implique que na proporción que asume o IGVS (100%), exceda dos 30.000 € que como máximo se compromete abonar o IGVS.*
- d) Realizar as contratacións precisas para a execución das obras de iluminación e dotación de mobiliario urbano de acordo co previsto na lexislación de contratación pública, en especial á Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.*

e) *De conformidade co artigo 45 da Lei 9/2007, o Concello da Pobra do Brollón deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio da fiscalización e control do destino das axudas ou subvencións.*

*Cuarta.- vixencia*

*O presente convenio entrará en vigor dende o día seguinte ao da data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 30 de decembro de 2008, se ben poderá ser obxecto de prórroga en virtude de causa debidamente xustificada.*

*Quinta.- causas de resolución.*

*Son causas de resolución do presente convenio:*

- *O incumprimento total ou parcial das obrigas establecidas nas cláusulas segunda e terceira*
- *O transcurso do tempo establecido na cláusula cuarta de vixencia do convenio.*
- *O mutuo acordo entre as partes*

*Sexta.- competencias de interpretación e resolución.*

*No presente acordo, correspóndelle á conselleira de Vivenda e Solo, na súa calidade de presidenta do IGVS, previos os informes a actuacións pertinentes, ostentar a prerrogativa da súa interpretación e resolver as dúbidas que xurdan respecto da súa interpretación e cumprimento, sendo as resolucións que neste senso se adopten inmediatamente executivas sen prexuízo dos recursos que se poidan interpoñer.*

*Sétima.-reintegro*

*Son causas de reintegro, da axuda percibida, as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007.*

*Oitava.- natureza xurídica*

*O presente convenio, que se explica por razóns de interese público, xa que pretende dotar do servizo alumeado público a Rúa María Castaña no núcleo urbano da Pobra do Brollón, de conformidade co artigo 44 da Lei 16/2007, do 26 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, en consonancia co artigo 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, ten o carácter de subvención concedida de forma directa.*

*Ao presente convenio non lle será de aplicación a lexislación de contratos do sector público, conforme ao disposto no artigo 4.1.c da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, coa salvidade, segundo o apartado 2 do mesmo artigo, da aplicación supletoria dos principios da lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.*

*O beneficiario da subvención terá as obrigas previstas na normativa, e en concreto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento (RD 887/2006, do 21 de xullo) nos preceptos desta normativa que resulten básicos; así como as fixadas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en particular a estipulada no art. 11.d de comunicar ao Instituto Galego de Vivenda e Solo a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as actividades subvencionadas.*

*Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.*

*Dada a natureza xurídico pública do presente documento as controversias que puidesen xurdir na aplicación do convenio serán resoltas pola xurisdición contencioso administrativa.*

*Novena.- publicidade*

*A concesión desta axuda leva implícita a autorización expresa a Xunta de Galicia para incluír e facer públicos, nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os re-*

*xistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos as axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.*

*O presente convenio, publicarase nos termos do artigo 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e do artigo 11 da Lei de transparencia e de boas prácticas da Administración.*

*Así queda redactado o presente convenio que, en proba de conformidade, asinan os compoñentes por triplicado exemplar, no lugar e data antes citados.*

O portavoz do grupo Popular pide que se se pode se arranxe a parte final da rúa na zona próxima ó río Saa.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.05º.- ORDENANZAS FISCAIS.**

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Proximamente se convocarán diversos procesos selectivos de persoal funcionario e laboral. O concello non ten regulada a aplicación dunha taxa pola participación de ditos procedementos selectivos, polo que, visto o informe de Intervención, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-la imposición da taxa pola participación en procesos selectivos para o nomeamento de persoal funcionario ou a contratación de persoal laboral fixo.*

2.- *Aproba-la ordenanza fiscal reguladora da indicada taxa co texto que se indica a seguir.*

3.- *Facela pública por prazo de trinta días hábiles a efectos de exame e reclamacións, considerándoa definitivamente aprobada se non se presenta ningunha en dito prazo.*

---

#### *ORDENANZA FISCAL NÚMERO*

*ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PARTICIPACIÓN EN PROCESOS SELECTIVOS PARA O NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO OU A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO.*

#### *ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA.*

*Ó abeiro do artigo 20 da Lei 39/1988 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais, na redacción dada polo Real Decreto Lexislativo 2/82004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que establece que as entidades locais poderán establecer taxas pola prestación de servizos de competencia municipal, o Concello da Pobra do Brollón establece a taxa pola participación nos procesos selectivos para o nomeamento de persoal funcionario ou a contratación de persoal laboral fixo que convoque o concello.*

#### *ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE*

*O feito impoñible é a participación nos procesos selectivos para o nomeamento de persoal funcionario ou a contratación de persoal laboral fixo.*

#### *ARTIGO 3.- SUXEITOS PASIVOS*

*Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas que soliciten participar nos citados procesos selectivos presentando a instancia correspondente.*

#### *ARTIGO 4.- EXENCIÓNS*

*Non se prevé ningunha exención.*

#### *ARTIGO 5º.- PREZO DO SERVIZO*

*Establécese o prezo que se indica polo servizo de que se trata.*

Concepto	Prezo
Participación en cada un dos procesos selectivos de persoal funcionario ou laboral fixo	20,00 €

**ARTIGO 6º.- OBRIGA DE PAGAMENTO**

*Nace a obriga de pagamento no momento da inscrición no proceso selectivo que se convoque. No caso previsto na disposición adicional, a obriga de pagamento nace no momento en que se obteña a documentación a que se refire.*

*En ningún caso a renuncia ou exclusión do proceso por calquera motivo será causa de devolución da taxa ou de desaparición da obriga.*

**ARTIGO 7º.- PAGAMENTO**

*O pagamento da taxa do servizo realizarase no período de presentación de instancias para a participación no proceso selectivo de que se trate. O non pagamento da taxa será motivo de exclusión no proceso.*

**DISPOSICIÓN ADICIONAL.**

*Cando para a preparación das probas selectivas o concello deba de facilitar ós aspirantes documentación ou programas en soporte informático, e os poña de maneira pública a dispor dos interesados antes da convocatoria, estes farán efectivo o pagamento da contía establecida no momento no que se lle facilite dita documentación, pagamento que terá a consideración de a conta da taxa que corresponda. A non presentación en prazo da instancia ou a renuncia a participar no proceso non suporán a devolución do importe ingresado.*

**DISPOSICIÓN FINAL:**

*A presente Ordenanza da que a redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello con data \_\_\_\_\_, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será de aplicación a partir do día \_\_\_\_\_, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

O concello está a organizar diversas actividades de lecer. Para o seu financiamento compre que os usuarios abonen un prezo pola súa participación, polo que, visto o informe de Intervención, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-la imposición do prezo público pola participación nas actividades de lecer que organice o concello.*

2.- *Aproba-la ordenanza fiscal reguladora do indicado prezo público co texto que se indica a seguir.*

3.- *Facela pública por prazo de trinta días hábiles a efectos de exame e reclamacións, considerando definitivamente aprobada se non se presenta ningunha en dito prazo.*

**ORDENANZA FISCAL NÚMERO**

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO SERVIZO DE ACTIVIDADES DE LECER.**

**ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA.**

*Ó abeiro do artigo 41 da Lei 39/1988 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais, na redacción dada polo Real Decreto Lexislativo 2/82004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que establece que as entidades locais poderán establecer prezos públicos pola prestación de servizos de competencia municipal sempre que non concorran ningunha circunstancia especificada na letra B) do artigo 20.1 da mesma Lei, o Concello da Pobra do Brollón establece o prezo público pola participación nas actividades de lecer que organice o concello.*

**ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE**

*O feito impoñible é a participación nas actividades de lecer que organice o concello nas que sexa por conta deste a contratación e pagamento do persoal.*

#### **ARTIGO 3.- SUXEITOS PASIVOS**

*Son suxeitos pasivos deste prezo público as persoas físicas que estean interesados en participar ou continuar nas actividades descritas.*

#### **ARTIGO 4.- EXENCIÓNS**

*Non se prevé ningunha exención.*

#### **ARTIGO 5°.- PREZO DO SERVIZO**

*Establécese o prezo que se indica polo servizo de que se trata.*

<i>Concepto</i>	<i>Prezo mensual</i>
<i>Participación na ximnasia de mantemento</i>	<i>Cinco euros (5,00 €)</i>
<i>Participación no curso de manualidades</i>	<i>Cinco euros (5,00 €)</i>

#### **ARTIGO 6°.- OBRIGA DE PAGAMENTO**

*Nace a obriga de pagamento dende o momento da inscrición ou prorroga nas actividades.*

#### **ARTIGO 7°.- PAGAMENTO**

*O pagamento do servizo realizarase trimestralmente antes do primeiro día de cada trimestre natural.*

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL.**

*Cando se establezan novas actividades non previstas na presente se aplicará provisionalmente o prezo establecido para actividades similares sen prexuízo de que o Pleno aprobe a correspondente modificación da presente ordenanza para recoller o novo feito impoñible.*

#### **DISPOSICIÓN FINAL:**

*A presente Ordenanza da que a redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello con data \_\_\_\_\_, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será de aplicación a partir do día \_\_\_\_\_, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da primeira Tenente de Alcalde ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

O concello está a por en marcha unha escola de música, danza e artes escénicas. Para o seu financiamento compre que os usuarios abonen un prezo pola súa participación, polo que, visto o informe de Intervención, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-la imposición do prezo público pola participación nas actividades da escola de música, danza e artes escénicas “Samoeiro”.*

2.- *Aproba-la ordenanza fiscal reguladora do indicado prezo público co texto que se indica a seguir.*

3.- *Facela pública por prazo de trinta días hábiles a efectos de exame e reclamacións, considerando definitivamente aprobada se non se presenta ningunha en dito prazo.*

#### **ORDENANZA FISCAL NÚMERO**

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO FUNCIONAMENTO DA ESCOLA DE MÚSICA, DANZA E ARTES ESCÉNICAS SAMOEIRO.**



-----  
**ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA.**

*Ó abeiro do artigo 41 da Lei 39/1988 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais, na redacción dada polo Real Decreto Lexislativo 2/82004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que establece que as entidades locais poderán establecer prezos públicos pola prestación de servizos de competencia municipal sempre que non concorran ningunha circunstancia especificada na letra B) do artigo 20.1 da mesma Lei, o Concello da Pobra do Brollón establece o prezo público pola participación nas actividades da Escola de música, danza e artes escénicas “Samoeiro”*

**ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE**

*O feito impoñible é a participación nas actividades que se desenvolverán na escola de música, danza e artes escénicas “Samoeiro”.*

**ARTIGO 3.- SUXEITOS PASIVOS**

*Son suxeitos pasivos deste prezo público as persoas físicas que estean interesados en participar ou continuar nas actividades da escola*

**ARTIGO 4.- EXENCIÓNS**

*Non se prevé ningunha exención.*

**ARTIGO 5º.- PREZO DO SERVIZO**

*Establécese o prezo que se indica polo servizo de que se trata:*

<i>Concepto</i>	<i>Prezo anual</i>
<i>Pola participación individual durante o curso nas actividades da Escola de música, danza e artes escénicas “Samoeiro”</i>	<i>60,00 €</i>
<i>Pola participación durante o curso nas actividades da Escola de música, danza e artes escénicas “Samoeiro” cando se inscriban máis dun membro da mesma unidade familiar de convivencia</i>	<i>50,00 €</i>

*Para os efectos desta ordenanza se entende por unidade familiar de convivencia a formada exclusivamente por unha parella o os fillos de calquera deles que figuren empadroados no mesmo domicilio.*

**ARTIGO 6º.- OBRIGA DE PAGAMENTO**

*Nace a obriga de pagamento no momento da inscrición ou prorroga nas actividades.*

**ARTIGO 7º.- PAGAMENTO**

*O pagamento do servizo realizarase no momento da inscrición.*

**DISPOSICIÓN FINAL:**

*A presente Ordenanza da que a redacción definitiva foi aprobada pola Pleno do Concello con data \_\_\_\_\_, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será de aplicación a partir do día \_\_\_\_\_, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.*

-----  
Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

**1.06º.- AUTOVÍA A-76.**

Dáse conta da seguinte proposta do grupo de goberno ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Analizado o proxecto da autovía a-76 ao seu paso polo termo municipal da **Pobra do Brollón** detectouse que a denominada "solución elixida", RÍO **LOR-1** (eixe 42), afecta negativamente ao interese

xeral e ao interese particular de veciños directamente afectados ao seu paso polo extremo este do municipio na zona de **A Labrada** segundo o plano de situación adxunto.

A zona de **A Labrada** é un enclave de interese turístico incluído dentro da Rede **Natura 2000**, percorrido polo río **Lor**, de importante valor piscícola, cun núcleo de poboación e con varios establecementos de hostalaría que resultan gravemente afectados polo trazado proposto. Ademais, o mencionado trazado afecta á denominada "casa dá marquesa", incluída no inventario de patrimonio histórico-artístico polas Normas Subsidiarias de planeamento provinciais que quedaría no bordo do terraplén e sen o seu acceso actual.

En este contexto a anulación da N-120 e a súa conversión en autovía incide moi negativamente na explotación racional deses valores ademais de producir dano económico a unha grande parte dos veciños da zona que se verán **abocados** directamente ao peche dos seus establecementos e perda do seu medio de vida. Esta mesma situación é predicable doutras **vilas** próximos como **Paradela**, **Castí de Lor** ou **Couceao** no municipio de **Quiroga**.

A elección de calquera das dúas alternativas de trazado consideradas no proxecto, **RÍO LOR-3** (eixe 44) ou **RÍO LOR-4** (Eixe-47), evitaría este dano permitindo ademais que o actual tramo da N-120 se mantivesese como vía de servizo **vertebradora** da zona do río **Lor** non só no tramo do noso municipio senón tamén na zona afectada do veciño municipio de **Quiroga**.

No plano e fotografías adxuntos analízanse as consecuencias do trazado proposto para a zona:

1. Todas as casas do núcleo de **A Labrada** veranse afectadas en maior ou menor medida pola ampliación da actual N-120, a súa conversión en autoestrada e a execución dos correspondentes terrapléns que serán necesarios.

2. O edificio nº 1 s/ plano adxunto, "casa dá marquesa", incluída no inventario de patrimonio histórico-artístico polas Normas Subsidiarias de plan provinciais, quedaría no bordo do terraplén e sen o actual acceso dende a N-120.

3. O edificio nº 2 s/ plano adxunto, é un establecemento de hostalaría o único acceso do cal é a través da actual N-120 e sen posibilidades de acceso dende a estrada **C-533** ao existir unha diferenza de cota superior a 10 metros.

4. O edificio nº 3 s/ plano adxunto, é unha vivenda en cuxo baixo hai un taller mecánico de automóbiles con acceso unicamente dende a N-120. O posible acceso alternativo dende a **C-533**, que sería tamén para o edificio nº 1, pasando a través do paso inferior existente non permitiría resolver o acceso a esta vivenda dada a diferenza de cotas existente que se ilustra na fotografía adxunta.

5. Os edificios nº 4, mesón-restaurant, nº 5, vivenda, nº 6, bar e nº 7, vivenda, s/ plano adxunto resultarían afectados polo terraplén quedando inutilizado para os seus usos actuais.

En consecuencia, propono ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Dirixirse ao Ministerio de Fomento a través da Demarcación de estradas de **Galicia** manifestando o que segue:*

a) *A conformidade deste concello co trazado previsto para á-76 no tramo **BROLLÓN-1** (eixe 51).*

b) *b) A desconformidade deste concello co trazado elixido para á-76 na zona de **A Labrada** proponendo e solicitando a substitución da alternativa elixida por calquera das dúas alternativas consideradas no proxecto, **RÍO LOR-3** (eixe 44) ou **RÍO LOR-4** (Eixe-47).*

2.- *Solicitar que no tramo **BROLLÓN-1** no enlace á **Pobra do Brollón** (P.K. 76 +540) se articulen solucións que faciliten a incorporación e saída de vehículos da a-76 en todas as **direccións** existentes, mesmo coa correspondente rotonda.*

3.- *Facultar o Alcalde e o primeiro Tenente de Alcalde para realizar cantas xestións sexan precisas para o cumprimento deste acordo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

## **2.- PARTE DE CONTROL:**

## **2.1º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

\* P-21/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

*Se vai abrir en Fornelas a pista ata o canal?*

+ O alcalde responde:

*En dous días se rematará.*

\* P-22/08

- Pregunta oral que formula o concelleira do grupo popular Marisol Vázquez:

*Se vai facer o rego asfáltico do camiño da Lama?*

+ A primeira tenente de alcalde responde:

*Íase facer, pero non houbo tempo.*

\* P-23/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

*Se fixo unha pista e un muro en Abrence. Vaise a formigonar?*

+ A primeira tenente de alcalde responde:

*Se fará en canto pare de chover.*

\* P-24/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

*Como está o asunto da apertura do punto limpo?*

+ A terceira tenente de alcalde responde:

*Está pendente do orzamento para facer a instalación eléctrica..*

\* P-25/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

*A empresa Escor se interesa polo camión vello do lixo. Que se pensa facer?*

+ A terceira tenente de alcalde responde:

*Se está tenteando o mercado. Eles ofrecen dous mil euros. En función deso se verá o que se fai.*

\* P-26/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

*Se acusou na prensa ó grupo popular de por obstáculos á apertura do centro de día cando en todos os plenos sempre preguntamos por que non se abre. Vaise desmentir?*

+ O alcalde responde:

*As mesmas declaracións foron feitas a tódolos medios, e ningún di iso porque non foi o que dixen. As miñas declaracións son as que reflicten os demais medios, e descoñezo por que El Progreso fixo esa interpretación.*

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte e unha horas e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a once de novembro de dous mil oito.

v. e pr.

O Alcalde,



# CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

## RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión extraordinaria de urxencia celebrada o día dez de novembro de dous mil oito, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE URXENCIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZ DE NOVEMBRO DE DOUS MIL OITO.

José Luís Maceda Vilariño  
Manuel González Moreira  
José Luís Rodríguez Franco  
Adoración Fernández González  
María Montserrat Macía Quiroga  
Javier González González  
José Antonio García Pérez  
Marisol Vázquez Salgado  
José Antonio Álvarez Sánchez  
Estrella Páez Figueiras

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día dez de novembro de dous mil oito, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia dez, para celebrar sesión extraordinaria de urxencia do pleno do Concello.

Non comparece a concelleira Oliva Eva López González.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

### ORDE DO DÍA:

#### **1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA E DA ORDE DO DÍA.**

Expostos pola alcaldía os motivos da urxencia desta sesión, por unanimidade se acorda a súa aprobación e a ratificación da orde do día.

#### **2º.- CONVENIO COA DIRECCIÓN XERAL DE DEPORTES.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

O concello ten un polideportivo que na actualidade se atopa en mal estado e que precisaría grandes e custosas reformas para mellorar ó mesmo tempo a súa seguridade. Tras diversas xestións, se acadou un compromiso da Xunta de Galicia para construír un novo mediante un convenio coa Dirección Xeral para o Deporte. Por outra parte existe un compromiso firme da Deputación a asumi-la meirande parte da achega que lle corresponde ó concello. Consonte co exposto propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Prestar aprobación ao proxecto de Convenio de Cooperación a subscribir entre a Xunta de Galicia e este concello coas cláusulas que se indican a seguir, manifestando a aceptación plena e sen reserva algunha de todas e cada unha das cláusulas que o integran.*

2.- Para a execución das obras de ampliación e reforma do polideportivo municipal en Pobra de Brollón no marco do devandito Convenio, o Concello compromete unha achega económica de cento dezasete mil novecentos sesenta euros con noventa e catro céntimos (117.960,94 €) con cargo a partida orzamentaria 452.750 que se imputarán ás seguintes anualidades:

Anualidade 2008 ..... 1.400,00 €

Anualidade 2009 ..... 116.560,94 €

A adopción deste acordo comporta a autorización e disposición dos gastos polo importe e finalidade sinalados, debendo precederse de seguido á adecuada e independente contabilización.

O Concello comprométese a formalizar os desembolsos económicos de acordo coa cláusula quinta, na que se establecen o réxime de ingreso das achegas e os prazos para a súa efectividade.

O Concello renuncia expresamente a reter da achega da corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras.

3.- Poñer a disposición da Dirección Xeral para o Deporte, os terreos de titularidade municipal sitos en Outeiro, nesta vila, cunha superficie aproximada de 2.000 m<sup>2</sup>. que se atopan libres de cargas e gravames, co exclusivo fin de posibilitar a normal execución das obras.

Os terreos para os que se adquire o compromiso de posta a disposición son aptos urbanísticamente para a execución da obra pretendida e atópanse practicamente urbanizados comprometéndose, o concello, á rematar a súa urbanización simultánea á execución das obras de construción da instalación deportiva antedita, sen que tales obras teñan repercusión económica algunha nas que sexan obxecto de contratación por parte da Dirección Xeral para o Deporte.

4.- Autorízase expresamente á Xunta de Galicia para que esta inicie, de chegar a proceder, expediente de extinción por compensación das débedas que nazan das obrigas de carácter económico as que se refiren as cláusulas terceira e quinta, apartado 2.d), do Convenio para o que se solicita a aprobación.

Así mesmo, autorízase expresamente á Xunta de Galicia, en canto administración contratante, a deducir dos importes procedentes do Fondo Nacional de Cooperación Municipal, as cantidades que o Concello tivese pendentas de aboamento.

5.- En canto ao uso das instalacións deportivas as que se refire o convenio serán observadas, as prescricións contidas na cláusula sétima do devandito Convenio.

6.- Recibidas as obras, o Concello comprométese á xestión, mantemento e conservación das futuras instalacións deportivas, sendo de conta deste a totalidade dos gastos que as mesmas xeren.

7.- Facúltase ao alcalde, tan amplamente como en dereito sexa necesario, para asistir ao acto de entrega das instalacións, acto que comportará a incorporación da obra ao patrimonio municipal.

8.- Aprobar o proxecto de reforma e ampliación do polideportivo municipal redactado polo arquitecto D.Antonio Amado Lorenzo.

**CLÁUSULAS:**

**Primeira: OBXECTO DO CONVENIO**

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e o Concello da Pobra do Brollón para a ampliación e reforma

de polideportivo municipal segundo o proxecto básico e de execución redactado por Antonio Amado Lorenzo por encargo da Consellería de Cultura e Deporte.

*Segunda: INVERTEMENTO PROGRAMADO*

O investimento estimado ao que se retire este convenio fíxase en novecentos oitenta e tres mil sete euros con setenta e sete céntimos (983.007,77 €) importe que comprende os destinados as seguintes finalidades: orzamento de contrata da obra, dirección de obra e dotación artística e do camiño de Santiago, de conformidade coas seguintes estimacións:

<i>Finalidade:</i>	<i>Importe estimado:</i>
<i>Orzamento contrata:</i>	932.413,80 €
<i>Honorarios dirección obra:</i>	37.523,97 €
<i>Dotación artística e Camiño Santiago:</i>	13.070,00 €
<i>Total</i>	983.007,77 €

*Terceira: FINANCIAMENTO.*

A Xunta de Galicia, por medio da Dirección Xeral para o Deporte, da Consellería de Cultura e Deporte, financiará con cargo aos créditos orzamentarios desta, e co fin de posibilitar a contratación das obras as que se refire este convenio a cantidade de oitocentos sesenta e cinco mil corenta e seis euros con oitenta e tres céntimos (865.046,83 €), que se imputarán as seguintes aplicacións orzamentarias e anualidades:

*Consellería de Cultura e Deporte (Dirección Xeral para o Deporte):*

<i>Aplicación orzamentaria:</i>	12.04.441A.622.1
<i>Código proxecto:</i>	2006 00 290
<i>Anualidade 2008:</i>	198.600,00 €
<i>Anualidade 2009:</i>	666.446,83 €

O Concello da Pobra do Brollón achegará con cargo aos seus créditos orzamentarios a cantidade de cento dezasete mil novecentos sesenta euros con noventa e catro céntimos (117.960,94 €), que se imputarán as seguintes anualidades:

<i>Concello da Pobra do Brollón:</i>	117.960,94 €
<i>Anualidade 2008:</i>	1.400,00 €
<i>Anualidade 2009:</i>	116.560,94 €

*Cuarta: NATUREZA DA ACHEGA ECONÓMICA MUNICIPAL E OBRAS ACCESORIAS OU COMPLEMENTARIAS*

O importe da achega municipal comprometida, e que queda reseñada na cláusula anterior, non será minorable por razón das baixas ou economías que se poidan producir como consecuencia da adjudicación do correspondente contrato administrativo de obras.

A introdución de modificacións ou aprobación de obras accesorias ou complementarias respecto do proxecto inicial que se vaia executar será competencia exclusiva do órgano de contratación, que as acordará en razón da xustificación que presenten e da súa conveniencia e oportunidade. Non obstante, o financiamento daquelas que teñan a súa orixe nunha proposta ou solicitude municipal corresponderá ao concello.

*Quinta: COMPROMISOS DAS PARTES*

5.1 - Corresponderalle á Dirección Xeral para o Deporte da Consellería de Cultura e Deporte a licitación e contratación das devanditas obras, de conformidade co proxecto

técnico identificado, así como dos servizos precisos para a dirección facultativa da obra. Da mesa de contratación das obras poderá formar parte, con voz e voto, un representante do Concello.

5.2 - O Concello da Pobra de Brollón contraerá, en virtude deste convenio, as seguintes obrigas:

a) **TERREOS**

O concello da Pobra de Brollón deberá poñer á disposición da Consellería de Cultura e Deporte os terreos precisos para realizar a actuación prevista, remitindo á Dirección Xeral para o Deporte certificación acreditativa da súa dispoñibilidade. Os terreos deberán ser de titularidade municipal e atoparse libres de cargas.

Deberán, así mesmo, ser aptos urbanísticamente para a execución da obra pretendida e estar urbanizados. Entenderanse urbanizados aqueles que se atopen dotados ao pe de parcela de subministración de enerxía eléctrica, abastecemento de auga, rede de saneamento e acceso rodado.

Os extremos anteriores serán acreditados polo concello respectivo mediante as oportunas certificacións, expedidas polos servizos administrativos correspondentes.

Cando os terreos que se poñan á disposición da administración contratante non se atopen urbanizados, o concello deberá comprometerse á súa urbanización simultánea coa execución das obras obxecto deste convenio e ao seu exclusivo cargo.

b) **LICENZAS MUNICIPAIS**

O concello será responsable de obter as autorizacións ou licenzas que foran preceptivas para a realización das obras, tanto municipais como sectoriais (estradas, costas, dominio hidráulico, etc.), e sufragar, se for o caso, e sen diminución da achega referida na cláusula terceira, as taxas ou impostos que a expedición daquelas puideran xerar.

c) **ACHEGAS ECONÓMICAS**

Para que produza efectos será preciso que este convenio sexa aprobado polo pleno do concello simultaneamente co compromiso de achega do importe que ao concello lle corresponda nas anualidades que se establecen na cláusula terceira.

O concello da Pobra do Brollón remitiralle á Consellería de Cultura e Deporte (Dirección Xeral para o Deporte) a certificación do acordo municipal ao que se refire o parágrafo anterior, así como certificacións de existencia de crédito bastante para facer fronte á anualidade do exercicio corrente e de existencia de autorización para a realización dos gastos plurianuais restantes, contraídos e contabilizados adecuadamente, conforme ao disposto no artigo 174 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A administración contratante esixirá, cando o estime pertinente, garantía bastante sobre a efectividade da achega comprometida.

d) **RÉXIME DE INGRESO DAS ACHEGAS ECONÓMICAS**

O réxime de ingreso das achegas municipais será o seguinte:

a. O importe correspondente á primeira anualidade será librado e ingresado na súa totalidade na conta corrente que para o efecto se designe, nos cinco días inmediatos seguintes ao de confección da acta de comprobación do replanteo.

b. Cando proceda, o importe correspondente a cada unha das seguintes anualidades será ingresado cada ano con anterioridade ao día 28 de febreiro.

Sexta: **PUBLICIDADE DAS OBRAS**



*Na obra fixarase un cartel informativo da natureza destas, coa indicación expresa das administracións públicas que colaboran no seu financiamento.*

*O tratamento tipográfico identificativo de ambas as entidades e dos seus logotipos ou anagramas será idéntico.*

#### *Sétima: XESTIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS*

*A xestión, mantemento e conservación da instalación deportiva, que terá como destino un uso ou servizo público de carácter deportivo, será responsabilidade exclusiva do concello, e serán de conta deste a totalidade dos gastos que xere. A asunción de tal responsabilidade producirase desde o día seguinte ao de realización da acta de recepción das obras, logo da oportuna comunicación da Dirección Xeral para o Deporte.*

*Esta circunstancia non obviará a responsabilidade que á sociedade adxudicataria lle corresponda na policía e conservación das obras ata a recepción definitiva pola administración contratante.*

*O concello garante o uso gratuíto da instalación cando se precise para posibilitar a celebración de competicións deportivas oficiais organizadas ou promovidas pola Dirección Xeral para o Deporte.*

*Así mesmo, comprométese a favorecer e facilitar a celebración de competicións deportivas de carácter oficial promovidas polas distintas federacións deportivas de Galicia. A administración contratante da instalación, por solicitude dalgunha das partes, actuará de arbitro naquelas ocasións que pola súa relevancia ou interese o demanden.*

*No suposto de que a xestión sexa encomendada a terceiros as obrigas anteriores deberán constar como carga no correspondente prego de bases.*

#### *Oitava: INDEMNIZACIÓNS*

*No suposto de que, unha vez adxudicadas as obras que se pretenden, no marco deste convenio, estas non puidesen ser iniciadas ou continuadas por inadecuación dos terreos postos á disposición da administración contratante, os prexuízos que tal circunstancia puidese xerar á sociedade adxudicataria serán indemnizados polo concello responsable.*

*No caso de que a administración contratante se vexa obrigada a facer fronte ao pago de indemnizacións por tal motivo e concepto procederá a repercutirlle ao concello ofertante dos terreos os importes aboados.*

*Igual proceder observarase nos casos en que a reclamación de indemnizacións ou aboamento de réditos veñan motivados por atrasos producidos no libramento material e efectivo das achegas económicas comprometidas polo concello.*

#### *Novena: COMPENSACIÓN DE DÉBEDAS*

*O acordo plenario de aprobación deste convenio deberá conter unha autorización expresa a favor da Xunta de Galicia para que esta inicie, de chegar a proceder, o expediente de extinción por compensación das débedas que nazan das obrigas de carácter económico as que se refiren as cláusulas terceira e quinta, apartado 2.d), tendo en conta as seguintes estipulacións:*

*Primeira.- Transcorridos os prazos que establece a cláusula quinta, apartado 2.d), a débeda do concello respectivo terá o carácter de vencida, líquida, esixible e firme e poderá precederse á súa extinción mediante compensación.*

*Segunda.- A compensación, de chegar a proceder, efectuarase pola Consellería de Economía e Facenda con calquera crédito que o debedor teña recoñecido ao seu favor pola administración contratante, en cumprimento do requisito de reciprocidade entre o acredor e o debedor.*

*Terceira.- Con carácter previo ao inicio do expediente de compensación, quedará acreditado o cumprimento dos seguintes trámites:*

- a. *Que ten mediado requirimento de pago ao concello debedor, coa advertencia do inicio do expediente de compensación, ofrecéndolle a posibilidade de efectuar o ingreso da débeda evitando a compensación. Para tal efecto outorgarase un prazo de quince días, no que o requirido poderá efectuar as alegacións que estime oportuno.*
- b. *Á vista das alegacións ou materializado o ingreso, a administración competente poderá acordar o arquivo das actuacións ou a súa continuación, segundo proceda.*
- c. *De proseguirse as actuacións, o órgano competente expedirá certificación acreditativa da débeda existente, concepto e importe, na que se consignará expresamente o seu carácter de débeda vencida, líquida, esixible e firme, así como da existencia de autorización expresa para proceder á extinción mediante compensación, continuándose o procedemento de xestión de cobro en vía executiva de acordo coa súa normativa reguladora.*

*Cuarta.- Así mesmo, o concello, no acordo plenario polo que aprobe este convenio, autorizará á Xunta de Galicia, en canto administración contratante, a deducir dos importes procedentes do Fondo Nacional de Cooperación Municipal que lle corresponda percibir trimestralmente, as cantidades que aquel tivese pendentes de aboamento.*

#### *Décima: COMISIÓN PARITARIA*

*Para o seguimento do grao de execución deste convenio e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada polos seguintes representantes das partes:*

- *Dous representantes da Dirección Xeral para o Deporte, da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia.*
- *Dous representantes do Concello da Pobra do Brollón.*

#### *Undécima: VIXENCIA*

*Os compromisos económicos contraídos manterán a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2009, sen prexuízo de que, de mediar algunha causa que o xustifique, poidan ser prorrogados, logo da tramitación do oportuno expediente administrativo.*

*As restantes obrigas manterán a súa vixencia ata o total cumprimento das previsións establecidas, de modo que se acaden os fins perseguidos por este convenio.*

*A denuncia, que requirirá o acordo previo do órgano competente da administración que a pretenda, producirá efectos aos noventa (90) días da súa presentación diante da comisión á que se retire a cláusula décima, logo da liquidación das obrigas pendentes de cumprir pola parte que a formule.*

*O incumprimento das cláusulas deste convenio será causa bastante para a súa denuncia.*

#### *Duodécima.- LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN, NATUREZA DO CONVENIO E XURISDICIÓN COMPETENTE*

*Para a confección e tramitación deste convenio observáronse as prescricións sinaladas na Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares e no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, polo que se regulan determinadas condicións de execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais e outros entes de dereito público.*

*Este convenio é de natureza administrativa e, consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.*

*En proba de conformidade, asíñase este convenio de cooperación en triplicado exemplar no lugar e data indicados.*

O portavoz do grupo popular di que esta obra supón un gran custo para o concello que nin sequera vai te-las taxas pola licenza. Que haberá tamén que facer un gasto importante para urbanizalo e vai ter un alto custo de mantemento.

A portavoz do grupo socialista pide que esta obra non teña custo para o concello xa que non que- re endebedarse por este motivo. Que a Consellaría de Educación está disposta a facer unha achega, de entre cincuenta e sesenta mil euros sen que se produza minoración na achega de Deportes, pero contra- tando unidades concretas de obra.

O alcalde di que esta é unha infraestrutura importante para o Concello tanto para a práctica do deporte como pola súa posible utilización como multiúsos para outras actividades. Engade que 117.000 euros son moito para que os achegue o concello, pero que se ten negociado coa Deputación un convenio para financiarlos. Que en todo caso a achega de Deportes é do 88% do orzamento. Remata dicindo que o custo de mantemento non será moi elevado en función do uso que teña, e que en todo caso se podería establecer unha taxa polo uso.

O portavoz popular di que se a Deputación non da a achega o concello terá que pedir un préstamo e que non entende este tipo de política que se vai sempre a última hora de xeito improvisado. Parece co- mo que a alguén lle sobrou un millón e se acordaron da Pobra.

O alcalde responde que xa hai tempo que o asunto está negociado por el e o delegado de depor- tes. Que hai fórmulas para financiar esta cantidade e que en todo caso será un incremento do patrimonio municipal.

A portavoz socialista di que lle parece unha obra excesiva por encimas das necesidades do conce- llo. Pide un compromiso firme de que a Deputación fará a achega necesaria.

O alcalde di que non é un orzamento esaxerado, xa que logo, arranxar o existente custaría máis de 300.000 € e aínda non reuniría as condicións esixibles. Di que o compromiso da Deputación para fa- cer a achega dunha cantidade moi aproximada ós 117.000 € é firme tendo o concello que aportar só unha cantidade simbólica como mostra do seu compromiso.

Sometida a votación a proposta se aproba cos seis votos a favor dos grupos nacionalista e socia- lista e catro abstencións do grupo popular.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e corenta e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organi- zación, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a once de novembro de dous mil oito.

v. e pr.

O Alcalde,



# CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

## RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de decembro de dous mil oito, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E NOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL OITO.

José Luís Maceda Vilaríño  
Manuel González Moreira  
José Luís Rodríguez Franco  
Adoración Fernández González  
María Montserrat Macía Quiroga  
Javier González González  
José Antonio García Pérez  
Marisol Vázquez Salgado  
Oliva Eva López González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e nove de decembro de dous mil oito, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilaríño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia nove, para celebrar sesión ordinaria do pleno do Concello.

Non comparecen os Concelleiros José Antonio Álvarez Sánchez e Estrella Páez Figueiras.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación,

Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

### ORDE DO DÍA:

#### 1.- PARTE DISPOSITIVA:

##### **1.01º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.**

+ Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día vinte de agosto de dous mil oito.

+ Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día tres de novembro de dous mil oito.

+ Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día dez de novembro de dous mil oito.

##### **1.02º.- RATIFICACIÓN DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Visto o seguinte acordo, adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local, propoño ó Pleno a súa ratificación.

1º.- Nomear a D. Javier González González, como representante do Concello no consello escolar do Colexio Pública da Pobra do Brollón.

Sometida a votación a anterior proposta , por unanimidade acordase a súa aprobación.

### **1.03º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.**

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro Delegado de Orzamento:

A piques de rematar o exercicio económico, como se fixo xa nos anos anteriores compre facer pequenas modificacións do orzamento para axustalo ás necesidades que se foron tendo no ano, mino-rando créditos nas partidas nas que hai sobrantes para financiar aqueles nos que compre aínda realizar gastos urxentes.

Compre sinalar que os ingresos se foron recibindo con regularidade superando amplamente os previstos no orzamento por mor dunha xestión moi eficaz na captación de recursos e de novas achegas doutras administracións, particularmente a autonómica. E que nos gastos se traballou con eficacia, efi-ciencia e imaxinación para con escasos recursos facer unha boa labor.

Polo tanto, e visto o informe de Intervención, propono ó Pleno a adopción do acordo seguinte:

1.- *Aprobar inicialmente o expediente número 2 de modificación de créditos o orzamen-to xeral para 2008 do concello da Pobra do Brollón no que se modifican as partidas que a se-guir se indican:*

Func.	Econ.	Descrición	Definitivos	Aumento	Diminución	Definitivo
011	913	Amortiz. Prestamos a medio e longo prazo de entes	2.500,00		150,00	2.350,00
111	226	Gastos diversos	1.400,00	600,00		2.000,00
111	230	Dietas	3.500,00		1.200,00	2.300,00
111	260	Outros gastos funcionamento órganos municipais	3.600,00	100,00		3.700,00
121	120	Retribucións básicas	47.080,74	636,12		47.716,86
121	121	Retribucións complementarias	65.929,97		1.800,00	64.129,97
121	131	Laboral eventual	47.446,00	6.121,00		53.567,00
121	150	Produtividade	22.168,00	6.402,28		28.570,28
121	162	Gastos sociais funcionarios e persoal non laboral	4.550,00		2.864,18	1.685,82
121	203	Aluguer Maquinaria, instalacións e útiles	0,00	1.000,00		1.000,00
121	212	Rep. edificios e outras construcións	1.000,00	1.000,00		2.000,00
121	213	Rep. maquinaria, instalacións e útiles	400,00	700,00		1.100,00
121	214	Rep. material de transporte	1.000,00	1.100,00		2.100,00
121	220	Material de oficina	11.000,00	200,00		11.200,00
121	221	Subministros	24.000,00	7.000,00		31.000,00
121	222	Comunicacións	14.000,00		300,00	13.700,00
121	224	Primas de seguros	5.000,00	60,00		5.060,00
121	226	Gastos diversos	15.000,00		1.000,00	14.000,00
121	227	Traballos realizados por outras empresas	18.668,00	5.000,00		23.668,00
121	230	Dietas	1.000,00		200,00	800,00
121	611	Outras inversións de reposición	32.086,75	25,00		32.111,75
121	625	Inv. nova en mobiliario e útiles para func. serv	0,00	3.700,00		3.700,00

Func.	Econ.	Descripción	Definitivos	Aumento	Diminución	Definitivo
121	629	Obras urbanas	18.119,30	8.388,13		26.507,43
223	131	Laboral eventual	49.103,00	575,22		49.678,22
223	213	Rep. maquinaria, instalacións e útiles	1.200,00	600,00		1.800,00
223	214	Rep. material de transporte	8.033,86	10.000,00		18.033,86
223	221	Subministrados	9.000,00	3.050,00		12.050,00
223	222	Comunicacións	715,00	335,00		1.050,00
223	224	Primas de seguros	2.000,00	3.500,00		5.500,00
223	226	Gastos diversos	423,13	200,00		623,13
313	131	Laboral eventual	1.398,93	865,00		2.263,93
313	226	Gastos diversos	8.539,37		5.622,53	2.916,84
322	131	Laboral eventual	50.958,29		6.530,00	44.428,29
322	227	Traballos realizados por outras empresas	10.850,00	4.650,00		15.500,00
322	230	Dietas	0,00	50,00		50,00
322	622	Inv. nova en edificios e outras const para func. S	5.854,23	8.844,71		14.698,94
412	226	Gastos diversos	12.000,00		7.400,00	4.600,00
412	622	Inv. nova en edificios e outras const para func. S	13.227,00		10.200,00	3.027,00
422	212	Rep. edificios e outras construcións	1.000,00		800,00	200,00
422	213	Rep. maquinaria, instalacións e útiles	200,00	2.000,00		2.200,00
422	221	Subministrados	3.000,00	1.025,00		4.025,00
432	230	Dietas	0,00	200,00		200,00
432	610	Inv. reposición en terreos	91.106,40		18.221,28	72.885,12
441	213	Rep. maquinaria, instalacións e útiles	16.000,00	9.000,00		25.000,00
441	221	Subministrados	35.000,00		5.000,00	30.000,00
441	226	Gastos diversos	2.000,00		1.000,00	1.000,00
441	227	Traballos realizados por outras empresas	23.282,00		5.500,00	17.782,00
441	600	Inversións novas en terreos	7.199,53		3.600,00	3.599,53
442	131	Laboral eventual	39.324,00		10.000,00	29.324,00
442	214	Rep. material de transporte	5.000,00		900,00	4.100,00
442	224	Primas de seguros	1.200,00	950,00		2.150,00
442	226	Gastos diversos	30.000,00		2.500,00	27.500,00
442	227	Traballos realizados por outras empresas	3.600,00		3.600,00	0,00
442	623	Inv. nova en maquinaria, instal. e útiles para	2.000,00	500,00		2.500,00
444	213	Rep. maquinaria, instalacións e útiles	23.000,00		7.000,00	16.000,00

Func.	Econ.	Descrición	Definitivos	Aumento	Diminución	Definitivo
444	221	Subministros	73.000,00	2.600,00		75.600,00
444	226	Gastos diversos	2.500,00	300,00		2.800,00
444	611	Outras inversións de reposición	50.000,00		20.000,00	30.000,00
451	131	Laboral eventual	14.831,52		2.700,00	12.131,52
451	221	Subministros	12.750,74		3.500,00	9.250,74
451	222	Comunicacións	6.000,00		2.000,00	4.000,00
451	226	Gastos diversos	46.993,00	2.000,00		48.993,00
451	489	Outras transferencias a familias e institucións	17.830,00	4.600,00		22.430,00
452	213	Rep. maquinaria, instalacións e útiles	100,00	1.000,00		1.100,00
452	221	Subministros	1.800,00	800,00		2.600,00
452	226	Gastos diversos	7.254,00		1.000,00	6.254,00
452	750	Transf. cap. A la C.A.	0,00	1.400,00		1.400,00
461	131	Laboral eventual	71.466,76	5.200,00		76.666,76
461	226	Gastos diversos	3.044,90	1.200,00		4.244,90
461	230	Dietas	1.600,00		300,00	1.300,00
511	227	Traballos realizados por outras empresas	6.000,00	6.500,00		12.500,00
511	601	Outras inversións novas	51.589,00	14.429,00		66.018,00
531	230	Dietas	1.500,00		1.500,00	0,00
533	227	Traballos realizados por outras empresas	2.559,60	1.062,50		3.622,10
911	462	A concellos	8.819,15		2.505,75	6.313,40
911	761	Transf. Cap. Deputacións, consellos e cabildos ins	11.156,49		575,22	10.581,27
		<b>Total</b>	<b>1.900.539,44</b>	<b>129.468,96</b>	<b>129.468,96</b>	<b>1.900.539,44</b>

2.- Coas anteriores modificacións, o resumo por capítulos do estado de gastos do orzamento xeral de 2008 queda como se indica.

Capítulo	Euros
<b>I</b> <b>Gastos de persoal</b>	748.599,41
<b>II</b> <b>Gastos en bens correntes e servizos</b>	528.423,26
<b>III</b> <b>Gastos financeiros</b>	40.100,00
<b>IV</b> <b>Transferencias correntes</b>	94.443,40
<b>VI</b> <b>Inversións reais</b>	473.835,16
<b>VII</b> <b>Transferencias de capital</b>	11.981,27
<b>VIII</b> <b>Activos financeiros</b>	6.146,94
<b>IX</b> <b>Pasivos financeiros</b>	2.350,00
<b>Total</b>	<b>1.905.879,44</b>

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

### **1.04º.- SUBVENCIONS.**

Dáse conta da seguinte proposta da Comisión de Subvencións ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Analizadas as solicitudes presentadas e a documentación que xuntan, e vistos os programas de actividades ou as necesidades de funcionamento de cada asociación, así como o seu ámbito e o número de persoas participantes, a Comisión, por unanimidade acorda:

1.- *Propor ó Pleno do Concello a concesión das seguintes subvencións:*

#### 1.1.- *Cultura*

##### 1.1.1.- *Funcionamento de asociacións culturais*

<i>Entidade</i>	<i>Importe</i>
<i>Asociación AMUCOFAXU</i>	1.800,00 €
<b>Asociación Veciñal Século XXI</b>	0,00 €
<i>Asociación de mulleres rurais</i>	200,00 €
<i>Asociación de veciños de Piño</i>	0,00 €
<i>Asociación de veciños Sta. Lucía de Santalla de Rei</i>	0,00 €

##### 1.1.2.- *Organización de actividades culturais*

<i>Entidade</i>	<i>Actividade</i>	<i>Importe</i>
<i>Asociación Veciños de Salcedo</i>	<i>Organización do Entroido, Gandarós e Malla</i>	900,00 €
<i>Asociación Cultural o Acivo da Estación</i>	<i>Excursión e taller de memoria</i>	145,00 €
<i>Asociación de veciños Santa María da Cabeza da Estación</i>	<i>Excursión cultural</i>	145,00 €
<i>Asociación de Veciños de Piño</i>	<i>Festa da Augardente</i>	145,00 €
<i>Asociación de veciños Século XXI de Lamaigreja</i>	<i>Magosto</i>	0,00 €
<i>Asociación de veciños Século XXI de Lamaigreja</i>	<i>Festa do Emigrante</i>	145,00€
<i>Asociación de mulleres rurais</i>	<i>Magosto</i>	0,00 €
<i>Asociación de veciños Sta. Lucía de Santalla de Rei</i>	<i>Rota dos Muíños</i>	145,00 €
<i>Asociación de veciños “A Pincheira” de Ferreiros</i>	<i>Excursión e Taller</i>	145,00 €

#### 1.2.- *Deportes*

##### 1.2.1.- *Funcionamento de asociacións deportivas*

<i>Entidade</i>	<i>Importe</i>
<i>Club Deportivo Brollón</i>	7.900,00 €

##### 1.2.2. *Organización de actividades deportivas*

<i>Entidade</i>	<i>Actividade</i>	<i>Importe</i>
-----------------	-------------------	----------------



<b>Asociación de veciños da Ferreirúa</b>	<i>Carreira e maratón</i>	<i>1.030,00 €</i>
<i>Asociación veciños Sta. Lucía de Santalla de Rei</i>	<i>Xadrez para todos</i>	<i>190,00 €</i>
<i>Club Guímaro Motor</i>	<i>Actividades deportivas</i>	<i>1.030,00 €</i>

2.- Elevar esta proposta ó pleno do Concello para a súa aprobación.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

## 2.- PARTE DE CONTROL:

### 2.1º.- DECRETOS DA ALCALDÍA.

Pola Alcaldía se da conta ó Pleno dos Decretos dictados dende a última sesión ordinaria celebrada ata o día da fecha que a seguir se relacionan.

<i>Data</i>	<i>Concepto</i>
25/08/2008	<i>Concesión anticipo a persoal do concello</i>
29/08/2008	<i>Aprobación pregos condicións servizo “Vixilancia sanitaria de augas de consumo humano”</i>
04/09/2008	<i>Delegación funcións por vacacións alcalde en 1ª tenente de alcalde</i>
10/09/2008	<i>Autorización ocupación local Casa Cultura Asociación Mulleres Rurais</i>
15/10/2008	<i>Autorización ocupación local Casa Cultura Asociación Piñeiro de Castroncelos</i>
17/11/2008	<i>Aprobación proxecto “Iluminación e dotación mobiliario rúa Mª Castaña”</i>
27/11/2008	<i>Aprobación lista provisional concurso traballador social</i>
10/12/2008	<i>Aprobación lista definitiva concurso traballador social</i>
13/12/2008	<i>Autorización ocupación casa cultura reunión membros xunta xestora asociacións</i>
16/12/2008	<i>Autorización Cura Párroco Pobra do Brollón para uso traxes reis magos</i>
19/12/2008	<i>Concesión Gratificación a persoal do concello por servizos fora xornada traballo</i>
19/12/2008	<i>Concesión gratificación a persoal do concello por servizos fora xornada traballo</i>
19/12/2008	<i>Concesión gratificación a persoal do concello por substitución vacacións</i>
19/12/2008	<i>Concesión gratificación a persoal do concello por servizos fora xornada traballo</i>
19/12/2008	<i>Concesión gratificación a persoal do concello por servizos fora xornada traballo.</i>
19/12/2008	<i>Concesión gratificación a persoal do concello por substitución baixa médica secretario</i>
19/12/2008	<i>Concesión gratificación a persoal do concello por actividades fora xornada traballo</i>
19/12/2008	<i>Concesión gratificación a persoal do concello por servizos prestados fora xornada traballo</i>
23/12/2008	<i>Nomear a D. José Simal Gándara traballador Social</i>

### 2.2º.- ROGOS E PREGUNTAS.

\* P-21/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

*Cando está prevista a posta en marcha do parque empresarial?*

+ A primeira tenente de alcalde responde:

*Para poder poñelo en marcha se precisa a elaboración dun plan especial para o que xa se está en negociacións con Urbanismo.*

\* P-22/08

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

*Hai xa data para a apertura do centro de día?*

+ O Alcalde responde:

*Hoxe mesmo estiven no Consorcio. O Xerente me anunciou que sería o mesmo día que o de Pantón e outros. Estes días se dotou de máis mobiliario e se vai humanizar e facer una campaña para que se apunten os interesados.*

- O portavoz popular pregunta:

*Como se seleccionará o persoal?*

+ O alcalde responde:

*Segundo a información que temos, nun primeiro momento se chamará ás listas de espera que ten o Consorcio, pero que logo se fará concurso oposición específico.*

- O portavoz popular di:

*Ademais de nos usuarios, hai que pensar nas expectativas que moitos veciños teñen de postos de traballo. Insisto en que se teñan en conta as aspiracións dos traballadores do concello. O centro non o fixo o Consorcio se non que lle foi cedido e polo tanto hai que facer que ese patrimonio reverta nos veciños, tanto usuarios como traballadores.*

+ O alcalde responde:

*Eu tamén quero que os traballadores do centro sexan veciños do concello pero iso é algo que legalmente non se pode esixir. A selección de persoal será obxectiva e legal, e se como consecuencia ven xente de fora a vivir ó concello, tampouco é malo. Farase unha selección para este centro. O das listas é unha solución provisional.*

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte horas e cincuenta e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a oito de xaneiro de dous mil nove.

v. e pr.

O Alcalde,